

## ACTA Nº 55 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

**LUGAR:** Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

**DATA:** 9 de xullo de 2024

**HORA DE COMEZO:** 12:00 h.

**HORA DE REMATE:** 14:00 h.

### ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)  
Brao Viña, Ana M<sup>ª</sup> (PAS)  
Campos Magdaleno, María (PDI)  
Dosil Díaz, Carlos (PDI)  
López Gómez, Santiago (PDI)  
López Rúa, Paula (PDI)  
Romero Castro, María José (PDI)  
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)  
Sarceda Gorgoso, María Carmen (PDI)  
Simil Romero, Isabel (Representante de estudantes)  
Souto Seiño, Alba María (PDI)

### ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (achégase acta nº54)

2. Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, sobre a marcha do curso 2023-2024. Análise, reflexión e acordos a tomar.
3. Informe da Coordinación de Título do Máster en Profesorado de Secundaria.
4. Informe da Coordinación de Título do Máster DAEN.
5. Informe de execución do Plan FORTE no curso 2023-2024. Análise e reflexión sobre a eficacia do Plan, e acordos a tomar (achégase informe).
6. Informe sobre a xornada de benvida para o curso 2024-25 para o alumnado dos graos.
7. Debate e aprobación, se procede, da actualización do documento-guía con orientacións para profesorado de nova incorporación.
8. Aprobación, se procede, da enquisa para detección de necesidades de formación do profesorado e procedemento de aplicación.  
(<https://forms.office.com/e/c9WfxAuETU> )
9. Aprobación, se procede, do documento de funcións de delegados/as (achégase documento).
10. Rolda aberta de intervencións.

#### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, dá a palabra á secretaria, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións á acta da sesión ordinaria do 23 de maio de 2024 (acta nº 54). Sométese a aprobación esta acta e apróbase por asentimento.

#### **2. Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, sobre a marcha do curso 2023-2024. Análise, reflexión e acordos a tomar.**

A presidenta da comisión dá a palabra as coordinadoras Alba Souto (Grao en Mestre/a de Educación Infantil) e María Campos (Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao), que comezan agradecendo o labor das coordinacións de curso de ambas titulacións para a elaboración dos informes. A continuación fan un resumo do mais salientable de ditos informes. Os informes completos atópanse nos Anexos.

A profesora Paula López intervén remarcando que en ambos informes se fai referencia a queixas de alumnado e profesorado sobre problemas de convivencia, e suxire facer máis visible a normativa de convivencia da USC, a modo de resumo das normas máis

salientables, nas presentacións da xornada de benvida, nas aulas de coordinación dos diferentes cursos, etc., para que os diferentes colectivos da Facultade as teñan presentes.

### 3. Informe da Coordinación de Título do Máster en Profesorado de Secundaria.

A presidenta da Comisión dá a palabra ao profesor Carlos Dosil, coordinador do Master na FFP, quen comeza sinalando que este curso foi atípico porque houbo un novo nomeamento na Coordinación do Master no Campus de Santiago o que dificultou nalgúns momentos a coordinación entre ambos campus e a marcha habitual do Master. Agarda que, cara ao curso que ven, estas pequenas cuestións melloren.

O profesor Dosil continua facendo un resume dos datos máis salientables do curso: alumnado de nova matrícula (60 estudantes); dispensas de asistencia a clase concedidas (21 estudantes con dispensa: 5 da especialidade Ciencias Experimentais, 14 de FP, e 2 de Linguas e Literaturas Estranxeiras); TFM defendidos en setembro (20 traballos: 6 da especialidade de Ciencias Experimentais, 11 de FP e 4 de Linguas Estranxeiras), TFM defendidos en febreiro (3) e TFM defendidos en xullo (34 traballos: 11 de Ciencias Experimentais, 11 de FP e 12 de Linguas Estranxeiras); titorización de TFM (84 traballos por titorizar, non habendo suficientes profesores que poidan asumir titorización dentro do seu POD, feito que obrigou a que os docentes voluntariamente aceptasen alumnos a maiores).

Entre as actividades do curso destacan: a elección de delegado de curso, animando a participación, e unicamente habendo un candidato elixido dentro dunha das especialidades, quedando sen representantes as outras dúas; o acto de inauguración do curso, cunha charla de benvida ó alumnado, a cargo do profesor Juan Carlos Rodríguez, antigo docente no Máster e na actualidade Xefe de estudos no instituto Lucus Augusti, e cunha exposición das directrices que debe ter en conta o alumnado para a realización do Máster, na que a maior parte das dúbidas estiveron relacionadas con temas de dispensa de asistencia e temas de prácticum; e as accións formativas “Educación e Intelixencia Artificial”, impartida pola profesora da USC, Sonia Valladares, e “Xestión da información cara a elaboración do TFM. Busca e citación”, impartida polo director da biblioteca da FFP, César Gómez, dirixidas ambas a alumnado dos Campus de Santiago e Lugo de xeito virtual.

De cara a vindeiros cursos, o profesor Dosil, apunta varios temas para reflexionar:

- O elevado número de dispensas de asistencia a clases concedidas, que provoca que unha gran porcentaxe de alumnos matriculados no Máster non asistan ás clases
- O grao de implicación do profesorado no funcionamento do Máster así como na organización dos tribunais dos TFM.

- O impacto que ten a Intelixencia Artificial (IA) na elaboración dos traballos do alumnado e a necesidade de dotar de estratexias e pautas concretas ao profesorado para poder detectar e actuar en caso de plaxio.

Destes tres puntos reflexiona e destaca o incremento de estudantes matriculados en TFM cada curso debido ao número de repetidores nesta materia, o que supón a dificultade de organización nesta materia (titores, tribunais, etc.) dado o baixo número de profesores dispoñibles. Sinala tamén a baixa implicación no Master de parte do profesorado e do alumnado, motivado seguramente neste último caso polo elevado número de dispensas concedidas, polo que habería que revisar os criterios de dispensa coa nova coordinación do Campus de Santiago. Por último, reflexiona sobre a importancia da IA na elaboración dos TFM e como actuar en caso de detección de plaxio.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, subliña a dificultade de formar tribunais para a defensa dos TFM, e lembra que é unha obriga do profesorado participar neles. Propón como iniciativa solicitar xustificación documental ao profesorado que indique que no ten dispoñibilidade, como xa se fai nos Graos impartidos na FFP.

A profesora Olaya Santamaría aporta algunhas ideas sobre a elaboración dos TFM e o plaxio segundo a súa experiencia profesional. Suxire elaborar unha guía con liñas estratéxicas que sirva para que todo o profesorado vaia na mesma dirección, como marcar unha porcentaxe de falta de orixinalidade para considerar aceptado ou non o traballo para defensa.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, e a responsable de Calidade, Paula López, reflexionan sobre a inclusión desta proposta como acción de mellora aberta para o vindeiro curso.

A coordinadora da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Primaria, María Campos, indica que estas recomendacións para elaboración dos TFM poderían ser adecuadas para incluílas na guía do profesorado de nova incorporación no apartado de titorización de TFG. A coordinadora da titulación de Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Alba Souto, tamén concorda con esta suxestión. Relacionado con isto débátese a detección de plaxio e a utilización da IA na elaboración de traballos para as materias das diferentes titulacións. Suxírese darlle máis peso ao seguimento do traballo e a súa trazabilidade.

#### 4. Informe da Coordinación de Título do Máster DAEN.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, como coordinadora do Master de Dirección de Actividades Educativas na Natureza, fai o seguinte resumo do informe:

No curso 2023-24 matriculáronse un total de 24 alumnos e alumnas dos que 5 son repetidores, 4 deles só co TFM. No relativo ao alumnado de novo ingreso, aínda que inicialmente se preinscribiron máis de 25 estudantes, e que nalgún momento chegaron a cubrirse 24 prazas, finalmente, tras varias anulacións de matrícula, cubríronse 19 das 25 prazas, e unha das alumnas, malia permanecer matriculada, abandonou as clases ao pouco do comezo de curso por problemas de saúde. Por este motivo, finalmente sitúase en 18 o número de estudantes de novo ingreso. Tendo en conta esta situación, haberá que poñer os medios para cubrir o vindeiro curso as 25 prazas.

Polo que respecta a saídas e prácticas de campo, e conferencias a cargo de profesionais externos, desenvolveuse toda a actividade segundo o previsto, non tendo que destacarse ningunha incidencia máis aló do aprazamento dunha actividade por cuestións climatolóxicas

En canto ao Prácticum, o alumnado realizou 100 horas de prácticas entre o 18/03/2024 e o 28/05/2024. A supervisión na facultade correspóndelle ás áreas de DOE e THE, levando esta última a coordinación. Participaron centros de prácticas de Lugo, tanto capital como provincia, Carballo, Ares, Mallorca, Navarra e Barcelona.

No que ten que ver cos TFM, nesta convocatoria de xullo está previsto que o defendan 7 alumnos e alumnas.

Por último, no relativo ás incidencias xerais, destaca a dificultade para tramitar a documentación para o alumnado de fóra da Unión Europea (que non ten dobre nacionalidade) dadas as demoras que se orixinan, xunto coas dificultades para comprender o idioma, debéndoselle prestar especial atención a estes casos ao inicio de curso para poder ter resolto todo a tempo.

#### **5. Informe de execución do Plan FORTE no curso 2023-2024. Análise e reflexión sobre a eficacia do Plan, e acordos a tomar (achégase informe).**

A presidenta da Comisión dá a palabra á vicedecana Paula López. A profesora López, Responsable de Calidade do Centro, solicita que conste como anexo á acta o informe completo de execución do Plan FORTE no curso 23-24, o cal abrangue, neste curso por vez primeira e atendendo á Fase II do desenvolvemento do Plan, tanto aos Graos de Primaria e Infantil e ao Dobre Grao como aos dous Mestrados. No informe (anexado á convocatoria da reunión e nos Anexos desta acta) proporciónanse datos sobre a posta en marcha de todas as actividades levadas a cabo nas diferentes liñas do Plan en Graos e Mestrados, que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, tendo en conta, por exemplo, o interese da actividade para a formación ou orientación do estudantado, os datos de participación na mesma, a resposta ou acollida

da actividade por parte do alumnado, os datos das enquisas de satisfacción coa actividade (de habelas), as incidencias detectadas, etc.

Destaca como novidades no curso 23-24 a sesión informativa sobre mobilidade a cargo da RAM da Facultade, a xornada formativa sobre elaboración de TFGs e TFM's organizada pola profesora Anastasiia Ogneva, e a xornada "Falando de ensino coas organizacións sindicais" organizada dende o Decanato, así como a continuidade do Forinnova nas I Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa ("Forinnova Lite"). Todas estas actividades foron desenvolvidas con éxito e recoméndase, na medida do posible, a súa continuidade. Suxire a posibilidade de estender a xornada informativa sobre as oposicións ao Mestrado de secundaria, ou organizar algún tipo de actividade similar no Mestrado.

Para rematar, a profesora Paula López agradece a todas as coordinacións de curso e de título o traballo desenvolvido recompilando os datos necesarios para a elaboración do informe, e suxire que, independentemente de que o informe se anexe á acta da reunión da Comisión, o documento se colgue tamén separadamente na intranet da facultade, na sección de acción tutorial, de xeito que resulte máis doado acceder a el, tendo en conta que os mestrados irán no vindeiro curso a avaliación externa cos informes do curso 23-24, e tamén para que o PDI que colaborou cubrindo as táboas nas aulas de coordinación de curso comprobe que as súas iniciativas teñen visibilidade (poderíase informar ao PDI en Xunta de Facultade).

Analizadas no seu conxunto as liñas do Plan por parte dos membros da Comisión de Calidade, e revisada a eficacia das diversas actividades que o compoñen, a Comisión valora positivamente as diferentes iniciativas do Plan, e acorda continuar coa súa implementación no curso 2024-25, desenvolvendo as liñas do Plan coas mesmas actividades ou outras de similar natureza, coas actualizacións e axustes pertinentes. Asimesmo, acorda seguir facendo un seguimento das condicións de desenvolvemento do Programa de Alumnado Titor da USC para valorar a súa continuidade no Plan FORTE.

## **6. Informe sobre a xornada de benvida para o curso 2024-25 para o alumnado dos graos.**

A presidenta da Comisión cede a palabra ao vicedecano Santiago López, quen sinala que despois de intercambio de conversas e correos coas coordinadoras das titulacións dos graos, Alba Souto e María Campos, e a vicedecana da FFP, Paula López, decidiron facer unhas xornadas similares a cursos precedentes o día 9 de setembro, tendo en conta posibles melloras como actualizar as presentacións utilizadas nesta xornada, ou facer, de cara ao curso 25-26, un vídeo curto, incluso en 3D, dun percorrido virtual pola Facultade para mostrar ao alumnado. Tamén indica que xa está dispoñible toda a información importante sobre o novo curso 24-25 (datas de xornada de acollida, horarios do curso, etc.) na páxina web da Facultade antes do período de matriculación.

**7. Debate e aprobación, se procede, da actualización do documento-guía con orientacións para profesorado de nova incorporación.**

A presidenta da Comisión dá a palabra á vicedecana Paula López, quen lembra que xa está dispoñible nas aulas de coordinación o documento-guía elaborado con orientacións para profesorado de nova incorporación. Sinala que cómpre actualizalo para o novo curso 24-25 e compárteo cos membros da Comisión para revisalo. Unha vez actualizado e aprobado, decídese que pode ser enviado aos novos docentes da Facultade.

**8. Aprobación, se procede, da enquisa para detección de necesidades de formación do profesorado e procedemento de aplicación (<https://forms.office.com/e/c9WfxAuETU>).**

A presidenta da Comisión dá a palabra á vicedecana Paula López, quen lembra que no mes de marzo enviárase aos membros da Comisión unha proposta de enquisa (dispoñible na ligazón anterior) para coñecer as necesidades de formación do profesorado da Facultade. Despois da conformidade coa enquisa, apróbase enviala a todo o profesorado da FFP na segunda quincena de outubro, para ter tempo de analizar a información obtida e propoñer accións formativas en diferentes eidos, como as TICs e a educación ou estratexias de ensino-aprendizaxe.

**9. Aprobación, se procede, do documento de funcións de delegados/as.**

A presidenta da Comisión cede a palabra á vicedecana Paula López, quen comenta a versión preliminar deste documento de funcións de delegados/as como ferramenta de axuda as coordinacións de curso, elaborado xunto coas coordinadoras de titulación dos Graos da FFP. A profesora López suxire que estea dispoñible como documento de referencia nas aulas de coordinación de curso tanto para o profesorado como para o alumnado. Tamén indica que sería pertinente engadilo ao documento marco das coordinacións.

Apróbase este documento base co compromiso de que se irá axustando, matizando e enriquecendo segundo ás necesidades.

**10. Rolda aberta de intervencións.**

A presidenta da Comisión agradece ás coordinacións de curso, de titulacións e de Prácticum todo o traballo desenvolvido durante o curso.

Tamén informa dos datos do informe da CIUG sobre o resultado do primeiro chamamento con data de matrícula 10 e 11 de xullo, indicando que xa están pechados os títulos de Grao da FFP, cunhas notas de corte de 11,43 no Dobre Grao, 8,46 en Infantil e 9,06 en Primaria. A vicedecana, Paula López, comenta que hai un número moito maior de estudantes



convocados/as a matrícula que prazas dispoñibles na FFP, e que, se finalmente se matriculan a meirande parte deles/as, suporá un problema de masificación na FFP, como nos cursos anteriores, que está a provocar as queixas do alumnado. Decídese volver a enviar un escrito á Universidade para solicitar axustar ás prazas ofertadas.

A presidenta da Comisión tamén lembra que noutra xuntanza anterior da Comisión de Calidade aprobáranse dúas iniciativas. Unha relacionada coa publicación de dous libros de propostas innovadoras, un vinculado aos Graos e outro aos Mestrados. Despois da resposta do profesorado decídese facer unha única publicación que recolla estas experiencias. Os coordinadores desta publicación son os profesores Carlos Dosil e Alba Souto. O profesor Dosil informa que hai sete capítulos enviados e que se estima que sexan un total de doce.

Con respecto á outra iniciativa aprobada, a convocatoria de microproxectos de investigación, Carmen Sarceda informa que aínda non se avanzou nela e que queda pendente para o inicio do curso 24-25.

A presidenta Sarceda tamén indica que outra das cuestións pendentes son as axudas SICUE. Sinala que nestes momentos hai un problema moi importante derivado da limitación de matrícula en determinadas materias que están a facer moitas das facultades receptoras do alumnado da FFP. Esta situación provocou a dimisión do coordinador SICUE da Facultade. Para explicalo con máis detalle dá a palabra á xestora do centro, Ana Brao, que sinala que tiveron problemas para facer os acordos xa que varias das Universidades coas que se tiña convenio restrinxiron as materias nas que se podía matricular o alumnado de intercambio, sen informar previamente. Isto complica cubrir os créditos/materias compatibles co plan de estudos da titulación na FFP. Unha solución sería non renovar os convenios con estas Universidades, a pesares de que soen ser as máis demandadas polo alumnado. Despois de discutir varias opcións suxírese facer unha táboa de convalidacións de materias das diferentes Universidades (facultades) coas que se ten convenio, para que o alumnado decida se lle é de interese facer ou non o intercambio nesa universidade.

A presidenta da Comisión tamén informa que na Resolución de Boas Prácticas 2023 se premiou á Facultade con 674,82 euros por participación do alumnado nas enquisas de satisfacción da Área de Calidade da USC.

A coordinadora de Practicum, Olaya Santamaría, traslada unha consulta de parte do alumnado referida a se hai convocatorias de bolsas de transporte na USC, para poder facer prácticas en centros rurais. Varios membros da comisión sinalan que non, pero a xestora do centro, Ana Brao, suxire falar con Campus Terra para solicitar esa axuda.

O vicedecano Santiago López informa que hai 71 respostas á solicitude de autorización para enviar enquisas feita ao futuro alumnado egresado da Facultade.





Sen mais intervencións a presidenta da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Vº e Prace da Presidenta

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Asdo: M. Carmen Sarceda Gorgoso

## ANEXOS

- **Informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria, do curso 2023-2024.**
- **Informe de execución do Plan FORTE no curso 2023-2024.**

**INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO, CURSO 2023-2024:**  
**GRAO DE MESTRE/A EN EDUCACIÓN INFANTIL**  
**ALBA MARÍA SOUTO SEIJO**

En liñas xerais, o curso académico 2023-2024 transcorreu sen incidencias salientables. Seguidamente, expónse unha síntese dos informes das coordinacións de curso sobre a marcha do presente curso. Os informes completos inclúense no Anexo I<sup>1</sup>. Agradécese ás coordinadoras de curso a súa labor.

## **1. Informes das coordinación sobre a marcha do curso académico**

### **1.1. Actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado**

#### **Primeiro curso**

No primeiro curso leváronse a cabo 7 actividades (5 no primeiro cuadrimestre e 2 no segundo cuadrimestre).

- 1º cuadrimestre: unha das actividades desenvolvidas foi o “Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica”, que tivo lugar no primeiro mes de curso (materia vinculada: *Infancia, Familia e Escola*). Así mesmo, no marco das materias *Didáctica e Profesión Docente* e *Socioloxía da Educación* o estudiantado participou en diferentes actividades: unha actividade transversal (sesión informativa sobre actividades de voluntariado no Campus de Lugo) e tres actividades con profesionais externos (impartidas por Ramón Peña e Héctor Méndez -responsables do Plan Director-, David Pernas -director de Trinke Trinke- e Bibiana Marful -fundadora e coordinadora pedagóxica de “Nenea, medrar creando”-).
- 2º cuadrimestre: durante o segundo cuadrimestre desenvolvéronse dous proxectos de Aprendizaxe-Servizo: “Traballando a inclusión” (realizado coa delegación provincial da ONCE en Lugo) vinculado á materia de *Psicoloxía da Educación*, e “Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos

---

<sup>1</sup> No caso do primeiro curso achégase a acta da reunión de coordinación que tivo lugar conxuntamente co primeiro curso de primaria e dobre grao.

interactivos e audiovisuais” levado a cabo na materia de *Procesos de mellora e usos das TIC*.

A valoración que fixo o alumnado de todas as actividades foi moi positiva, polo que se espera a súa continuidade.

## Segundo curso

No segundo curso levouse a cabo unha sesión con profesionais externos (impartida por Héctor Méndez) onde se abordou a temática do acoso escolar, vinculada á materia *Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais*.

## Terceiro curso

No terceiro curso leváronse a cabo 3 actividades con profesionais externos (todas no segundo cuadrimestre). Concretamente, no mes de febreiro, parte do alumnado da materia de *Teoloxía Católica e a súa Pedagogía* participou na sesión impartida por María José López Cabezón. Así mesmo, dende a materia *Literatura Infantil e Dramatización*, o estudantado participou en dúas actividades: «Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy» (impartida por Doris Paz) e «O teatro para a primeira infancia: a experiencia de Caramuxo» (impartida por Laura Sarasola, integrante de Caramuxo Teatro).

## Cuarto curso

No cuarto curso rexistráronse 5 actividades (4 desenvolvéronse no primeiro cuadrimestre e 1 no segundo cuadrimestre). No mes de setembro o alumnado participou en dúas actividades: visita á exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA (materias vinculadas: *Deseño e elaboración de Materiais Didácticos e Identidade de Xénero e Educación*), e saída de campo polos arredores da cidade de Lugo (materia vinculada: *Educación en Contextos Rurais*). No mes de novembro, o estudantado participou en dúas actividades con profesionais externos: Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT), impartiu unha conferencia no marco da materia *Xogo Infantil*; e David Posada Fernández, logopeda, impartiu a charla titulada “Patoloxías Vocais na Docencia” no marco da materia *Educación Vocal para Docentes*. Finalmente, no mes de maio, e no marco das materias *Deseño e elaboración de Materiais Didácticos e Educación en Contextos Rurais*, o alumnado asistiu á

emisión en directo do relatorio "Cos ollos de Frato. Conversa-coloquio con Francesco Tonucci".

Cómpre salientar que no primeiro semestre tamén se ofertou a xornada formativa “Como facer o TFG/TFM en educación”, e o “Curso de competencias en información”, organizado pola biblioteca do centro e dirixido a alumnado que está a piques de realizar seu TFG.

## 1.2.Resultados das enquisas de coordinación de curso feitas ao alumnado

No primeiro semestre, distribuíronse as enquisas naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG e, no segundo semestre, concretamente no mes de abril, creáronse as enquisas en liña para cada curso.

Co fin de obter o maior número de respostas, facilitouse ao alumnado a ligazón á enquisa publicada na páxina de coordinación de cada curso no Campus Virtual e tamén se intentou contactar con algún docente para que puidese ceder algúns minutos da súa clase a fin de que os estudantes puidesen cubrir as enquisas.

O número de respostas obtidas foi o seguinte: primeiro curso (47), segundo curso (29), terceiro curso (42) e cuarto curso (47 primeiro semestre; 2 segundo semestre). A continuación, sintetízanse os resultados obtidos (de acordo coa análise realizada polas coordinadoras de curso).

### Primeiro curso

No primeiro curso do Grao en Mestre de Educación Infantil obtivéronse 47 respostas. Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como os “espazos para a docencia” (79% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito), os “recursos técnicos para a docencia” (81% bastante satisfeito e 11% moi satisfeito), a “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (72% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito), a “adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (79% bastante satisfeito e 15% moi satisfeito), e os “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (81% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “horarios lectivos” (28% pouco satisfeito e 9% nada satisfeito), e ao “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (21%

pouco satisfeito e un 2% nada satisfeito). A observación máis repetida fai referencia á distribución horaria das clases.

### Segundo curso

No segundo curso do Grao en Mestre de Educación Infantil obtivéronse 29 respostas, un 25% do alumnado de 2º de Infantil, a maioría están moi satisfeitos ou bastante satisfeitos en todas as preguntas excepto en horarios lectivos por ter moita carga algúns días.

### Terceiro curso

No terceiro curso do Grao en Mestre de Educación Infantil obtivéronse 42 respostas. Aínda que en todas as respostas predominan as porcentaxes positivas (bastante ou moi satisfeito) sobre as negativas (pouco ou nada satisfeito), é evidente que hai moito que mellorar no apartado dedicado aos horarios (21% nada satisfeito e 26% pouco satisfeito). Tamén hai certa marxe de mellora en “espazos para a docencia” (7% nada satisfeito e 30% pouco satisfeito) e “recursos técnicos para a docencia” (30% pouco satisfeito).

### Cuarto curso

Na enquisa do segundo semestre recolléronse un total de dúas respostas. Por estas razóns, o valor informativo das mesmas é limitado e non permite sacar conclusións. Na enquisa do primeiro semestre rexístranse 47 respostas. O alumnado móstrase bastante satisfeito cos espazos para a docencia, os recursos técnicos para a docencia, e a adecuación dos contidos e metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas. As cuestións nas que se percibe menor satisfacción son o número de alumnos nas sesións; os horarios lectivos e a carga de traballos.

## RESULTADOS XERAIS

En xeral, os resultados amosan que o alumnado está satisfeito cos diferentes aspectos polos que se lles pregunta. As cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos horarios e á carga de traballo autónomo das materias cursadas. Cómpre salientar que, unha vez analizados os resultados, as coordinadoras de curso enviaron ao alumnado unha mensaxe para compartir os resultados e agradecer a súa participación.

### **1.3.Incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado**

#### **Primeiro curso**

O profesorado sinala a baixa participación do alumnado nas aulas e o pouco interese para tomar apuntamentos. Así mesmo, varios docentes informan de problemas de comportamento e convivencia que dificultan a súa labor.

#### **Segundo curso**

O profesorado suxire facer unha guía de boas prácticas a ter en conta. Percíbese a necesidade de reforzar as titorías presenciais ante a gran demanda de resolución de dúbidas por correo electrónico.

#### **Terceiro curso**

Cristina Martínez Tejero, profesora de Literatura Infantil e Dramatización (materia obrigatoria de 3º de Educación Infantil), comenta que durante a avaliación da primeira oportunidade o alumnado lle transmitiu que o exame desta materia foi o último e iso impediulles preparalo adecuadamente. A profesora propón que, ao ser unha materia obrigatoria, debería tal vez pensarse en que o exame estea mellor localizado (pode que ao inicio do período de probas).

#### **Cuarto curso**

Un dos docentes mostra insatisfacción coa excesiva carga de direccións de TFG asumidas. Outro docente suxire o seguinte para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de coordinación: que se fixe un día no primeiro semestre e outro no segundo semestre, presenciais, para que o alumnado responda nunha aula todas as enquisas de vez e que o alumnado que non veña ese día sexa informado por correo-e, dándolle un prazo para que o faga particularmente.

## 2. Informes de Revisión dos programas 2023-2024

No que respecta á revisión dos programas do curso 2024-2025, compre sinalar que as coordinadoras de curso emitiron os seus informes (ver Anexo II) despois de analizar as fichas de comprobación cubertas polo profesorado. Nos casos nos que as fichas non se cubriron, por diferentes razóns, informouse da incidencia aos departamentos (por exemplo, materias que non contaban cun docente asignado) ou contactouse co profesorado responsable para poder subsanar a incidencia. Agradécese ao profesorado a súa colaboración na revisión dos programas e ás coordinadoras o traballo desenvolvido.

En xeral, os programas axústanse ao especificado na Memoria do Título (MVT). Rexistráronse soamente incidencias menores, fundamentalmente algúns desaxustes nos programas de certas materias motivados pola necesidade de actualizacións das propias fichas na Memoria. O profesorado achegou suxestións de cambios nos apartados de contidos e de avaliación nas fichas dalgunhas materias na MVT. Concretamente, foron rexistradas suxestións nas seguintes materias:

- Primeiro curso: Didáctica e Profesión Docente e Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos
- Terceiro curso: Literatura Infantil e Dramatización e Idioma Estranxeiro para a Educación Infantil: Inglés
- Cuarto curso: Educación en Contextos Rurais, Xogo Infantil, Aprendizaxe da Matemática, Aprendizaxe das Ciencias Sociais e Prácticum II

Lugo, 27 de xuño de 2024



Asdo: Alba María Souto Seijo

Coordinadora do Grao de Mestre/a en Educación Infantil



**Anexos:**

Anexo I. Informes de coordinación dos cursos (2023-2024)

Anexo II. Revisión dos programas das materias para o curso 2024-2025

## Anexo I. Informes de coordinación dos cursos (2023-2024)

## ACTA DE REUNIÓN VIRTUAL DE COORDINACIÓN DO PRIMEIRO CURSO DO GRAO MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E DOBRE GRAO (CONXUNTA)

**Convocan:** Alba Souto Seijo e María Campos Magdaleno (coordinadoras de curso)

**Lugar:** Facultade de Formación de Profesorado (reunión virtual a través de correo electrónico).

**Data:** luns 3 de xuño de 2024 ás 12h.

**Asistentes:** Alba Souto Seijo (coordinadora do curso de infantil e DG), María Campos Magdaleno (coordinadora do curso de primaria), Manoel Baña, Eva M<sup>a</sup> Cerqueiras, M<sup>a</sup> Carmen Caldeiro, Francisco Candia, Iván Enriquez, M<sup>a</sup> del Mar Fernández Vázquez, María J. Fiúza, Pablo García, Uxía Garrido, Luisa M<sup>a</sup> Muñoz, Pablo C. Muñoz, Anastasiia Ogneva, Marta Pocent, Delmiro Rocja, Noelia Valiño, X. Ramón Veiga, Lydia M<sup>a</sup> Campos, Xesús Ferreiro, Laura García, Luzía Oca, Olaya Santamaría.

**Ausentes:** Carlos Dosil (por permiso)

Orde do día:

1. Recompilación de actividades transversais, ApS, etc. do grao de Infantil e Primaria.
2. Resultados das enquisas de coordinación cubertas polo alumnado do primeiro curso de Infantil, Primaria e Dobre Grao.
3. Suxestións, demandas ou queixas do profesorado/alumnado do primeiro curso de Infantil, Primaria e Dobre Grao.
4. Resumo de reunións e comunicación mantidas con alumnado e progesorado do primeiro curso de Infantil, Primaria e Dobre Grao.
5. Outras observacións ou comentarios conxuntos relativos ás tres coordinación: primeiro do Grao de Infantil, primeiro do Grao de Primaria e primeiro do Dobre Grao.

## INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2023- 2024

### PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMEIRO CURSO DE DOBRE GRAO

COORDINADORA: ALBA MARÍA SOUTO SEIJO

#### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso:

No primeiro curso leváronse a cabo 7 actividades (5 no primeiro cuadrimestre e 2 no segundo cuadrimestre).

Data:	19/09/2023 a 11/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Breve descrición:	<p>Contidos traballados co alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.</li> <li>- Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.</li> <li>- Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.</li> <li>- Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.</li> <li>- Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.</li> <li>- Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.</li> <li>- Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais.</li> </ul> <p>Valoración da actividade: Por experiencia doutros anos, enténdese que unha mínima formación e esixencia docente nestes aspectos repercute positivamente nas producións escritas e nas exposicións orais que o alumnado presenta a posteriori.</p> <p>Trátase dunha actividade obrigatoria na materia, así que participa nela todo o alumnado asistente habitual.</p>
Materia vinculada:	Infancia, Familia e Escola (G3131102)
Data:	11/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras, Marta Poncet Souto, Fátima Teixeira (SEPIU)
Título:	Sesión informativa sobre actividades de voluntariado no Campus de Lugo
Breve descrición:	<p>O 11 de outubro de 10 h. a 11 h. (Salón de Actos) tivo lugar unha sesión aberta para alumnas e alumnos que tiñan interese en coñecer as actividades de voluntariado no Campus de Lugo, cales son as vantaxes da aprendizaxe a través da experiencia e toda a información relativa a proxectos educativos nos que poder participar tanto con opción de recoñecemento académico coma de recoñecemento curricular. A sesión foi impartida por Fátima Teixeira (SEPIU).</p> <p>Valoración da actividade: Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.</p>

Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	23/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva María Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Nenea, medrar creando. Educando nos bosques de Lugo
Breve descrición:	<p>Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa.</li> <li>- Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo.</li> </ul> <p>Valoración da actividade: Na tarefa que se solicitou ao alumnado reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	30/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar
Breve descrición:	<p>O 30 de outubro tiveron lugar, no salón de actos, dúas sesións formativas (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívicas da Comandancia de Lugo; responsables do Plan Director). Na primeira sesión abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo e, na segunda, abordouse a temática do acoso escolar, a convivencia, etc.</p> <p>Valoración da actividade: Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	20/11/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Os contos que contamos e como os contamos
Breve descrición:	<p>O 20 de novembro de 2023, David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla "Os contos que contamos e como os contamos". Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.</li> <li>- Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.</li> <li>- Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como</li> </ul>

	<p>lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.</p> <p>Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese volver a repetila o próximo curso.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	29/01/2024 a 13/05/2024
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	María José Fiuza Asorey
Título:	Trabajando la inclusión
Breve descripción:	<p>Los objetivos del proyecto de ApS realizado con la delegación provincial de la ONCE en Lugo pueden resumirse en tres:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Estimular la reflexión sobre la inclusión.</li> <li>-Aprender a elaborar materiales desde la mirada inclusiva, desarrollando la imaginación y la creatividad.</li> <li>-Iniciarse en el aprendizaje de la lectura y la escritura utilizando el código Braille.</li> </ul> <p>Los materiales diseñados por el alumnado universitario, tras haber recibido este la formación de las maestras especialistas en discapacidad sensorial de la Xunta de Galicia y de la ONCE, se encuentran distribuidos por los centros educativos de la provincia de Lugo e, incluso, son recibidos en préstamo en otras provincias gallegas. Entre esos materiales, que presentan un carácter lúdico-educativo, pueden citarse, entre otros, cuentos de personajes infantiles clásicos y actuales, puzles, juegos de parejas, de diferenciación de tamaños, formas, juegos de tres en raya, dameros, etc.</p> <p>Valoración de la actividad: Por tratarse de un proyecto muy consolidado, dado que hace más de 10 años que se realizó por primera vez, puede afirmarse que los objetivos perseguidos son una realidad. El alumnado universitario responde con entusiasmo ante la oferta de poder realizar materiales que serán utilizados por los niños y niñas que están en las aulas, utilizados por todos, sin distinciones porque están pensados para todos, no solo para niños con discapacidad visual o ciegos. Valoran la experiencia como una oportunidad de aprender haciendo algo que tendrá un uso más allá de servir para recibir una calificación.</p>
Materia vinculada:	Psicoloxía da Educación (G3131107)
Data:	03/02/2024 a 30/05/2024
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Título:	Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais
Breve descripción:	<p>Os contos son unha excelente ferramenta educativa para a transmisión de saberes e valores, configurándose tamén como un importante recurso mediante o cal traballar cos mais cativos aspectos que atinxen á intelixencia emocional. Diversos estudos (Fernández Berrocal, 2021) evidencian a necesidade de inculcar dende a primeira infancia conceptos clave relacionados coa convivencia, a empatía, o respecto cara os demais, etc. Neste senso, a promoción dunha educación emocional temperá resulta esencial no</p>

	<p>desenvolvemento e socialización dos nenos e nenas, xa que os capacita para recoñecer os seus propios sentimentos e os alleos, e posibilita que sexan competentes na xestión das súas propias emocións nun clima de relacións humanas positivas. Polo tanto, comprende deseñar accións educativas e materiais (adaptados á realidade tecnolóxica actual) que permitan o desenvolvemento dunha educación emocional entre os menores, e tamén contribuír a que o profesorado de infantil teña a oportunidade de autorreflexionar sobre a súa práctica educativa, analizando as súas propias concepcións, prácticas e emocións, de cara ao desenvolvemento procesos de mellora docente. Neste contexto xurde o actual proxecto de Aprendizaxe-Servizo onde coa colaboración de diferentes centros Educativos, o alumnado do Grao de Mestre/a de Educación Infantil elaboran contos interactivos que teñen como obxectivo traballar as emocións entre os mais cativos.</p> <p>Valoración da actividade: A valoración, tras realizar unha enquisa aos estudantes en diferentes dimensións, pódese dicir que foi altamente positiva.</p>
Materia vinculada:	Procesos de mellora e uso das TIC (G3131207); Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais (G3131206 ); Organización e Xestión do Centro Escolar (G3121204); Traballo Fin de Grao (G3121424)

## 2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

### 1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil

#### 1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 47		Data de recollida: 18 de abril a 16 de maio			
Curso e grao: 1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil					
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)</b>	0%	17%	62%	21%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Algúns alumnos/as sinalan que hai un número excesivo de estudantes nas sesións expositivas, o que dificulta seguir o ritmo da clase.					
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	0%	9%	79%	13%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Algúns estudantes destacan que os espazos son antigos e que algunhas aulas son pequenas.					
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	0%	11%	81%	11%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non hai.					
<b>4.- Horarios lectivos</b>	9%	28%	43%	21%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Algúns alumnos/as sinalan que o horario que teñen dificulta que poidan aproveitar o tempo.					
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	4%	19%	70%	6%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O alumnado expón que nalgúnhas materiais teñen que realizar e entregar as tarefas na propia clase, o que fai que non podan realizar un traballo de calidade.					
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	2%	21%	74%	2%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O alumnado sinala que debería de haber consenso entre o profesorado para fixar as datas de entrega dos traballos finais.					
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	0%	15%	72%	13%	



OBSERVACIÓNS				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	6%	79%	15%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	4%	2%	81%	13%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
OBSERVACIÓNS XERAIS: o estudantado solicita que se modifiquen os horarios e se modernicen as instalacións.				

## 2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como os “espazos para a docencia” (79% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito), os “recursos técnicos para a docencia” (81% bastante satisfeito e 11% moi satisfeito), a “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (72% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito), a “adequación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (79% bastante satisfeito e 15% moi satisfeito), e os “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (81% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “horarios lectivos” (28% pouco satisfeito e 9% nada satisfeito), e ao “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (21% pouco satisfeito e un 2% nada satisfeito). A observación máis repetida fai referencia á distribución horaria das clases.

### 1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria

#### 1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 3		Data de recollida: 18 de abril a 16 de maio			
Curso e grao: 1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria					
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	0%	100%	0%	
OBSERVACIÓNS: non hai.					
2.- Espazos para a docencia	0%	0%	100%	0%	
OBSERVACIÓNS: non hai.					
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	0%	67%	33%	
OBSERVACIÓNS: non hai.					
4.- Horarios lectivos	0%	67%	33%	0%	
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que teñen moitas horas libres no medio e que algúns días teñen clase durante toda a xornada.					

<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	0%	33%	67%	0%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O alumnado expón que algunhas materias teñen moita carga de traballo autónomo.				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	0%	33%	67%	0%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Tal e como se indicou anteriormente, o alumnado expón que algunhas materias teñen moita carga de traballo.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	0%	0%	100%	0%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	0%	0%	100%	0%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non hai.				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	0%	0%	33%	67%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non hai.				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS:</b> non hai.				

## 2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (100% bastante satisfeito), “espazos para a docencia” (100% bastante satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (67% bastante satisfeito e 33% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (100% bastante satisfeito), “adequación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (100% bastante satisfeito) e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (33% bastante satisfeito e 67% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “horarios lectivos” (67% pouco satisfeito e 33% bastante satisfeito), “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (33% pouco satisfeito e un 67% bastante satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (33% pouco satisfeito e un 67% bastante satisfeito). Nas observacións sinalan que hai días que teñen moitas horas libres no medio e outros nos que teñen clase durante toda a xornada. Así mesmo, indican que algunhas materias teñen unha alta carga de traballo autónomo.

## 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

*Incidencias, suxestións, demandas ou queixas por parte do alumnado:* non constan.

*Incidencias, suxestións, demandas ou queixas por parte do profesorado:* non constan.

#### 4. **Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos).**

##### 1. **Reunións ou comunicacións mantidas co alumnado**

- *Xoves 7 de setembro*: contactouse co alumnado de primeiro de grao e dobre grao para darlles a benvida á Facultade e lembrarlles a data e hora da xornada de acollida.
- *Luns 11 de setembro*: indícaselles aos estudantes que teñen dispoñible (no Campus Virtual) a enquisa de satisfacción da xornada de acollida, e explícaselles o procedemento de elección de delegado/a e subdelegado/a do grupo-clase. Cabe sinalar que, no primeiro curso do grao, nun primeiro momento, non houbo candidaturas para ocupar ditos postos, polo que se ampliou o prazo. Finalmente, o Luns 2 de outubro, presentou a súa candidatura a alumna Laisa do Vale, quen finalmente exerceu de delegada de primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil. No caso do Dobre Grao, Sarai Rico e Sara Martínez presentaron a súa candidatura o 27 de setembro. Sarai Rico exerceu como delegada e Sara Martínez como subdelegada.
- *Venres 24 de novembro*: infórmase ao alumnado de grao e dobre grao de que xa teñen dispoñible, na Secretaría Virtual, as enquisas de satisfacción coa docencia recibida no primeiro semestre. O *martes 12 de decembro* envíase un recordatorio.
- *Martes 12 de decembro*: contáctase coas delegadas e subdelegadas de grao e dobre grao, a través do correo electrónico, para solicitarlles que me trasladen as incidencias, suxestións ou comentarios sobre a marcha do semestre ata o momento. Cabe sinalar que non se recibe ningún comentario.
- *Xoves 18 de abril*: contáctase co alumnado de grao e dobre grao (a través do Campus Virtual), e coas delegadas e subdelegadas (a través de *email*) para solicitarlles que cumprimenten a enquisa de coordinación de curso.
- *Luns 20 de maio*: infórmase ao alumnado (a través do Campus Virtual) dos resultados xerais da enquisa de coordinación de curso.

##### 2. **Reunións ou comunicacións mantidas co profesorado**

- *Luns 11 de setembro*: infórmase ao profesorado que imparte docencia no primeiro semestre de que está dispoñible, co Campus Virtual, o calendario para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *Xoves 2 de novembro*: proporciónase información ao profesorado sobre o “Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica” que imparte ao alumnado o Profesor Francisco Xosé Candia Durán.
- *Martes 12 de decembro*: envíase un *email* ao profesorado para que poidan trasladar as incidencias, suxestións ou cambios sobre a marcha do primeiro semestre. Cabe sinalar que non houbo incidencias destacables,

aínda que algúns docentes destacan a importancia de esixirlle ao alumnado que cumpra con esixencias básicas.

- *22 de xaneiro*: infórmase ao profesorado que imparte docencia no segundo semestre de que está dispoñible, no Campus Virtual, o calendario para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *14 de maio*: lémbrese ao profesorado a data límite para cubrir o formulario de revisión de programas.
- *29 de maio*: envíase ao profesorado o informe de coordinación do 1º curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Dobre Grao e convócase unha xuntanza virtual, a través de correo electrónico.

## INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2023- 2024

### PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

COORDINADORA: MARÍA CAMPOS MAGDALENO

#### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

Data de inicio da actividade:	2 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	31 de outubro de 2023
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	César Gómez Pérez
Nome da actividade:	Curso básico competencias informacionais
Materia/s vinculada/s:	Todas
Breve descrición:	Este curso está deseñado para que o alumnado acade os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia das competencias dixitais. Xestionar o tempo de estudo.</li> <li>• Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e os recursos TIC da USC.</li> <li>• Necesidade de información. Buscar e avaliar a información.</li> <li>• Avaliar os recursos. Almacenar e organizar a información.</li> <li>• Facer un traballo académico (metodoloxía científica, uso ético da información).</li> <li>• Editar contidos dixitais, presentar traballos e empregar a nube.</li> </ul>
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	<p><b>CURSO BÁSICO:</b>  Infantil: Matriculados 45 (36 aptos e 9 non aptos)  Primaria: Matriculados 75 (62 aptos e 13 non aptos)  Dobre Grao: Matriculados 16 (16 aptos)</p> <p><b>CURSO AVANZADO:</b>  Infantil: Matriculados 20 (12 aptos e 8 non aptos)  Primaria: Matriculados 18 (4 aptos e 14 non aptos)  Dobre Grao: Matriculados 16 (9 aptos e 7 non aptos)</p>
Data de inicio da actividade:	28 de setembro de 2023

Data de finalización da actividade:	26 de outubro de 2023
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Materia/s vinculada/s:	G3151103 Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	<p>Contidos traballados co alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.</li> <li>- Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.</li> <li>- Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.</li> <li>- Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.</li> <li>- Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.</li> <li>- Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.</li> <li>- Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais.</li> </ul>
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	<p>Por experiencia doutros anos, enténdese que unha mínima formación e esixencia docente nestes aspectos repercute positivamente nas producións escritas e nas exposicións orais que o alumnado presenta a posteriori.</p> <p>Trátase dunha actividade obrigatoria na materia, así que participa nela todo o alumnado asistente habitual.</p>

Data de inicio da actividade:	16 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	16 de outubro de 2023
Duración da actividade:	8 horas
Tipo de actividade:	Outro tipo de actividade

Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Nome da actividade:	I Jornadas de Formación e Innovación Educativa. Metodoloxías activas, inclusivas y colaborativas en proxectos eTwinning. FORINNOVA LITE
Materia/s vinculada/s:	Diferentes materias implicadas, especialmente aquelas da área de Didáctica e Organización Escolar
Breve descrición:	<p>Forinnova Lite (<a href="https://forinnova-lite.grupomestura.net">https://forinnova-lite.grupomestura.net</a>) é unha iniciativa promovida pola <a href="#">Facultade de Formación do Profesorado</a>, así como polos Grupos de Investigación <a href="#">MESTURA</a> e <a href="#">GEFIL</a> da Universidade de Santiago de Compostela. Conta co apoio organizativo de diversas <a href="#">institucións colaboradoras</a> nacionais e internacionais .</p> <p>As Xornadas, que pretenden ter un carácter eminentemente práctico , concíbense como un espazo para a creación de ideas, o establecemento de sinerxías, o intercambio construtivo de opinións e, por suposto, como un foro para adquirir, mellorar e/ou ampliar competencias. a través do coñecemento dos proxectos socioeducativos <a href="#">eTwinning</a> baseados en <i>metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas</i>.</p> <p>Nas xornadas participaron arredor de 200 persoas (presencial + virtualmente). Contaron coa participación de 13 relatores/ponentes invitados e tivo unha colaboración de numerosas entidades nacionais e internacionais (ver web: <a href="https://forinnova-lite.grupomestura.net/entidades-participantes/">https://forinnova-lite.grupomestura.net/entidades-participantes/</a>)</p> <p>PROGRAMA:</p> <p><a href="#">16 de outubro (sesión MAÑÁ)</a></p> <p>8:45-9:15 horas. Control de Asistencia e Recollida de Material As persoas inscritas deberán asinar a lista de asistentes nas mesas que se instalarán diante do salón de actos.</p> <p>9:15-9:30 horas. Sesión Inaugural</p> <p>Interveñen:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Doutor Pablo César Muñoz Carril. <i>Presidente de Forinnova Lite.</i></li> <li>- Doutora Carmen Sarceda Gorgoso. <i>Decano da Facultade de Formación do Profesorado.</i></li> <li>- Doutor Eduardo José Fuentes Abeledo. <i>Copresidente de Forinnova Lite.</i></li> </ul> <p>9.30-11.30 horas. Mesa redonda. Proxectos eTwinning desde unha perspectiva colaborativa, inclusiva e innovadora</p>



*Inclúe sesión de preguntas e debate.*

Coordinadora:

Doutora Isabel Dans Álvarez de Sotomayor  
Grupo de Investigación Educativa MESTURA. Facultade de Ciencias  
da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.

11:30-12:00 horas.

Descanso

Sesión de descanso

12:00-1:30 p.m.

Boas prácticas: exemplos de proxectos eTwinning en diferentes  
etapas educativas

*Inclúe sesión de preguntas e debate.*

Coordinadora:

Doutora Iris Estevez.  
Grupo de Investigación ESCULCA. Facultade de Ciencias da  
Educación. Universidade de Santiago de Compostela.

2:00 p.m.-4:00 p.m.

Descanso

#### 16 de outubro (sesión da TARDE)

16:00-18:00 horas

Obradoiros

Deseño dun proxecto eTwinning por equipos.

Os obradoiros realizaranse simultaneamente en 5 aulas:

*Aula 22 Aula 30 Sala de xuntanzas Espazo de traballo en grupo Salón  
de Actos*

Coordinación dos obradoiros por:

*Profesora Teresa Susana Vázquez Regueiro Profesora Yolanda  
Barallobre Ferreño*

18:00-18:30

Descanso

18:30-19:30 hrs.

Presentación das ideas dos proxectos deseñados nos obradoiros

Salón de Actos

Coordinadora: a profesora Yolanda Barallobre Ferreño

7:30 p.m.-7:35 p.m.

Clausura das Xornadas

Presenta: Profesora Teresa Susana Vázquez Regueiro.

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	da do	A actividade resultou de especial interese para os asistentes e estimamos que tamén para algunhas das asignaturas obrigatorias do Grao.
---	-------	---

Data de inicio da actividade:	11 de setembro de 2023
Data de finalización da actividade:	22 de decembro de 2023
Duración da actividade:	Primeiro semestre
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras, Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo
Nome da actividade:	Aprendizaxe-Servizo con entidades socioeducativas para a formación de futur@s maestr@s
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	Durante o primeiro semestre o alumnado tivo a oportunidade de participar nun proxecto interdisciplinario no que se combinan as metodoloxías de ApS e ABPx. A finalidade do proxecto en relación co alumnado é a adquisición e a mellora de competencias profesionais propias da profesión, a través de experiencias de participación social.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Os estudantes valoraron o proxecto de maneira moi positiva.

Data de inicio da actividade:	17 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	17 de outubro de 2023
Duración da actividade:	1.5 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	A aprendizaxe por proxectos no CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña)
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 17 de outubro acudiron á Facultade dúas mestras do CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña) e o seu alumnado co

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	obxectivo de presentar os proxectos que os nenos/as están a realizar. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
Data de inicio da actividade:	25 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	8 de novembro de 2023
Duración da actividade:	3 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 25 de outubro e o 8 de novembro tiveron lugar, no salón de actos, dúas sesións formativas (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo; responsables do Plan Director). Na sesión do 25 de outubro abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo. Na sesión do 8 de novembro abordouse a temática do acoso escolar e delitos de odio.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
Data de inicio da actividade:	22 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	22 de novembro de 2023
Duración da actividade:	1,5 horas
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	Taller de prensa – Down Lugo
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 22 de novembro a asociación Down Lugo presentou (no salón de actos) o taller de prensa que levou a cabo na Facultade de Formación do Profesorado. Esta actividade realizouse no marco do

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Proxecto Interdisciplinario (PI) ao ser Down Lugo unha entidade colaboradora no PI. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
Data de inicio da actividade:	24 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	24 de novembro de 2023
Duración da actividade:	1.5 horas
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	Situación educativa do alumnado xitano
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 24 de novembro tivo lugar a actividade formativa titulada "Situación educativa do alumnado xitano", que foi levada a cabo pola Fundación Secretariado Xitano. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.

Data de inicio da actividade:	30 de abril de 2024
Data de finalización da actividade:	30 de abril de 2024
Duración da actividade:	2h
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	María Campos Magdaleno
Nome da actividade:	Diversidade sexual e de xénero na educación: a realidade LGBTIQ+ nas aulas de Educación Primaria
Materia/s vinculada/s:	Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12
Breve descrición:	Esta actividade leva o formato de charla de expertas, contando coa participación de Lara Boubeta e Ana Ojea, representantes da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ e profesoras na etapa de Educación Primaria e Secundaria. Abordouse a diversidade sexual e de xénero no alumnado de Educación Primaria; os tipos, características e

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	consecuencias da LGBTIfobia nos centros educativos; déronse pautas para promover unha educación inclusiva; abordouse a normativa educativa e lexislación sobre a educación en diversidade sexual, de xénero e familiar; e presentouse o libro infantil Xe (Boubeta, 2023) sobre intersesexualidade. A posta en marcha da actividade valórase como positiva. A asistencia foi elevada, acudindo alumnado doutros cursos e tamén profesorado da Facultade. O alumnado da materia valorou favorablemente esta actividade a través dun documento resumo que se lles solicitou, indicando que constituíu unha formación necesaria con implicacións prácticas para o seu futuro labor docente.
Data de inicio da actividade:	20 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	20 de outubro de 2023
Duración da actividade:	3 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Conferencia do catedrático xubilado Antón Costa Rico sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Conferencia de Antón Costa sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos. A actividade viuse acompañada nos días previos e posteriores por unha exposición ao respecto, elaborada pola USC e colocada no segundo andar, que o profesor da materia conseguiu traer á Facultade.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-
Data de inicio da actividade:	28 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	19 de decembro de 2023
Duración da actividade:	Tres semanas
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Exposición sobre a Escola Nova e Galiza
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Exposición sobre a ESCOLA NOVA E GALIZA. Elaborada polos profesores Antón Costa Rico e Lucía Iglesias da Cunha (DEP), foi inaugurada na Facultade pola súa decana e o profesor da materia.

Valoración da actividade- (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-
Data de inicio da actividade:	22 de decembro de 2023
Data de finalización da actividade:	22 de decembro de 2023
Duración da actividade:	2 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Conferencia e documental sobre as Escolas do Insiño Galego
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Conferencia de Santiago Quiroga e proxección do documental sobre o centenario das "Escolas do Insiño Galego".
Data de inicio da actividade:	7 de febreiro de 2024
Data de finalización da actividade:	6 de marzo de 2024
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Exposición de pósters EDUCACIÓN EN FEMININO: UN PASEO POLA HISTORIA, VII ed.
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Despois do mes de presenza na Facultade, a colección de pósters elaborados polo alumnado da materia THEE estivo exposta en IES de Vilalba, Foz e As Pontes, con inauguración e actividades realizadas por alumnas da materia.
Valoración da actividade- (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-
Data de inicio da actividade:	20 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	31 de xaneiro de 2024
Duración da actividade:	Máis de dous meses
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Actividades organizadas polo alumnado co gallo do 25N

Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o alumnado da materia deseñou e desenvolveu diferentes actividades para o propio 25 de novembro, así como nos días anteriores e posteriores a esa data. A actividade contou co impulso do profesor da materia e da coordinadora da Comisión de Xénero da Facultade, a profesora Eva Barreira.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-

## 2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

O día 19 de abril de 2024 enviouse unha mensaxe a través do campus virtual de coordinación informando ao alumnado da apertura da enquisa de satisfacción, solicitando a súa participación. Ese mesmo día solicitouse á delegada de curso que enviase unha mensaxe a través do grupo de *Whatsapp* do alumnado.

O día 8 de maio enviouse un novo recordatorio a través do campus virtual, e a profesora María Campos cedeu uns minutos das sesións interactivas para que o alumnado cubrixe a enquisa. O día 13 o profesor Pablo C. Muñoz recordou nas súas sesións a necesidade de cubrir a enquisa.

Un total de 88 alumnas e alumnos responderon á mesma, o que supón un incremento de 23 respostas con respecto ao curso anterior. O día 13 de maio enviouse un agradecemento ao alumnado por cubrir a enquisa, proporcionando retroalimentación sobre os resultados obtidos a través dunha mensaxe no campus virtual.

ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA SATISFEITO	POUCO SATISFEITO	BASTANTE SATISFEITO	MOI SATISFEITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e tutoriais (xustificar nas observacións)</b>	NADA SATISFEITO 1,13%	POUCO SATISFEITO 12,5%	BASTANTE SATISFEITO 70,45%	MOI SATISFEITO 15,9%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Cinco respostas indican que hai demasiado alumnado nas expositivas, polo que as clases son difíciles de seguir. Dous comentarios indican que a penas hai alumnado nas expositivas.				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	NADA SATISFEITO 3,4%	POUCO SATISFEITO 7,95%	BASTANTE SATISFEITO 69,31%	MOI SATISFEITO 19,31%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Varias queixas sobre a incomodidade das cadeiras e mesas.				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	NADA SATISFEITO 1,13%	POUCO SATISFEITO 3,4%	BASTANTE SATISFEITO 82,95%	MOI SATISFEITO 12,5%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Unha única resposta comenta que os recursos son diferentes entr docentes, algúns desactualizados, e falta de dinamismo nas sesións.				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	NADA SATISFEITO 12,5%	POUCO SATISFEITO 40,9%	BASTANTE SATISFEITO 37,5%	MOI SATISFEITO 9,09%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Gran diversidade de opinións: (1) queixas por rematar as 15h e comezar ás 16h, e queixas por haber demasiada separación entre as horas da mañá e as da tarde; (2) queixas por ter horarios demasiado concentrados nun día,				



e queixas por ter horarios demasiado separados; (3) solicitudes de clase so de mañá ou so de tarde; (4) un comentario solicita horarios flexibles. En xeral, queixa por ter demasiadas horas libres entre sesións.				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	NADA SATISFEITO 3,4%	POUCO SATISFEITO 20,45%	BASTANTE SATISFEITO 67,04%	MOI SATISFEITO 9,09%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Indican, en xeral, demasiada carga de traballo. Un comentario sinala que non todos os traballos deberían ser grupais, e solicita traballos individuais; mentres que outro indica tardanza por parte do persoal docente en proporcionar as cualificacións dos traballos.				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	NADA SATISFEITO 2,27%	POUCO SATISFEITO 23,86%	BASTANTE SATISFEITO 62,5%	MOI SATISFEITO 11,36%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Sinalan excesiva cantidade de traballos, sobre todo no segundo semestre. Algúns comentarios solicitan menos número de traballos pero máis extensos. Queixa por ter que entregar un traballo no mesmo día que se solicita.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	NADA SATISFEITO 2,27%	POUCO SATISFEITO 15,9%	BASTANTE SATISFEITO 65,9%	MOI SATISFEITO 15,9%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
En xeral, non perciben positivamente que varios docentes impartan na mesma materia. Aínda así, sinalan moi boa coordinación na maioría de materias, salvo nunha.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	NADA SATISFEITO 0%	POUCO SATISFEITO 12,5%	BASTANTE SATISFEITO 81,8%	MOI SATISFEITO 17%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Non hai				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	NADA SATISFEITO 1,13%	POUCO SATISFEITO 7,95%	BASTANTE SATISFEITO 77,27%	MOI SATISFEITO 13,63%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Informan de poucos solapamentos				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b>				
Reiteran comentarios anteriormente expostos, como a carga de traballos.				

Síntese dos resultados:

1. Detéctanse dúas incidencias: algunhas respostas foron emitidas por alumnado do DG. Outras dan a entender que crían estar cubrindo a enquisa dunha única materia, non do conxunto do curso.
2. As respostas contraditorias á pregunta 1 (hai demasiado alumnado nas clases, a penas hai alumnado nas clases) pode facer referencia á obrigatoriedade na asistencia dalgúns materias. De forma que, naquelas nas que se fai control de asistencia consideran que a afluencia é excesiva, mentres que naquelas nas que non se controla a asistencia hai moi pouca afluencia.
3. A opción “bastante satisfeito” é a que obtén maior porcentaxe de respostas en todas as preguntas, agás nos horarios lectivos, que é “pouco satisfeito”.
4. A suma de porcentaxes de resposta “bastante satisfeito” e “moi satisfeito” superan o 80% en 6 das 9 preguntas formuladas. Esta suma de porcentaxes baixa ao 46% na pregunta relativa aos horarios lectivos, e a aproximadamente o 75% na carga de traballo autónomo e no número de traballos, prazos e datas. Isto indica que os resultados son maiormente positivos, salvo en relación aos horarios lectivos onde baixa a satisfacción de maneira importante.



Observacións por parte do profesorado:

De forma xeral, coméntase que os resultados da enquisa van en liña a anos anteriores, e que parte das queixas poden deberse a falta de recursos docentes por parte da USC (por exemplo, para propoñer traballos de tipo individual). Sinálase que as queixas relativas a entrega de traballos en datas concretas non se sostén debido a que o calendario de traballo infórmase ao principio de semestre.

### 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

ALUMNADO:

- Identifícase un conflito entre un pequeno grupo de alumnas e alumnos, que repercute en pequenas incidencias (queixas en cambios de grupo de traballo, queixas sobre participación desigual nos traballos...) que son atendidas e solucionadas sen maior problema.
- Unha alumna informa de importantes problemas de saúde mental, e pónense en marcha os procedementos que se atopan dentro das funcións, responsabilidade e rango de acción das persoas ás que lle comunica esta información (profesorado e coordinadora de curso). Realízanse titorías por parte de distintos profesores e profesoras do curso, dérivase ao SEPIU e alértase ao ao servizo de saúde mental da USC.
- Queixa sobre un cambio de grupo dunha alumna na materia Ensino e Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües, que percibe un agravio comparativo con outras compañeiras e compañeiros. Contáctase coa profesora que imparte a materia nese momento, quen informa que a Guía Docente recolle que a elaboración de grupos de traballo realizarase segundo estime o persoal docente en función dunha serie de criterios. Informa que este cambio de grupo responde a eses criterios. Comunícase a resposta a alumna.
- Queixa sobre o control de asistencia na materia Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12. Unha alumna indica que a profesora informa expresamente que non vai pasar lista en expositivas e que da liberdade para continuar a materia de maneira libre a través dos contidos situados na aula virtual. Sen embargo, quéixase de que nas sesións posteriores pasou lista atribuíndoo a unha medida de presión, sendo isto pouco ético e perxudicando gravemente ao alumnado que xa acumula faltas de asistencia non xustificadas. A profesora María Campos informa que é **FALSO** que se dese liberdade para continuar a materia de maneira libre. **SI** dixo expresamente nunha sesión expositiva que todo o alumnado que non estivesen dispostos a manter o silencio e o respecto na aula, que por favor se abstivesen de asistir, xa que a asistencia ás expositivas non ten ningún valor nin efecto en relación a cualificación final da materia ni ao sistema ordinario de avaliación. Ademais, o día da presentación da materia, e na Guía Docente da mesma, deixouse constancia de que as sesións expositivas terían un control de asistencia aleatorio sen peso nin valor na cualificación final nin na oportunidade de avaliarse de maneira ordinaria, de forma que a asistencia ou non

asistencia non tería ningún tipo de consecuencia nin repercusión para o alumnado. Informouse tamén de que todos os materiais empregados en clase serían colgados na aula virtual. A profesora falou individualmente coa alumna recordándolle esta información, pero non quedando conforme coa resposta, volveu a deixar constancia desta falta de acordo na enquisa de coordinación.

PROFESORADO:

Non hai

**4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datos, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual.**

- Entre o 7 e 14 de setembro proporcionáronse os materiais relativos a xornada de acollida ao alumnado e solicitouse a participación na enquisa de satisfacción da mesma.
- O 14 de setembro difundíuse o protocolo de cambio de grupo, e resolveuse unha incidencia relativa a un solapamento nos horarios.
- Entre o 21 de setembro e o 2 de outubro procedeuse a elección de representante de alumnado, onde todos e todas tiveron ocasión de presentar as súas candidaturas. Posteriormente realizouse a votación a través dun Forms creado para tal fin. Resultan elixidas Jennifer Soto Romarís como delegada, e Diego Rey como subdelegado.
- O 6 de outubro contáctase con delegada e subdelegado para orientalos sobre as súas funcións, e ánimoase a creación dun grupo de *Whatsapp* de curso.
- O 24 de novembro avísase da apertura das enquisas sobre docencia recibida.
- Ao finalizar o primeiro semestre, envíase un correo electrónico ao profesorado para que poidan comunicar incidencias ou suxestións sobre a marcha do primeiro semestre, coa finalidade de informalos en Xunta de Centro.
- Entre abril e maio solicítase ao alumnado que cubra a enquisa de coordinación, e o 13 de maio envíase unha mensaxe informando dos resultados xerais.
- Ao finalizar o segundo semestre solicítase ao profesorado información sobre os programas para as materias do curso 24/25 a través dunha ferramenta dixital con formato de ficha de autocomprobación.
- Ao longo do curso informouse ao profesorado da necesidade de cubrir o calendario de actividades docentes e as táboas de actividades transversais, ApS, etc.

**5. Outras observacións ou comentarios conxuntos relativos ás tres coordinacións: primeiro do Grao de Infantil, primeiro do Grao de Primaria e primeiro do DG.**

O profesorado agradece a labor realizada polas coordinadoras.

Sínálase a baixa satisfacción do profesorado co alumnado en canto á escasa participación nas aulas, pouca atención e interese para tomar apuntamentos. Sínálase que o baixo compromiso coa docencia recibida por parte do alumnado deriva en queixas relativas á flexibilidade das entregas ou carga de traballo.

Varios docentes informan de problemas de comportamento e convivencia, que non son apropiados para unha aula universitaria, que dificultan a labor do profesorado e impiden aos compañeiros/as (que si teñen interese) recibir unha docencia adecuada. Destácase a necesidade de poñer en marcha accións conxuntas entre o profesorado (sobre todo do primeiro curso das titulacións) que aseguren o cumprimento de normas básicas de comportamento e respecto por parte do alumnado, contribuíndo a unha mellor convivencia en cursos vindeiros.

As coordinadoras informan que cando se constituía a Comisión de Convivencia estudarán os vehículos comunicativos para trasladarlle o sentir do profesorado do primeiro curso das titulacións, a problemática específica, e as propostas de acción.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e sométese a aprobación da presente acta.

**Apróbase por asentimento da maioría das persoas asistentes.**

Asinan as coordinadoras do primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao, en Lugo, día 7 de xuño de 2024.



Alba M. Souto Seijo



María Campos Magdaleno

## 7.7. MODELO DE INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

### INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2023- 2024

CURSO E GRAO: [2ª Curso de Educación Primaria e Dobre Grao](#)

NOME DO/A COORDINADOR/A DE CURSO: MARIA DEL CARMEN GOMEZ GOMEZ

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

Data (inicio-fin-duración):	<a href="#">15 Marzo 2024 -15 marzo 2024</a> <a href="#">Duración: 90 minutos</a>
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba María Souto Seijo e Olaya Santamaría Queiruga
Título da actividade:	Sesión informativa sobre acoso escolar
Materia vinculada:	Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais (G3131206)
Breve descrición:	O 15 de marzo tivo lugar, no salón de actos, unha sesión formativa (dunha hora e media) a cargo de Héctor Méndez (Garda Civil da Comandancia de Lugo; un dos responsables do Plan Director). Nesta sesión abordouse a temática do acoso escolar.
Valoración da actividade (utilidade, datos de participación de alumnado, eficacia)	Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.

### 2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA SATISFEITO	POUCO SATISFEITO	BASTANTE SATISFEITO	MOI SATISFEITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)</b>	0	4 (13,7%)	21 (72,4%)	4 (13,7%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Debería haber máis grupos nas sesións expositivas.</li> <li>• Nas sesións expositivas somos demasiadas persoas como para poder participar e atender de forma adecuada aos docentes. Nalgunhas materias o espazo para albergar a tantas persoas non é suficiente, pero aínda sendo suficiente somos demasiados/as para que se leve a cabo unha clase productiva.</li> <li>• En certas aulas, como a de Plástica, á hora de realizar alí as expositivas, apenas temos sitio para traballar.</li> </ul>				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	0	0	20	0

	0	3 (10,3%)	(70%)	6 (20,6)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	NADA SATISFEIT 0 0	POUCO SATISFEIT 0 6 (20,6)	BASTANTE SATISFEITO 18 (62%)	MOI SATISFEIT 0 5 (17,2%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	NADA SATISFEIT 0 5 (17,2%)	POUCO SATISFEIT 0 10 (34,4%)	BASTANTE SATISFEITO 12 (41,3%)	MOI SATISFEIT 0 2 (6,8%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Que non se houbera posto clases pola última hora da tarde nin á primeira hora da tarde.</li> <li>• Creo que se debería plantexar poñer as horas seguidas, ou en tandada de mañá ou de tarde.</li> <li>• Hai alumnado que precisa traballar e se ten clase tanto pola mañá como pola tarde elle difícil, sería mellor horario continuo ou de mañán ou de tarde.</li> <li>• Os horarios son moi seguidos, practicamente sen descanso nalgúns días.</li> <li>• Hai días que temos que vir só por unha clase, puidendo tela entre ocios que quedan libres entre materias.</li> <li>• Se necesita máis variación</li> <li>• Deberíase ter en conta o alumnado que cursa materias de diferentes cursos e poder adaptar un pouco os horarios a eles.</li> </ul>				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias</b>	NADA SATISFEIT 0 1 (3,4%)	POUCO SATISFEIT 0 7 (24%)	BASTANTE SATISFEITO 19 (65,5%)	MOI SATISFEIT 0 2 (6,8%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Bastante carga de traballo en varias asignaturas polo que entre todas é algo agobiante</li> <li>• Hay bastante carga en algunas materias</li> </ul>				
<b>6- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	NADA SATISFEIT 0 0	POUCO SATISFEIT 0 8 (27,5%)	BASTANTE SATISFEITO 17 (58,6%)	MOI SATISFEIT 0 4 (13,7%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Muchos trabajos y poco tiempo de plazo.</li> </ul>				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	NADA SATISFEIT 0 1 (3,4%)	POUCO SATISFEIT 0 4 (13,7%)	BASTANTE SATISFEITO 20 (70%)	MOI SATISFEIT 0 4 (13,7%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• moi boa coordinación coas materias.</li> <li>• Nalgúns casos os docentes parecen non falar entre eles, utilizando sistemas de avaliación diferentes ou tratando a materia de formas distintas.</li> </ul>				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	NADA SATISFEIT 0 0	POUCO SATISFEIT 0 5 (17,2%)	BASTANTE SATISFEITO 21 (72,4%)	MOI SATISFEIT 0 3 (10,3%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Hai diversos docentes que len as diapositivas expostas na aula, sen engadir ningunha información a maiores e sen resolver apenas as dúbidas do alumnado</li> </ul>				
<b>9- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	NADA SATISFEIT 0 2 (6,8%)	POUCO SATISFEIT 0 3 (10,3%)	BASTANTE SATISFEITO 19 (65,5%)	MOI SATISFEIT 0 5 (17,2%)
<b>OBSERVACIÓNS</b>				

Non debería haber horas mortas entre unha clase e outra, senón que deberían ir todas unidas.  
Os horarios serían mellorables.  
Os docentes están pendentes en todo momento do alumnado con dispensa.

### **2.1. Resumo de resultados**

As enquisas completáronas 29 participantes un 25% do alumnado de 2º de Infantil, a maioría están moi satisfeitos ou bastante satisfeitos en todas as preguntas excepto en horarios lectivos por ter moita carga algúns días.

### **2.2. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)**

- En canto a carga de traballo que o alumnado amosa é excesiva (1 obsrvacións), dende o profesorado non detectamos indicios de que isto sexa real, sino de que é una percepción por parte do alumnado e pode ser debida á falta de organización do tempo por parte do alumnado

### **3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado:**

- A próxima reunión anual tentarase realizar de forma presencial.
- Suxírese facer unha pequena guía ou póster de boas prácticas a ter en conta. Fálase de ter uns 10 puntos e estar presente nas aulas con cuestións como os correos electrónicos que non se contestan os domingos, incluíndo información persoal e temática nos correos electrónicos (presentador...)
- En inglés, o profesor afirma que hai pouca implicación por parte do alumnado, ausencias a clase e pouco interese xeral.
- Percíbese a necesidade de reforzar as titorías presenciais ante a gran demanda de resolución de dúbidas por correo electrónico.

### **4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser**

**pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual**

- *21/09/2023 Reunión para elección de delegados, queda vacante. (varias reuniones posteriores para intentar que salieran representantes pero no salieron).*
- *27/11/2023. Envío de encuestas de satisfacción al alumnado por campus virtual.*
- *10/06/2024 Envío de resultados de encuesta a docentes del curso*
- *14/06/2024 Reunión anual de 2º Curso del Grado de Infantil.*

**5. Outras observacións ou comentarios**

**Data e sinatura**

## INFORME DE COORDINACIÓN DO CURSO 2023-2024

Terceiro curso de Educación Infantil e terceiro curso de Dobre Grao  
Coordinadora: Montserrat Souto Gómez

### 1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

Ao longo do segundo semestre, leváronse a cabo tres actividades con profesionais externos.

<b>Data:</b>	7 de febreiro de 2024
<b>Tipo de actividade:</b>	Actividade con profesionais externos
<b>Responsable:</b>	David Varela Vázquez
<b>Título:</b>	<b><i>Campaña Mans Unidas 2024: "O efecto ser humano"</i></b>
<b>Breve descrición:</b>	<p>Durante a semana do 5 ao 9 de febreiro, Mans Unidas de Lugo recibiu a visita dunha misioneira mercedaria, <b>María José López Cabezón</b>, para o inicio da <b>Campaña contra a fame no mundo de Mans Unidas 2024 "O efecto ser humano"</b>, campaña que estivo centrada en como as persoas podemos cambiar o planeta loitando contra o cambio climático que sofren os máis vulnerables, propoñendo e levando á realidade alternativas baseadas no cambio de estilos de vida, produción e consumo.</p> <p><b>O mércores 7 de febreiro, ás 17:30h, no Salón de Actos da Facultade de Formación do Profesorado</b>, María José López Cabezón tivo unha sesión-conferencia con parte do alumnado da materia de Teoloxía católica e a súa pedagogía, aberta á libre participación de todo o alumnado, profesorado e persoal da Facultade.</p> <p>A misioneira María José López Cabezón é licenciada en Psicoloxía e ten formación profesional na rama sanitaria. Dende o ano 1995 desenvolveu a súa actividade en Nicaragua, Guatemala e Ecuador, en proxectos de emerxencia (furacán Mitch 1998, terremoto Ecuador 2016), proxectos educativos con nenos e mozos, proxectos con mulleres con discapacidade, proxectos de desenvolvemento apoiando a mulleres rurais e de baixos recursos e proxectos de loita contra a violencia de xénero apoiando psicoloxicamente ás mulleres maltratadas, entre outros.</p>
<b>Materia vinculada:</b>	G3131455 Teoloxía Católica e a súa Pedagogía



<b>Data:</b>	1 de abril de 2024
<b>Tipo de actividade:</b>	Actividade con profesionais externos
<b>Responsable:</b>	Cristina Martínez Tejero
<b>Título:</b>	<b><i>Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy, por Doris Paz</i></b>
<b>Breve descrición:</b>	<p>Actividade vinculada á materia e financiada polo Servizo de Normalización Lingüística da USC. Consistiu na conferencia «Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy», por parte de Doris Paz. Esta educadora achegou a súa experiencia sobre o tratamento da literatura na primeira infancia, con atención a aspectos como a selección de obras, os recursos á hora de contar historias ou as rutinas arredor dos libros.</p> <p>Doris Paz é diplomada en maxisterio, con especialidade en Educación Infantil, pola Facultade de Formación do Profesorado da USC. En 1998 integrouse no histórico programa de educación infantil <i>Preescolar na casa</i> e, unha vez extinto este, proseguiu o seu traballo no colectivo que lle dá continuidade até hoxe: a Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy. Esta asociación realiza un importante labor educativo en diversas localizacións da xeografía galega traballando coas familias e reivindicando a importancia da contorna próxima no desenvolvemento das crianzas.</p>
<b>Materia vinculada:</b>	G3131328 Literatura Infantil e Dramatización
<b>Data:</b>	22 de abril de 2024
<b>Tipo de actividade:</b>	Actividade con profesionais externos
<b>Responsable:</b>	Cristina Martínez Tejero
<b>Título:</b>	<b><i>O teatro para a primeira infancia: a experiencia de Caramuxo Teatro, por Laura Sarasola</i></b>
<b>Breve descrición:</b>	Co obxectivo de achegarnos á arte dramática e coñecer as súas potencialidades no ámbito educativo, contamos coa directora e actriz Laura Sarasola, integrante de Caramuxo Teatro. Esta compañía teatral está especializada en teatro infantil e familiar, así como en espectáculos para bebés. Dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola, na súa proposta combinan diferentes técnicas e ofrecen espectáculos dotados de gran potencia visual e poética.

	Caramuxo teatro conta con máis de vinte anos de traxectoria e cultiva de forma activa a dimensión didáctica nas súas pezas.  Este evento estivo financiado polo Servizo de Normalización Lingüística da USC e pola Facultade de Formación do Profesorado.
<b>Materia vinculada:</b>	G3131328 Literatura Infantil e Dramatización

## 2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

### 2.1. Táboa-resumo de 3º curso de Educación Infantil

<b>Número de respostas:</b> 42 <b>Data de recollida:</b> 18 de abril a 16 de maio de 2024				
<b>Curso e grao:</b> Terceiro Curso de Educación Infantil				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais</b>	0%	16%	76%	7%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Dúas persoas indican que hai demasiado alumnado nos grupos interactivos. Unha terceira persoa tamén destaca o mesmo en relación cos grupos expositivos (“hay expositivas a las que va mucha gente porque pasan lista y no porque quieran ir y se forma un caos”).				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	7%	30%	59%	2%
<b>OBSERVACIÓNS</b> En oito observacións negativas predomina o comentario de que as mesas fixas impiden desenvolver dinámicas adecuadas. A maiores, dúas persoas destacan que hai poucas aulas na facultade.				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	0%	30%	61%	7%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Dous comentarios negativos: “aulas tradicionais” (enténdese que non hai tantos recursos técnicos como sería desexable) e “demasiado centrados nas TIC”.				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	21%	26%	42%	9%
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado protesta, sobre todo, por ter horas soltas e solapamentos. A continuación, varias persoas fan referencia á dificultade para conciliar con outras actividades (traballar ou viaxar desde fóra de Lugo). Destácase como algo moi negativo				

o feito de ter clase o venres a última hora da tarde, pois isto imposibilita coller o bus para regresar aos seus lugares de orixe. Finalmente, póñense como exemplo a seguir os horarios da Universidade da Coruña (8 respostas en total).				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I</b>	0%	19%	<b>66%</b>	<b>14%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Tres respostas inciden na excesiva carga de traballo.				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	2%	23%	<b>66%</b>	<b>7%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Cinco persoas destacan o exceso de traballo, sobre todo en certas materias, pero non se cita ningunha en concreto. Unha sexta persoa sinala que non hai “ningún tipo de feedback na maioría das entregas”.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	4%	19%	<b>73%</b>	<b>2%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Tres persoas insisten na idea da falta de coordinación. Unha delas apostila “parecen dos asignaturas diferentes en la mayoría de los casos”.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	4%	19%	<b>69%</b>	<b>7%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> As dúas observacións recibidas non responden á pregunta realizada. Céntranse só nos contidos e considéranos demasiado teóricos ou anticuados.				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a</b>	9%	16%	<b>61%</b>	<b>11%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Dos dous comentarios que recibimos, un deles fai referencia ao solapamento horario, non ao solapamento de contido. O outro comentario sinala moitas coincidencias con materias do Ciclo de Educación Infantil (“moitas asignaturas na que a materia é a mesma que na FP”).				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b> Dúas persoas consideran necesario concluír dicindo que fan falta moitos cambios (sen concretar máis) para mellorar o funcionamento da facultade e acadar o “prestixio que se merece”.				

## 2.2. Síntese dos resultados do cuestionario

Aínda que en todas as respostas predominan as porcentaxes positivas (bastante ou moi satisfeito) sobre as negativas (pouco ou nada satisfeito), é evidente que hai moito que mellorar no apartado dedicado aos horarios (21% nada satisfeito e 26% pouco satisfeito). Tamén hai certa marxe de mellora en “espazos para a docencia” (7% nada satisfeito e 30% pouco satisfeito) e “recursos técnicos para a docencia” (30% pouco satisfeito).

## 2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

Os resultados dos cuestionarios de coordinación do alumnado de 3º de Infantil foron enviados ao profesorado o 13 de xuño de 2024, ao tempo que se convocaba xuntanza virtual a través do correo electrónico para coñecer a valoración do profesorado implicado na docencia. A data límite para recibir comentarios foi o 19 de xuño de 2024 ás 17:00 hs.

Todas as persoas que contestaron o e-mail declinaron facer observacións sobre os datos recompilados.

## 2.4. Táboa-resumo de 3º curso do Dobre Grao

Número de respostas: <b>11</b> Data de recollida: 18 de abril a 16 de maio de 2024				
Curso e grao: Terceiro curso do Dobre Grao				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais	9%	9%	<b>72%</b>	<b>9%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa descontenta co tamaño dos grupos considera que esta situación dificulta unha ensinanza máis personalizada.				
2.- Espazos para a docencia	0%	27%	<b>72%</b>	<b>0%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Faltan espazos de traballo e as aulas son pequenas (unha resposta).				
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	36%	<b>63%</b>	<b>0%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai comentarios.				

<b>4.- Horarios lectivos</b>	<b>72%</b>	<b>9%</b>	18%	0%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Sete persoas insisten en que os horarios non son adecuados (pasar todo o día na facultade e con moitas horas mortas polo medio dificulta o estudo autónomo do alumnado). Unha desas sete persoas propón dúas posibles solucións: “ou ben condensar todas as materias con xornada de mañá e tarde en 2 ou 3 días, deixando así outros días de marxe para realizar traballos, ou ben deseñar unha soa xornada de mañá ou tarde que fose regular, sen ocios baleiros polo medio”.				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	<b>0%</b>	<b>54%</b>	45%	0%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Catro estudantes coinciden en destacar que a carga de traballo é excesiva en varias materias, moitas delas optativas (non se cita ningunha en concreto).				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	9%	27%	<b>54%</b>	<b>9%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha resposta: “Especialmente nas materias que contan con máis dun docente (que non en todos os casos), semella que se tratase de dúas materias completamente distintas, é dicir, contando co traballo correspondente a dúas materias, pero condensado nunha, o que resulta un excesivo número de entregas e tarefas que sería moito máis interesante dividir en dúas materias separadas. De igual forma, destacaría o feito de que nas materias de mención existe unha carga de traballo moitas veces maior que nas materias ordinarias, o que resulta incomprensible tendo en conta que estas contan cun cómputo de créditos menor, é dicir, 4,5 en lugar de 6”.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	0%	36%	<b>45%</b>	<b>18%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Só unha resposta: “nas materias da mención de inglés, a coordinación entre os docentes era regular, facendo que non tiveramos claro os criterios e sistema de avaliación, sabendo este último unha semana e media antes do exame”.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	0%	18%	<b>72%</b>	<b>18%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Un comentario: “nalgunhas materias preséntase o programa de avaliación ao inicio das mesmas, mais a cuestión do exame final non se trata até o final do curso, sendo así imposible deseñar un plan de estudo adaptado ás demandas de dito exame de forma progresiva e obrigando a estudar para superar a proba unha vez rematan as clases”.				

<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a</b>	27%	18%	45%	9%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Tres persoas confirman os solapamentos, destacando coincidencias entre materias de Infantil e materias de Primaria, ou entre materias obrigatorias e optativas de mención.				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b> Un único comentario final fai referencia a que o alumnado de Dobre Grao non ten as mesmas facilidades de horario que o alumnado de Infantil ou Primaria para asistir ás conferencias organizadas pola facultade.				

## 2.5. Síntese dos resultados do cuestionario

Como ven sendo habitual, os horarios lectivos presentan unhas moi altas porcentaxes de descontento (72% nada satisfeito e 9% pouco satisfeito). En segundo lugar, tamén suspende o apartado dedicado á “carga de traballo autónomo” (54% pouco satisfeito). Todos os demais ítems superan o 50% de valoracións positivas (bastante ou moi satisfeito). Aínda así, hai unha importante marxe de mellora en “recursos técnicos para a docencia” (36% pouco satisfeito), “número de traballos, prazos e datas de entrega” (9% nada satisfeito e 27% pouco satisfeito), “coordinación entre docentes” (36% pouco satisfeito) e “solapamento de contidos” (27% nada satisfeito e 18% pouco satisfeito).

## 2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

Os resultados dos cuestionarios de coordinación do alumnado de 3º de Dobre Grao foron enviados ao profesorado o 13 de xuño de 2024, ao tempo que se convocaba xuntanza virtual a través do correo electrónico para coñecer a valoración do profesorado implicado na docencia. A data límite para recibir comentarios foi o 19 de xuño de 2024 ás 17:00 hs.

Todas as persoas que contestaron o e-mail declinaron facer observacións sobre os datos recompilados.

## 3. INCIDENCIAS, SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

### 3.1. Alumnado

As delegadas de 3º de Infantil e 3º de Dobre Grao non comunicaron á coordinadora ningún tipo de incidencia ao longo de todo o curso. Preguntadas de novo ao remate do curso, a súa resposta foi que todos os pequenos incidentes que puideron xurdir no seo das materias foron resoltos mediante a comunicación directa co profesorado das mesmas.

### 3.2. Profesorado

Cristina Martínez Tejero, profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (materia obrigatoria de 3º de Educación Infantil), comenta que durante a avaliación da primeira oportunidade o alumnado lle transmitiu que o exame desta materia foi o último e iso impediulles preparalo adecuadamente. A profesora propón que, ao ser unha materia obrigatoria, debería tal vez pensarse en que o exame estea mellor localizado (pode que ao inicio do período de probas).

## 4. RESUMO DAS COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

### 4.1. Comunicación co alumnado

**O 20 de setembro de 2023** comunicouse o nome das delegadas de 3º de Dobre Grao e iniciouse o proceso de elección das delegadas en 3º de Educación Infantil (a través do Campus Virtual). Neste último caso, ao haber votacións, retrasouse o nomeamento ao 16 de outubro. As elixidas foron:

- 3º Curso de Educación Infantil
  - Delegada: Isabel Simil Romero
  - Subdelegada: Valentina Zaquiére Correa
- 3º Curso do Dobre Grao
  - Delegada: Ana Llana Viña
  - Subdelegada: Olalla Forján Gómez

**O 23 de novembro de 2023**, tamén a través do Campus Virtual, recordóuselles a importancia de cubrir as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

**O 15 de decembro de 2023** enviouse un *e-mail* ás delegadas para que comunicasen calquera tipo de demanda, suxestión ou queixa. Non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

**O 18 de abril de 2024**, a través do Campus Virtual, solicitouse a súa colaboración para cubrir a enquisa de coordinación de curso. Contactouse, ademais, coa profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (Cristina Martínez Tejero) e coa profesora de *Ensino e Aprendizaxe da Xeometría* (Cristina Lois Prados) para que facilitasen ao alumnado a realización das enquisas durante as súas horas de clase. Antes de facer esta tarefa nas aulas respectivas, había só tres enquisas entregadas. Despois deste proceso, obtivéronse un total de 53 (42 en Educación Infantil e 11 en Dobre Grao).

**O 14 de xuño de 2024** solicitouse ao alumnado (vía Campus Virtual) que participase nas enquisas de satisfacción coa titulación. O prazo comezaba o mesmo día 14 e remataba o 28 de xuño.

**O 20 de xuño de 2024** informouse ao alumnado (a través do Campus Virtual) dos resultados xerais da enquisa de coordinación de curso.

#### 4.2. Comunicación co profesorado

**Ao inicio de cada semestre (03/10/2023 e 28/02/2024)**, esta coordinación púxose en contacto co profesorado de 3º de Infantil e Dobre Grao para pedirilles que cubrisen os calendarios de entrega de traballos. Ao profesorado de 3º de Infantil tamén se lle pediu que rexistrasen todas as actividades transversais que foron organizando ao longo do curso.

**Ao final de cada semestre (15/12/2023 e 13/06/2024)** solicitouse ao profesorado que comunicase calquera demanda, suxestión ou queixa que tivera sobre o desenvolvemento do curso. En decembro non se recibiu ningunha comunicación ao respecto e no mes de xuño só se recibiu a proposta indicada no apdo. 3.2.

**O 15 de maio de 2024** lembrouse ao profesorado de 3º de Educación Infantil a data límite para cubrir o formulario de revisión de programas.

**O 23 de maio de 2024** realizouse o informe de revisión dos programas de 3º curso de Educación Infantil e enviouse á coordinadora do título de Infantil.

**O 13 de xuño de 2024** convocouse xuntanza virtual a través do correo electrónico para coñecer as observacións do profesorado sobre as enquisas de coordinación. Como as persoas enquisadas non fixeron referencia a materias concretas, o profesorado non estimou necesario facer ningún tipo de apreciación.

#### 5. Outras observacións ou comentarios

Nos documentos anexos axúntanse a seguinte información:

Anexo I: Acta de reunión virtual de coordinación de curso.

Anexo II: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Educación Infantil.

Anexo III: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Dobre Grao.

Lugo, 20 de xuño de 2024



Asdo. Montserrat Souto Gómez

Coordinadora de 3º curso de Educación Infantil e 3º curso de Dobre Grao



## ACTA DE REUNIÓN VIRTUAL DE COORDINACIÓN DE CURSO

---

**Lugar:** Facultade de Formación do Profesorado- Reunión virtual (correo electrónico)

**Data:** 19 de xuño de 2024

**Hora de inicio:** 13 de xuño de 2024 ás 20:50 hs.

**Hora de finalización:** 19 de xuño de 2024 ás 17:00 hs.

**Asistentes:** profesorado que imparte docencia ao alumnado de 3º de Educación Infantil ou ao alumnado de 3º de Dobre Grao:

1. Agrafojo Nieto, María Helena
2. Anderson Mcguire, Jodee
3. Ares Vázquez, María del Carmen
4. Aznar Cuadrado, Virginia
5. Díaz Queizán, Óscar
6. Doyle, Katie Rhianna
7. Fandiño Pascual, Ricardo
8. Fernández Vázquez, María del Mar
9. Ferreiro Núñez, Xesús
10. Freire Pérez, Estella Leticia
11. García Marín, Pablo
12. García Pedreira, María del Rocío
13. Gavino Fernández, Sandra
14. Gómez Gómez; María Carmen
15. Iglesias Forneiro, María Lina
16. Lago Ballesteros, Joaquín
17. Lois Prados, Cristina
18. López de la Calle Sampedro, M<sup>a</sup> Ángeles
19. López Quintáns, Javier
20. Martínez Quintanar, Miguel Ángel
21. Martínez Tejero, Cristina
22. Mecías Calvo, Marcos
23. Mouriz Corbelle, Romina
24. Riveiro Rodríguez, Tania
25. Rodríguez Vivero, Dolores
26. Romero Tabeayo, María Isabel
27. Sáez Gambín, Daniel
28. Santamaría Queiruga, Olaya
29. Souto Seijo, Alba María
30. Varela Vázquez, David
31. Varela Zapata, Jesús
32. Vázquez Regueiro, Teresa Susana

**Ausentes:**

*Ninguén*

---

## Orde do día:

1. Valoración das enquisas de coordinación
  2. Rolda aberta de intervencións
  3. Aprobación da acta da reunión
- 

## Deliberacións e acordos:

### 1. Valoración das enquisas de coordinación

Interveñen dezanove persoas para agradecer o informe sobre as enquisas de coordinación e indicar que non precisan facer ningún comentario ao respecto.

### 2. Rolda aberta de intervencións

Cristina Martínez Tejero, profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (materia obrigatoria de 3º de Educación Infantil), comenta que durante a avaliación da primeira oportunidade o alumnado lle transmitiu que o exame desta materia foi o último e iso impediulles preparalo adecuadamente. A profesora propón que, ao ser unha materia obrigatoria, debería tal vez pensarse en que o exame estea mellor localizado (pode que ao inicio do período de probas).

### 3. Aprobación da acta desta reunión

Apróbase a acta.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión da que estendo acta como secretaria.

Lugo, 19 de xuño de 2024



Asdo. Montserrat Souto Gómez

Coordinadora de 3º curso de Educación Infantil e 3º curso de Dobre Grao

## ANEXO II: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Educación Infantil

### PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 TERCEIRO INFANTIL

#### DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131322	Iniciación á Lectura e Escritura	OB
G3131327	Motricidade infantil	OB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **123**, **123**):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **123** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21 327	22	23	24
25	26	27	28 327	29	30	

OUTUBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
						1
2	3	4	5 327	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23 327	24	25	26 327 327	27 327	28	29
30	31					

NOVEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2 327	3 327	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias, optativas de mención ou optativas xerais)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131325	Música na educación infantil	OB
G3131328	Literatura infantil e dramatización	OB
G3131330	Educación estética	Optativa (Art)
G3131331	Literatura e arte	Optativa (Art)
G3131447	Educación emocional	Optativa
G3131448	Educación en valores e cidadanía	Optativa
G3131451	Idioma estranxeiro para educación infantil inglés	Optativa
G3131452	Lingua galega para a docencia	Optativa
G3131453	Titoría e orientación educativa	Optativa
G3131455	Teoloxía católica e a súa pedagogía	Optativa
G3131442	Educación e Linguas en Galicia	Optativa

O alumnado cursa 4 optativas para completar os 30 créditos (dúas poden ser as da mención)

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) 123 un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9 328	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27 G3131451 G3131451	28	29			

MARZO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1 328	2	3
4	5 G3131451	6	7	8 331	9	10
11	12 G3131451 G3131451	13	14	15	16	17
18	19 G3131451 G3131451 G3131442	20	21	22 328	23	24
25	26	27	28	29	30	31

328: 1 trab. Para grupos concretos

ABRIL 2024						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2 G3131451 G3131451	3	4	5	6	7
8	9 G3131451 G3131451	10	11	12 328	13	14
15	16 G3131451 G3131451	17	18 330	19	20	21
22	23 442 G3131451 331	24	25 448 330	26	27	28
29	30 442 G3131451 331					

328: 1 trab. Para grupos concretos

MAIO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1 331	2	3 328	4	5
6 328	7	8	9	10	11	12 330
13 328	14	15	16	331		
328						







### ANEXO III: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Dobre Grao

PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 TERCEIRO DOBRE GRAO

#### DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131327	<i>Motricidade infantil</i> (E. Infantil)	Ob
G3131322	<i>Iniciación á lectura e a escritura</i> (E. Infantil)	Ob
G3151321	<i>Ensino e aprendizaxe das ciencias sociais II</i> (E. Primaria)	Ob
G3151322	<i>Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais II</i> (E. Primaria)	Ob

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **G1234567**, **G1234567**):

-  ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
-  PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
-  PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
-  ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **G1234567** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21 327	22	23	24
25	26	27	28 327	29	30	

OUTUBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
						1
2 G3151322	3	4	5 327	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17 G3151322	18	19	20	21	22
23 327 G3151322	24 G3151322	25 G3151322	26 327 327	27 327	28	29
30	31					

NOVIEMBRE 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2 327 G3151322	3 327	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias e optativas de mención de primaria)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151328	Música na educación primaria (E. Primaria)	Ob
G3131222	Aprendizaxe da lingua oral (E. Infantil)	Ob
G3131206	Escola inclusiva e necesidades educativas especiais (E. Infantil)	FB
G3131325	Música na educación infantil (E. Infantil)	Ob
G3151227	Ensino e aprendizaxe da xeometría (E. Primaria)	Ob
G3151323	Educación visual e plástica II: Procesos e proxectos artísticos (E. Primaria)	Ob
G3151330	A calidade nos centros escolares	Optativa (Tit)
G3151331	Dirección de centros escolares	Optativa (Tit)
G3151460	Inglés: Comprensión e expresión escrita	Optativa (Ing)
G3151461	Inglés: Comprensión e expresión oral	Optativa (Ing)
G3151468	Xogos populares e xogos regulados en educación primaria	Optativa (EF)
G3151469	Actividades motrices e recreativas na natureza	Optativa (EF)
G3151480	Trastornos da linguaxe, fala e voz na infancia	Optativa (AL)
G3151481	Detección e avaliación dos problemas da linguaxe na infancia	Optativa (AL)

O alumnado cursa dúas optativas de mención de primaria ou dúas optativas xerais (Teoloxía católica e a súa pedagogía, Educación emocional, Educación en valores e cidadanía, Idioma estranxeiro para educación infantil: Inglés, Lingua galega para a docencia, Titoría e orientación educativa, Historia, patrimonio e educación de Galicia, Educación e Linguas en Galicia).

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **G1234567**, **G1234567**):

**ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS** (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

**PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS**

**PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES**

**ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA** (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **G1234567** un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
29	30	31	1	2	3	4
5 G3151460	6 G3151461	7 G3131206	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19 G3151460	20 G3151461	21 G3131206	22	23	24	25
26 G3151460	27 G3151461 G3151227	28 G3151469	29			

MARZO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4 G3151460	5 G3151461	6 G3131206 G3151469	7	8	9	10
11 G3151460	12 G3151461 G3131222	13 G3151469	14 G3131222	15	16	17
18 G3151460	19 G3151461	20 G3131206 G3131206 G3151469	21	22	23	24

25	26	27	28	29	30	31
----	----	----	----	----	----	----

ABRIL 2024						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1 G3151460	2 G3151461	3 G3151469	4	5	6	7
8 G3151460	9 G3151461	10 G3151469	11	12	13	14
15 G3151460	16 G3151461	17 G3151469	18	19	20	21
22 G3151460	23 G3151461	24	25	26 G3131206	27	28
29 G3151460	30 G3151481 G3151227 G3151461					

MAIO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6 G3151227 G3151469	7 G3151481 G3151227	8	9	10	11	12
13 G3151227	14 G3151227	15	16			

# INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

---

INFORME DE COORDINACIÓN 2023 - 2024

CURSO E GRAO: Cuarto Curso GMEI

NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO: Sabela Fernández Monteiro

1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

*Hai varias actividades rexistradas na aula de coordinación:*

*Data de inicio da actividade: 3 de novembro de 2023*

*Data de finalización da actividade: 3 de novembro de 2023*

*Duración da Actividade: 1:30h*

*Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos*

*Responsable: Uxía Garrido Filgueira*

*Nome da actividade: Conferencia: O xogo popular galego*

*Materia/s vinculadas: Xogo Infantil*

*Breve Descrición:*

*Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT), trasladará, nesta conferencia, o valor do xogo popular galego como axente transmisor de cultura, á vez que presentará recursos para que o alumnado -futuras mestras e mestres- sexa quen de ensinar xogos populares nas aulas de educación infantil e educación primaria.*

*Data de inicio da actividade: 3 de novembro de 2023*

*Data de finalización da actividade: 3 de novembro de 2023*

*Duración da Actividade: 1:30h*

*Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos*

*Responsable: Uxía Garrido Filgueira*

*Nome da actividade: Conferencia: O xogo popular galego*

*Materia/s vinculadas: Xogo Infantil*

*Breve Descrición:*

*Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT), trasladará, nesta conferencia, o valor do xogo popular galego como axente transmisor de cultura, á vez que*

*presentará recursos para que o alumnado -futuras mestras e mestres- sexa quen de ensinar xogos populares nas aulas de educación infantil e educación primaria.*

*Data de inicio da actividade: 6 de novembro de 2023  
Data de finalización da actividade: 6 de novembro de 2023  
Duración da Actividade: 2 horas  
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos  
Responsable: Helena Agrafojo Nieto, Anastasiia Ogneva  
Nome da actividade: Patoloxías Vocais na Docencia  
Materia/s vinculadas: Educación Vocal para Docentes  
Breve Descrición:*

*Charla impartida polo logopeda David Posada Fernández sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como funciona o aparello fonador, cales son as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como esa hixiene vocal para intentar previr estas patoloxías. Ademáis douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonía.*

*É unha actividade realizada dende Educación Vocal para Docentes, como material complementario ó temario, pero está orientada a todo o alumnado debido a importancia do tema e a carencia de información sobre o tema.*

*Data de inicio da actividade: 6 de novembro de 2023  
Data de finalización da actividade: 6 de novembro de 2023  
Duración da Actividade: 2 horas  
Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos  
Responsable: Helena Agrafojo Nieto, Anastasiia Ogneva  
Nome da actividade: Patoloxías Vocais na Docencia  
Materia/s vinculadas: Educación Vocal para Docentes  
Breve Descrición:*

*Charla impartida polo logopeda David Posada Fernández sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como funciona o aparello fonador, cales son as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como esa hixiene vocal para intentar previr estas patoloxías. Ademáis douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonía.*



É unha actividade realizada dende Educación Vocal para Docentes, como material complementario ó temario, pero está orientada a todo o alumnado debido a importancia do tema e a carencia de información sobre o tema.

Data de inicio da actividade: 29 de setembro de 2023

Data de finalización da actividade: 29 de setembro de 2023

Duración da Actividade: 4 horas

Tipo de actividade: Actividade de campo

Responsable: Mónica Arto Blanco, María Mar De Santiago Pérez

Nome da actividade: Visita á exposición "Educación, Xénero e Lectura" (MUPEGA)

Materia/s vinculadas: Deseño e elaboración de Materiais Didácticos/ Identidade de Xénero e Educación

Breve Descrición:

A práctica de campo consistiu nunha visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA, complementada nas aulas cunha actividade de preparación da visita e unha actividade de peche. A través da mirada retrospectiva, o obxectivo foi a reflexión crítica sobre as implicacións do emprego de materiais didácticos en materia de roles de xénero.

Data de inicio da actividade: 2 de maio de 2024

Data de finalización da actividade: 2 de maio de 2024

Duración da Actividade: 1:30 h

Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos

Responsable: Mónica Arto Blanco, Francisco Xosé Candía Durán

Nome da actividade: Emisión en directo do relatorio "Cos ollos de Frato. Conversa-coloquio con Francesco Tonucci"

Materia/s vinculadas: Deseño e elaboración de Materiais Didácticos + Educación en Contextos Rurais

Breve Descrición:

A charla tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida), na véspera do acto de concesión do Doutoramento Honoris Causa a Francesco Tonucci. Foi retransmitida en directo no salón de actos da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo). Abriuse á participación de público académico e público alleo á Facultade, contando coa posibilidade de trasladar preguntas e reflexións a F. Tonucci desde Lugo.

Data de inicio da actividade: 22 de setembro de 2023

Data de finalización da actividade: 22 de setembro de 2023

Duración da Actividade: 4:30 horas (entre 16:00 e 20:30)

*Tipo de actividade: Actividade de campo*  
*Responsable: Francisco Xosé Candia Durán*  
*Nome da actividade: Saída de campo de inicios de semestre*  
*Materia/s vinculadas: Educación en Contextos Rurais*  
*Breve Descrición:*

*Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia "Educación en Contextos Rurais". Fíxose polos arredores da cidade de Lugo (sistema hidrográfico dos regatos Rato e Chanca) un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a sesión desenvólvese ao aire libre e o alumnado precisa ir apuntando sobre o que iamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade e da posta en valor do medio. O descubrimento in situ das funcións que desempeñan as árbores, a identificación de numerosas especies arbóreas, o seu aproveitamento didáctico, e o aumento da cultura sobre as árbores, son tamén obxectivos importantes da actividade.*

*Consta que no primeiro semestre se ofertaron: a xornada formativa "Como facer o TFG/TFM en educación", e o curso de competencias en información, organizado pola biblioteca do centro e dirixido a alumnado que está a piques de realizar seu TFG. No segundo semestre o alumnado cursou Practicum II e TFG.*

## **2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado**

### **2.1. Resumo de resultados**

*Na enquisa do segundo semestre recolléronse un total de dúas respostas. Por estas razóns, o valor informativo das mesmas é limitado e non permite sacar conclusións.*

*Na enquisa do primeiro semestre rexístranse 47 respostas. O alumnado móstrase bastante satisfeito cos espazos para a docencia, os recursos técnicos para a docencia, e a adecuación dos contidos e metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas.*

*As cuestións nas que se percibe menor satisfacción son o número de alumnos nas sesións; os horarios lectivos e a carga de traballos*

### **2.2 Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)**

*En canto ao tamaño dos grupos e os horarios, son cuestións ao respecto das que o profesorado ten pouca marxe de manobra, dado que derivan da falta de espazos e das instrucións da Vicerreitoría. En canto a carga de traballo, actualmente o profesorado está sendo laxo na esixencia de 99 horas de traballo autónomo.*

*A materia de Practicum II dispón dun cuestionario propio do que se derivan os resultados pertinentes.*

### 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

*Un dos docentes mostra insatisfacción coa excesiva carga de direccións de TFG asumidas. Outro docente suxire o seguinte para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de coordinación: que se fixe un día no primeiro semestre e outro no segundo semestre, presenciais, para que o alumnado responda nunha aula todas as enquisas de vez e que o alumnado que non veña ese día sexa informado por correo-e, dándolle un prazo para que o faga particularmente.*

### 4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual

*Os resultados da enquisa de coordinación do segundo semestre foron comunicados ao profesorado o día 28 de maio de 2024 por email, recibíndose suxestións por parte dun docente sobre posibles medidas para incrementar a participación. Fíxose a comunicación ao alumnado o día 6 de xuño.*

### 5. Outras observacións ou comentarios

*O alumnado non elixiu representante.*

**Data e sinatura**

**07/06/2024**

**Sabela Fernández Monteiro**

**NOTA: adxuntar como anexos as evidencias que se teñan de reunións de coordinación (de habelas)**

## **Informe de evidencias 4º curso de Educación Infantil**

Evidencias que se adxuntan neste documento, por orde de aparición:

- 1- Calendario de traballos das materias de 4º curso de Educación Infantil
- 2- Rexistro de actividades transversais de 4º curso de Educación Infantil
- 3- Captura de fío de mensaxes para todo o profesorado de 4º curso de Educación Infantil na aula de coordinación do campus virtual sobre os resultados das enquisas.
- 4- Copia da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca do Calendario de traballos
- 5- Captura de pantalla coa mensaxería da aula de coordinación do 4º curso de Educación Infantil, incluíndo as comunicacións ao alumnado e profesorado sobre os resultados das enquisas.

## 1- Calendario de traballos das materias de 4º curso de Educación Infantil

### PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 CUARTO INFANTIL

#### DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias, optativas de mención e optativas xerais)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131321	Aprendizaxe da matemática	Obrigatoria
G3131422	Aprendizaxe das ciencias sociais	Obrigatoria
G3131423	Aprendizaxe das ciencias da natureza	Obrigatoria
G3131463	O debuxo como medio	Optativa (Art)
G3131464	Proxectos Artísticos	Optativa (Art)
G3131441	Educación en contextos rurais	Optativa
G3131443	Xogo Infantil	Optativa
G3131445	Deseño e elaboración de materias didácticos	Optativa
G3131446	Educación ambiental e a súa didáctica	Optativa
G3131449	Educación Vocal para Docentes	Optativa
G3131450	Identidade de xénero e educación	Optativa



O alumnado cursa 3 obrigatorias e 2 optativas, máis 3 créditos do TFG para completar os 30.

**CÓDIGOS DE ACTIVIDADES** (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

 ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

 PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

 PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

 ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*))  
 123 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3

4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

OUTUBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31 <sup>423</sup> (interactiva)					

NOVEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14 <sup>423</sup> (interactiva)	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
				1	2	3
4 423 (interactiva)	5	6	7	8	9	10
11	12 321+423 (Traballo Interdisc.) 321+423 (TI)	13	14 321+423 (TI)	15	16	17
18	19 321+423 (TI) 423	20	21 321+423 (TI)	22 423 (interactiva)	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## 2- Rxistro de actividades transversais de 4º curso de Educación Infantil

Data de inicio da actividade: 3 de novembro de 2023

Data de finalización da actividade: 3 de novembro de 2023

Duración da Actividade: 1:30h

Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos

Responsable: Uxía Garrido Filgueira

Nome da actividade: Conferencia: O xogo popular galego

Materia/s vinculadas: Xogo Infantil

Breve Descrición: Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT), trasladará, nesta conferencia, o valor do xogo popular galego como axente transmisor de cultura, á vez que presentará recursos para que o alumnado -futuras mestras e mestres- sexa quen de ensinar xogos populares nas aulas de educación infantil e educación primaria.



Data de inicio da actividade: 3 de novembro de 2023

Data de finalización da actividade: 3 de novembro de 2023

Duración da Actividade: 1:30h

Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos

Responsable: Uxía Garrido Filgueira

Nome da actividade: Conferencia: O xogo popular galego

Materia/s vinculadas: Xogo Infantil

Breve Descrición: Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional



(AGXPT), trasladará, nesta conferencia, o valor do xogo popular galego como axente transmisor de cultura, á vez que presentará recursos para que o alumnado -futuras mestras e mestres- sexa quen de ensinar xogos populares nas aulas de educación infantil e educación primaria.



Data de inicio da actividade: 6 de novembro de 2023

Data de finalización da actividade: 6 de novembro de 2023

Duración da Actividade: 2 horas

Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos

Responsable: Helena Agrafojo Nieto, Anastasiia Ogneva

Nome da actividade: Patoloxías Vocais na Docencia

Materia/s vinculadas: Educación Vocal para Docentes

Breve Descrición:

Charla impartida polo logopeda David Posada Fernández sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como función o aparello fonador, cales son as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como esa hixiene vocal para intentar previr estas patoloxías. Ademais douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonía.

É unha actividade realizada dende Educación Vocal para Docentes, como material complementario ó temario, pero está orientada a todo o alumnado debido a importancia do tema e a carencia de información sobre o tema.



Data de inicio da actividade: 6 de novembro de 2023

Data de finalización da actividade: 6 de novembro de 2023

Duración da Actividade: 2 horas

Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos

Responsable: Helena Agrafojo Nieto, Anastasiia Ogneva

Nome da actividade: Patoloxías Vocais na Docencia

Materia/s vinculadas: Educación Vocal para Docentes

Breve Descrición: Charla impartida polo logopeda David Posada Fernández sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como función o aparello fonador, cales son as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como esa hixiene vocal para intentar previr estas patoloxías. Ademais douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonía.

É unha actividade realizada dende Educación Vocal para Docentes, como material complementario ó temario, pero está orientada a todo o alumnado debido a importancia do tema e a carencia de información sobre o tema.



Data de inicio da actividade: 29 de setembro de 2023

Data de finalización da actividade: 29 de setembro de 2023

Duración da Actividade: 4 horas

Tipo de actividade: Actividade de campo

Responsable: Mónica Arto Blanco, María Mar De Santiago Pérez

Nome da actividade: Visita á exposición "Educación, Xénero e Lectura" (MUPEGA)

Materia/s vinculadas: Deseño e elaboración de Materiais Didácticos/ Identidade de Xénero e Educación

Breve Descrición: A práctica de campo consistiu nunha visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA, complementada nas aulas cunha actividade de preparación da visita e unha actividade de peche. A través da mirada

retrospectiva, o obxectivo foi a reflexión crítica sobre as implicacións do emprego de materiais didácticos en materia de roles de xénero.



Data de inicio da actividade: 2 de maio de 2024

Data de finalización da actividade: 2 de maio de 2024

Duración da Actividade: 1:30 h

Tipo de actividade: Actividade con profesionais externos

Responsable: Mónica Arto Blanco, Francisco Xosé Candia Durán

Nome da actividade: Emisión en directo do relatorio "Cos ollos de Frato. Conversa-coloquio con Francesco Tonucci"

Materia/s vinculadas: Deseño e elaboración de Materiais Didácticos + Educación en Contextos Rurais

Breve Descrición: A charla tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida), na véspera do acto de concesión do Doutoramento *Honoris Causa* a Franceso Tonucci. Foi retransmitida en directo no salón de actos da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo). Abriuse á participación de público académico e público alleo á Facultade, contando coa posibilidade de trasladar preguntas e reflexións a F. Tonucci desde Lugo.



Data de inicio da actividade: 22 de setembro de 2023

Data de finalización da actividade: 22 de setembro de 2023

Duración da Actividade: 4:30 horas (entre 16:00 e 20:30)

Tipo de actividade: Actividade de campo

Responsable: Francisco Xosé Candia Durán


Nome da actividade: Saída de campo de inicios de semestre

Materia/s vinculadas: Educación en Contextos Rurais

Breve Descrición: Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia "Educación en

Contextos Rurais". Fíxose polos arredores da cidade de Lugo (sistema hidrográfico dos regatos Rato e Chanca) un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a sesión desenvólvese ao aire libre e o alumnado precisa ir apuntando sobre o que íamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade e da posta en valor do medio. O descubrimento in situ das funcións que desempeñan as árbores, a identificación de numerosas especies arbóreas, o seu aproveitamento didáctico, e o aumento da cultura sobre as árbores, son tamén obxectivos importantes da actividade.

### 3- Exemplo: captura de fío de mensaxes para todo o profesorado de 4º curso de Educación Infantil na aula de coordinación do campus virtual sobre os resultados das enquisas de coordinación para recollida de suxestións.



### 4- Copia da mensaxe enviada ao profesorado de 4º curso de Educación Infantil acerca do Calendario de traballos (23/01/2024)

Prezado profesorado do 4 curso do Grao en educación infantil  
Queridas compañeiras/os:

Envío esta mensaxe a todo o profesorado que aparece no listado da páxina de coordinación do 4 curso GMEI para pedirvos a vosa colaboración nun aspecto concreto de cara a elaboración do informe de coordinación.

De ter prevista ou organizada algunha actividade ao largo do curso, agradézovos que a

completedes na táboa de actividades transversais se aínda non tivestes ocasión de facelo.

A táboa está no inicio da aula de coordinación, visible so para as docentes.

Tamén dicirvos que podeades escribirme con calquera outra cuestión, incidencia, suxerencia... que queirades salientar sobre o desenvolvemento do curso

Nada máis, moitísimas grazas pola vosa colaboración.

Unha forte aperta

Sabela

**5- Captura de pantalla coa mensaxería da aula de coordinación do 4º curso de Educación Infantil, incluíndo as comunicacións ao alumnado e profesorado sobre os resultados das enquisas.**

Asunto	Destinatario	Remitente	Estado
1. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
2. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
3. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
4. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
5. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
6. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
7. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
8. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
9. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
10. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
11. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
12. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
13. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
14. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
15. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
16. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
17. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
18. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1
19. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Profesorado	Profesorado	1
20. Mensaje de bienvenida a la asignatura de Educación Infantil	Alumnado	Profesorado	1

## Anexo II. Revisión dos programas das materias para o curso 2024-2025

## Grao en Mestre/a en Educación Infantil

<b>Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025. Coordinador/a de 1º curso: Alba María Souto</b>						
<b>Código</b>	<b>Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a</b>	<b>Todos os campos cubertos en Xescampus</b>	<b>Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)</b>	<b>Elimináronse as referencias aos escenarios 2 e 3 e ao Plan de Continxencia</b>	<b>OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos</b>	
G3131101	Socioloxía da Educación (Marta María Poncet Souto)	SI	SI	SI	<b>XA REXISTRADAS</b>	
G3131102	Infancia, Familia e Escola (Francisco Xosé Candia Durán)	SI	SI	SI	<b>XA REXISTRADAS</b>	
G3131103	Psicoloxía do Desenvolvemento (0-3 anos) (Manoel Baña Castro)	SI	SI	SI	<b>NON HAI</b>	
G3131104	Teoría e Institucións Contemporáneas de Educación Infantil (Laura García Docampo)	SI	SI	SI	<b>XA REXISTRADAS</b>	
G3131105	Didáctica e Profesión Docente (Eva María Barreira Cerqueiras)	SI	SI	SI	- É preciso modificar os contidos xa que algúns deles son demasiado amplos e/ou non se axustan á profesión docente no ámbito da educación infantil. - Considero que habería que revisar e actualizar as competencias do título na súa totalidade.	
G3131106	Psicoloxía do Desenvolvemento (3-6 anos) (Carlos Dosil Diaz)	SI	SI	SI	<b>NON HAI</b>	



G3131107	Psicoloxía da Educación (María José Fiuza Asorey)	SI	SI	SI	NON HAI
G3131108	Observación e Análise: Suxeitos e Procesos Educativos (Mari Carmen Caldeiro Pedreira)	SI	SI	SI	- Contidos: incluír aspectos relacionados coa observación na etapa de infantil e o desenvolvemento da tecnoloxía como recurso pedagóxico - Avaliación: deberíase incluír información máis detallada no referente ós casos de avaliación para matriculados con dispensa de asistencia a clase.
G3131109	Infancia, Saúde e Alimentación (Lucía Moure Rodríguez)	SI	SI	SI	NON HAI
G3131207	Procesos de Mellora e uso das TIC (Pablo César Muñoz Carril)	SI	SI	SI	NON HAI
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adjuntou programa, etc.):</b>					
Sen incidencias.					

Lugo, 20 de maio de 2024



Alba María Souto Seijo

## Grao en Mestre/a en Educación \_\_Infantil\_\_

### Informe de revisión de programas: Curso 2023-2024. Coordinador/a de 2º curso: **María Carmen Gómez Gómez**

Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3131323	Aprendizaxe de linguas en contextos multilingües (Iván Enríquez Martínez)	SI	SI	NON HAI
G3131110	Dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento (Santiago López Gómez)	SI	SI	
G3131206	ESCOLA INCLUSIVA E NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (Olaya Santamaría Queiruga)	SI	SI	
G3131202	PROXECTOS E INNOVACION EDUCATIVA (MARIA LINA IGLESIAS FORNEIRO)	SI	SI	
G3131203	ORGANIZACION E XESTION DE AULA (MARIA LINA IGLESIAS FORNEIRO)	SI	SI	
G3131222	Aprendizaxe da lingua oral (Montserrat Souto Gómez)	SI	SI	

G3131204	Organización e Xestión do Centro Escolar (María del Carmen Gomez Gómez)	SI	SI	
G3131324	Educación Visual e Plástica: Contextos e Procesos Artísticos (Salvador Cidrás Robles)	SI	SI	
G3131205	Observación y análisis: escuela y contexto (Daniel Sáez Gambín)	SI	SI	
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.): No hay ficha ni programa</b>				
Diseño y desarrollo Curricular G3131201				

**DATA E SINATURA**

Lugo, 27 de Mayo de 2024

## Grao en Mestre/a en Educación Infantil

<b>Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025. Coordinador/a de 3º curso: Montserrat Souto</b>					
<b>Código</b>	<b>Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a</b>	<b>Todos os campos cubertos en Xescampus</b>	<b>Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)</b>	<b>OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos</b>	
G3131322	<i>Iniciación á lectura e á escritura.</i> Ricardo Fandiño Pascual	SI	SI	NON HAI	
G3131325	<i>Música na Educación Infantil.</i> M <sup>a</sup> Ángeles López de la Calle Sampedro	SI	SI	NON HAI	
G3131327	<i>Motricidade Infantil.</i> Pablo García Marín	SI	SI	NON HAI	
G3131328	<i>Literatura infantil e dramatización.</i> Cristina Martínez Tejero	SI	SI	CONTIDOS: “deberían ser actualizados na liña dos contidos fixados no programa da materia”. COMPETENCIAS: “observacións xa rexistradas”. METODOLOXÍA: “observacións xa rexistradas”.	
G3131329 G6091301	<i>Prácticum I.</i> Olaya Santamaría Queiruga	SI	SI	NON HAI	
G3131330	<i>Educación estética.</i> Xesús Ferreiro Núñez	SI	SI	NON HAI	
G3131331	<i>Literatura e arte.</i> María del Mar Fernández Vázquez	SI	SI	NON HAI	
G3131442	<i>Educación e linguas en Galicia.</i> Montserrat Souto Gómez	SI	SI	NON HAI	
G3131447	<i>Educación emocional.</i> María Lina Iglesias Forneiro	SI	SI	NON HAI	
G3131448	<i>Educación en valores e cidadanía.</i> Miguel Ángel Martínez Quintanar	SI	SI	NON HAI	

G3131451	<i>Idioma estranxeiro para a Educación Infantil, Inglés. JoDee Anderson</i>	<b>SI</b>	<b>SI</b>	CONTIDOS: "sí, debe ser una asignatura de lengua inglesa". COMPETENCIAS: "sí, debe ser una asignatura de contenido de la lengua inglesa". METODOLOGÍA: "se actualizó porque está retirada de la oferta".
G3131452	<i>Lingua galega para a docencia. Carme Ares Vázquez</i>	<b>SI</b>	<b>SI</b>	<b>NON HAI</b>
G3131455	<i>Teoloxía católica e a súa pedagogía. David Varela Vázquez</i>	<b>SI</b>	<b>SI</b>	<b>NON HAI</b>
<b>INCIDENCIAS. NON HAI FICHA DA SEGUINTE MATERIA:</b>				
G3131453. <i>Titoría e orientación educativa. Coordinadora actual: Teresa Susana Vázquez Regueiro.</i>				

Lugo, 23 de maio de 2024



Asdo. Montserrat Souto Gómez

Coordinadora de 3º curso do Grao en Mestre de Educación Infantil

## Grao en Mestre/a en Educación Infantil

### Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025.

#### Coordinadora de 4º curso: Sabela Fernández Monteira

Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	Elimináronse as referencias aos escenarios 2 e 3 e ao Plan de Continxencia	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151452	Lingua galega para a docencia (Carme Ares Vázquez)	SI	SI	SI	---
G3151450	Identidade de xénero e educación (Javier Lopez Quintáns)	SI	SI	SI	---
G3131423	Aprendizaxe das Ciencias da Natureza (Sabela Fernández Monteira)	SI	SI	SI	---
G3151441B	Educación en contextos rurais (Francisco Xosé Candia Durán)	SI	SI	SI	Dúas observacións: 1) Campo: Contidos Cambios suxeridos e xustificación: Xa rexistradas. Cómpre engadir ademais que os contidos que figuran na ficha da memoria son practicamente imposibles de impartir na súa totalidade, polo que no programa redúcese levemente. 2) Campo: Sistema de avaliación.

					<p>Cambios suxeridos e xustificación:</p> <p>Xa rexistradas. Cómpre engadir ademais que na ficha da memoria o sumatorio dos valores dos diferentes apartados de avaliación (no seu umbral alto) xa non só non é que pase pouco de 100, senón que nin sequera chega a esa cifra. Este erro manifesto corríxese no programa da materia.</p>
G3151444	Xogo Infantil (Uxía Garrido Filgueira)	SI	SI	SI	<p>Unha observación:</p> <p>1) Campo: Competencias.</p> <p>Cambios suxeridos e xustificación:</p> <p>A competencia Básica G10 (Actuar como orientador de padres y madres en relación con la educación familiar en el período 0-6 y dominar habilidades sociales en el trato y relación con la familia de cada estudiante y con el conjunto de las familias) non é acadable a partir dos contidos desta materia. De feito, a G10 que consta na ficha desta materia para o Grao de Ed. Primaria (G3151444) cítase o contido que eu poño e sempre puxen nos programas como G-10.</p>
G3131321	Aprendizaxe da Matemática (Pablo González Sequeiros)	SI	SI	SI	<p>Unha observación:</p> <p>1) Campo: Contidos</p> <p>Cambios suxeridos e xustificación: xa rexistrada.</p>

G3131422	Aprendizaxe das Ciencias Sociais (Jorge Conde Miguélez)	SI	SI	SI	SI	Comentario da coordinación de curso: na ficha de comprobación de programas aparecen os diferentes campos de observación cubertos, mais só coa finalidade de indicar que "non" se suxiren cambios.
G3131465	Prácticum II (Olaya Santamaría Queiruga)	SI	SI	SI	SI	Comentario da coordinación de curso: o código que aparece na ficha de comprobación de programas non se corresponde co da guía docente e da páxina da facultade G3131465
G3131463	O debuxo como medio (Salvador Cidrás Robles)	SI	SI	SI	SI	
G3131424	TFG (Santiago López Gómez)	SI	SI	SI	SI	
G3131464	Proxectos artísticos (Vicente Blanco Mosquera)	SI	SI	SI	SI	
G3131446	Educación Ambiental e a súa didáctica (Carlos Emilio Reigosa Castro)	SI	SI	SI	SI	
G3151449	Educación Vocal para Docentes (María Helena Agrafojo Nieto)	SI	SI	SI	SI	
G3131445	Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos (Mónica Arto Blanco)	SI	SI	SI	SI	
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.):</b>						
Non hai						

DATA E SINATURA

Lugo, 24 de maio de 2024

**Sabela Fernández Monteiro, Coordinadora de Cuarto Curso de Ed. Infantil**



# INFORME DA COORDINACIÓN DE TÍTULO: PRIMARIA E DOBRE GRAO

Curso 2023-2024

MARÍA CAMPOS MAGDALENO

A coordinadora do Título e do Dobre Grao quere manifestar o seu agradecemento ás coordinacións de curso pola labor realizada ao longo de todo o ano académico, especialmente na elaboración dos informes de final de curso. Xúntanse ditos informes no Anexo I, e a continuación procédese a sintetizar os resultados dos mesmos, así como da información relativa ao Dobre Grao, nalgunhas ocasións incluída nos informes de Infantil.

## 1. INFORMES DAS COORDINACIÓNS SOBRE A MARCHA DO CURSO ACADÉMICO.

### **Actividades transversais, prácticas de campo, actividades con profesionais externos e outras actividades de formación e orientación do alumnado.**

Recóllense a continuación as actividades rexistradas ao longo do curso académico 23/24 para cada curso das titulacións de Primaria. Detállanse unicamente as actividades que o profesorado deixou rexistradas, despois de varios recordatorios na necesidade de facelo. O alumnado de Dobre Grao comparte materias de Infantil e Primaria, polo que non ten materias propias. Deste xeito, as actividades que realizaron son as mesmas que fai o alumnado destas titulacións segundo o curso que corresponde.

**No primeiro curso do Grao de Primaria** realizáronse 13 actividades: (1) Curso de competencias en información (nivel básico) posto en marcha polo antigo Director da Biblioteca César Gómez;; (2) Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario, encargado Francisco Candia; (3) Xornadas FORINNOVA LITE, a cargo de Pablo C. Muñoz; (4) ApS con entidades socioeducativas para a formación de futuros mestres e mestras, a cargo de Eva M. Barreira, Marta Poncet e Alba Souto; (5) Actividade sobre aprendizaxe por proxectos nun CPI a cargo de Alba Souto e Marta Poncet; (6) Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar a cargo de Alba Souto e Marta Poncet; (7) Taller de prensa- Down Lugo a cargo de Alba Souto e Marta Poncet; (8) Actividade sobre a situación educativa do alumnado xitano a cargo de Alba Souto e Marta Poncet; (9) Conferencia de Antón Costa sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos a cargo do profesor Francisco Candia; (10) Exposición sobre a Escola nova e Galiza, a cargo de Francisco Candia; (11) Conferencia e documental sobre as Escolas do Insiño Galego a cargo de Francisco Candia; (12) ApS sobre educación en feminino, a cargo do profesor Francisco Candia; (13) Actividades organizadas co gallo do 25N a cargo do profesor Francisco Candia.

**No segundo curso do Grao de Primaria** realizouse a actividade “Camiñando xuntos” a cargo de Cristina Lois, María J. Romero, X. Ramón Veiga e Jorge Conde.

**No terceiro curso do Grao de Primaria** rexistráronse 3 actividades: (1) Saída ao parque Rosalía de Castro a cargo de Virginia Aznar; (2) Visita a ARMH a cargo de Tania Riveiro e Virginia Aznar; e (3) Sesión-conferencia da campaña de Mans Unidas 2024 a cargo do profesor David Varela.

**No cuarto curso do Grao de Primaria** desenvolvéronse 7 actividades: (1) curso de competencias en información (nivel avanzado) a cargo do antigo Director de Biblioteca César Gómez; (2) Saída de campo no eido da materia Educación en Contextos Rurais a cargo de Francisco Candia; (3) Visita a exposición Educación, Xénero e Lectura no MUPEGA, a cargo de Mónica Arto e María del Mar Santiago; (4) Actividade sobre como facer un TFG/TFM en educación, a cargo da profesora Anastasiia Ogneva; (5) Actividade con profesionais externos sobre patoloxías vocais na docencia, a cargo de Helena Agrafojo e Anastasiia Ogneva; (6) Emisión en directo da conversa-coloqui con Francesco Tonucci a cargo de Mónica Arto e Francisco Candia; (7) Xornada Iniciando a miña carreira investigadora a cargo da profesora Anastasiia Ogneva.

### Resultado das enquisas de coordinación de curso feitas ao alumnado.

Facilitouse ao alumnado ás ligazóns as enquisas de coordinación de curso a través das páxinas de coordinación de cada curso no Campus Virtual. Estas cubríronse ao remate do primeiro semestre naqueles cursos que logo tiñan Prácticum e TFG, e no mes de maio en todos os cursos. Solicitouse ao alumnado que cubrisen as enquisas de xeito presencial (a través duns minutos cedidos por algún ou algunha docente nas súas sesións), ou ben avisando de que o fixese fóra do horario oficial. A continuación sintetízanse os resultados obtidos, en canto a participación e grao de satisfacción.

Táboa 1. Número de respostas recollidas na enquisa de satisfacción para cada titulación.

	<b>PRIMARIA</b>	<b>DOBRE GRAO</b>
<b>Primeiro curso</b>	88 respostas	3 respostas
<b>Segundo curso</b>	34 respostas	16 respostas
<b>Terceiro curso</b>	39 respostas	11 respostas
<b>Cuarto curso</b>	Primeiro semestre: 47 respostas Segundo semestre: 6 respostas	Primeiro semestre: 10 respostas Segundo semestre: 5 respostas
<b>Quinto curso</b>		Primeiro semestre: 8 respostas Segundo semestre: 0 respostas

**Primeiro curso de Primaria:** predomina a opción “bastante satisfeito” e “moi satisfeito” acadando aproximadamente o 80% das respostas en 6 das 9 preguntas. As preguntas onde o alumnado amosa menos satisfacción é con respecto aos horarios, a carga de traballo autónomo e o número, prazos e datas para os traballos. Sinalan simultaneamente que hai demasiado alumnado e demasiado pouco alumnado nas sesións expositivas, posiblemente facendo referencia se a asistencia é obrigatoria ou non.

**Segundo curso de Primaria:** o alumnado está “bastante satisfeito” na maioría dos ítems preguntados, se ben onde se amosa menos satisfacción é o no número de alumnado nas sesións, carga de traballos, horarios lectivos e na coordinación entre docentes.

**Terceiro curso de Primaria:** A maioría do alumnado valora positivamente (bastante satisfeito e moi satisfeito) todos os ítems agás os horarios e os espazos para a docencia. Nos comentarios salientan carga excesiva de traballos ao final do semestre.

**Cuarto curso de Primaria:** na enquisa do primeiro semestre o alumnado amósase bastante ou moi satisfeito cos espazos para a docencia, os recursos técnicos, a adecuación de contidos e solapamentos. Amosan menos satisfacción na cantidade de alumnado nas sesións (indicando que esta situación dificulta a participación en clase, e que nas interactivas da mención de AL e nas materias de galego e sociais o número de alumnado era excesivo), nos horarios, a carga de traballo e o número de traballos. Na enquisa de segundo semestre, a metade das respostas amosan alta satisfacción co Prácticum, e a outra metade baixa satisfacción. Sinalan que as prazas de Prácticum non se axustan á mención e que a elaboración do TFG debería comezar a principio de curso.

**Primeiro curso de DG:** o alumnado está bastante ou moi satisfeito en todos os ítems, agás nos horarios lectivos. Sinalan en comentarios a dispersión de horarios.

**Segundo curso de DG:** a maioría das respostas sinalan un nivel medio-baixo de satisfacción na maioría dos ítems, agás nos horarios lectivos, carga de traballo e adecuación dos contidos, onde a maioría de respostas é “nada satisfeito”. Comentarios sinalan falta de sitios na aula para sentarse ou a proximidade dos prazos de entrega co periodo de exames.

**Terceiro curso de DG:** predominan as opcións de resposta bastante ou moi satisfeito na maioría de ítems, salvo na carga de traballo autónomo e nos horarios lectivos.

**Cuarto curso de DG:** na enquisa do primeiro semestre o alumnado está maiormente satisfeito coa meirande parte das preguntas realizadas (superando o 60% de respostas bastante ou moi satisfeito), agás na carga de traballo autónomo e no número de

traballos, onde baixa a satisfacción. Na enquisa de segundo semestre o alumnado atópase maiormente satisfeito, salvo nos horarios, onde existe maior marxe de mellora.

**Quinto curso de DG:** A enquisa de primeiro semestre indica bastante satisfacción na meirande parte das preguntas, agás no número de alumnas e alumnos nas sesións, nos horarios lectivos e na carga de traballos. Non se recollen respostas na enquisa de segundo semestre.

**RESULTADOS XERAIS DAS ENQUISAS:** o alumnado atópase en xeral satisfeito con todos os ítems sobre os que se lle pregunta. Aqueles cos que se atopa menos satisfeito son principalmente na carga de traballo autónomo, no número de traballos, e nos horarios lectivos, o que constitúe unha tendencia similar ao curso pasado 22-23.

Con respecto á **carga de traballo autónomo** e do **número de traballos realizados nas materias**, facilitouse ás coordinacións de curso de Primaria e DG (tamén en Infantil) unha ferramenta para recoller e compartir os datos sobre entrega de traballos escritos, presentacións orais, probas (ou exames) parciais e outras actividades. Esta ferramenta, en forma de calendario, púxose a disposición do profesorado de cada curso e título para que puidesen introducir as datas. Agrádecese ao profesorado a súa colaboración e animábase a todo o equipo docente a continuar proporcionando esta información, xa proporciona unha visión conxunta da carga de traballos do alumnado en cada semestre, o que facilita a toma de decisións con respecto de posibles flexibilizacións. Por outra banda, esta ferramenta inclúese dentro dos informes de seguimento dos títulos como na memoria de calidade do centro.

En relación aos **horarios**, existen múltiples casuísticas que dificultan unha distribución das horas lectivas máis adecuada ás preferencias do alumnado (falta de espazos, profesorado asociado, falta de representantes do alumnado en Xunta de Facultade...). Por outra banda, sinálase que dispoñer de tempo entre clases pode facilitar a elaboración de traballos (individuais ou en grupo) e que a Facultade pon a disposición diversos espazos habilitados para isto.

As coordinacións de curso que consideraron pertinente facelo enviaron unha mensaxe ao alumnado dando resposta aos resultados obtidos na enquisa, en ocasións con comentarios e recomendación por parte do profesorado.

Agrádecese ao profesorado que cedeu uns minutos das súas sesións para que o alumnado completase a enquisa, xa que isto contribuíu a incrementar o número de respostas.

## **Incidencias, comentarios, suxestións, demandas ou queixas de profesorado/alumnado.**

### **Primeiro curso de Primaria:**

- Unha alumna informa de importantes problemas de saúde mental á coordinadora e ao profesorado do curso, poñendo en marcha as accións pertinentes (derivación ao SEPIU e alerta ao servizo de saúde mental da USC).
- A existencia dun conflito entre un pequeno grupo de alumnas e alumnos derivan en varias incidencias que son xestionadas polo profesorado ou a coordinación de curso sen maior transcendencia.
- Unha alumna informa que unha profesora está realizando control de asistencia cando informou que non o faría. A profesora reitera que en ningún momento se informou de que non se faría control de asistencia, e que tanto o programa como a guía docente da materia recollen que si se fará control de asistencia.

**Primeiro curso do Dobre Grao:** non hai.

### **Segundo curso de Primaria e Dobre Grao:**

- Dúas profesoras sinalan da falta de atención e de respecto polas quendas de palabra do alumnado, reflectindo negativamente no desenvolvemento das sesións.
- O alumnado informa dunha baixa laboral da persoa responsable dunha materia, que tardou un mes en cubrirse.

**Terceiro curso de Primaria:** O alumnado consultou á coordinación en relación ao solapamento nalgunhas materias.

**Terceiro curso do Dobre Grao:** Unha profesora solicita reflexionar sobre o calendario de exames da súa materia.

**Cuarto curso de Primaria e Dobre Grao:** non hai.

**Quinto curso do Dobre Grao:** un docente amosa insatisfacción pola excesiva carga na dirección de TFGs. Outro doente suxire que se solicite ao alumnado que cubra as enquisas de forma presencial.

## **2. INFORMES DE REVISIÓN DOS PROGRAMAS 2023-2024**

As coordinacións de curso emitiron os informes de revisión dos programas para o próximo curso, labor pola que se agradece a súa participación. Empregáronse os datos dunha ficha de comprobación deseñada ao efecto, que o profesorado cubriu de forma telemática, así como unha táboa-modelo xeral para trasladar a información. Na ficha de comprobación solicitouse ao profesorado verificar que os diferentes apartados do programa estivesen cubertos na aplicación Xescampus e axustados ao especificado na Memoria de Verificación do Título (MVT). Ofreceuse a posibilidade de recoller suxestións de cambio nas fichas das materias da MVT. As táboas-modelo recibidas por parte das coordinacións xúntanse no ANEXO 2. Nos casos nos que as fichas de comprobación en liña non foron cubertas, contactouse co profesorado responsable para informar da incidencia e tratar de solucionarla. No caso de non ser cuberta por non haber docente responsable, contactouse co Departamento correspondente. Agrádecese ao profesorado a súa colaboración nesta tarefa.

En liñas xerais, os programas das materias cumpren coa normativa de programación e axúntanse ao especificado nas fichas das materias na MVT. Rexístranse incidencias menores, fundamentalmente a necesidade de actualizar as fichas na MVT e a falta de programas publicados en inglés. As suxestións de cambio nas fichas da MVT foron recollidas no correspondente rexistro de cambios para expoñerse en Comisión Intercentros no momento no que se aborde unha modificación.

### 3. INFORME DE SEGUIMIENTO

Ao longo do segundo semestre elaborouse o Informe de Seguimento da Titulación e do Dobre Grao, que xa foi aprobado en Xunta de Facultade con data do 30 de maio de 2024.

Lugo, a 3 de xullo de 2024.

Asdo: María Campos Magdaleno.

Coordinadora do Título de Primaria e Dobre Grao.



# ANEXO I

## INFORMES DAS COORDINACIÓNS DE CURSO SOBRE A MARCHA DO CURSO ACADÉMICO 2022-2023

## ACTA DE REUNIÓN VIRTUAL DE COORDINACIÓN DO PRIMEIRO CURSO DO GRAO MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E DOBRE GRAO (CONXUNTA)

**Convocan:** Alba Souto Seijo e María Campos Magdaleno (coordinadoras de curso)

**Lugar:** Facultade de Formación de Profesorado (reunión virtual a través de correo electrónico).

**Data:** luns 3 de xuño de 2024 ás 12h.

**Asistentes:** Alba Souto Seijo (coordinadora do curso de infantil e DG), María Campos Magdaleno (coordinadora do curso de primaria), Manoel Baña, Eva M<sup>a</sup> Cerqueiras, M<sup>a</sup> Carmen Caldeiro, Francisco Candia, Iván Enriquez, M<sup>a</sup> del Mar Fernández Vázquez, María J. Fiúza, Pablo García, Uxía Garrido, Luisa M<sup>a</sup> Muñoz, Pablo C. Muñoz, Anastasiia Ogneva, Marta Pocent, Delmiro Rocja, Noelia Valiño, X. Ramón Veiga, Lydia M<sup>a</sup> Campos, Xesús Ferreiro, Laura García, Luzía Oca, Olaya Santamaría.

**Ausentes:** Carlos Dosil (por permiso)

Orde do día:

1. Recompilación de actividades transversais, ApS, etc. do grao de Infantil e Primaria.
2. Resultados das enquisas de coordinación cubertas polo alumnado do primeiro curso de Infantil, Primaria e Dobre Grao.
3. Suxestións, demandas ou queixas do profesorado/alumnado do primeiro curso de Infantil, Primaria e Dobre Grao.
4. Resumo de reunións e comunicación mantidas con alumnado e progesorado do primeiro curso de Infantil, Primaria e Dobre Grao.
5. Outras observacións ou comentarios conxuntos relativos ás tres coordinación: primeiro do Grao de Infantil, primeiro do Grao de Primaria e primeiro do Dobre Grao.



## INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2023- 2024

PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMEIRO CURSO DE DOBRE GRAO

COORDINADORA: ALBA MARÍA SOUTO SEIJO

### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso:

No primeiro curso leváronse a cabo 7 actividades (5 no primeiro cuadrimestre e 2 no segundo cuadrimestre).

Data:	19/09/2023 a 11/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Breve descrición:	<p>Contidos traballados co alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.</li> <li>- Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.</li> <li>- Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.</li> <li>- Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.</li> <li>- Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.</li> <li>- Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.</li> <li>- Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais.</li> </ul> <p>Valoración da actividade: Por experiencia doutros anos, enténdese que unha mínima formación e esixencia docente nestes aspectos repercute positivamente nas producións escritas e nas exposicións orais que o alumnado presenta a posteriori.</p> <p>Trátase dunha actividade obrigatoria na materia, así que participa nela todo o alumnado asistente habitual.</p>
Materia vinculada:	Infancia, Familia e Escola (G3131102)
Data:	11/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras, Marta Poncet Souto, Fátima Teixeira (SEPIU)
Título:	Sesión informativa sobre actividades de voluntariado no Campus de Lugo
Breve descrición:	<p>O 11 de outubro de 10 h. a 11 h. (Salón de Actos) tivo lugar unha sesión aberta para alumnas e alumnos que tiñan interese en coñecer as actividades de voluntariado no Campus de Lugo, cales son as vantaxes da aprendizaxe a través da experiencia e toda a información relativa a proxectos educativos nos que poder participar tanto con opción de recoñecemento académico coma de recoñecemento curricular. A sesión foi impartida por Fátima Teixeira (SEPIU).</p> <p>Valoración da actividade: Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.</p>

Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	23/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva María Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Nenea, medrar creando. Educando nos bosques de Lugo
Breve descrición:	<p>Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa.</li> <li>- Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofrece o entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo.</li> </ul> <p>Valoración da actividade: Na tarefa que se solicitou ao alumnado reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	30/10/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar
Breve descrición:	<p>O 30 de outubro tiveron lugar, no salón de actos, dúas sesións formativas (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívicas da Comandancia de Lugo; responsables do Plan Director). Na primeira sesión abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo e, na segunda, abordouse a temática do acoso escolar, a convivencia, etc.</p> <p>Valoración da actividade: Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	20/11/2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras e Marta Poncet Souto
Título:	Os contos que contamos e como os contamos
Breve descrición:	<p>O 20 de novembro de 2023, David Pernas acudiu á Facultade para impartir a charla "Os contos que contamos e como os contamos". Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.</li> <li>- Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.</li> <li>- Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como</li> </ul>

	<p>lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.</p> <p>Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese volver a repetila o próximo curso.</p>
Materia vinculada:	Didáctica e Profesión Docente (G3131105) e Socioloxía da Educación (G3131101)
Data:	29/01/2024 a 13/05/2024
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	María José Fiuza Asorey
Título:	Trabajando la inclusión
Breve descripción:	<p>Los objetivos del proyecto de ApS realizado con la delegación provincial de la ONCE en Lugo pueden resumirse en tres:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Estimular la reflexión sobre la inclusión.</li> <li>-Aprender a elaborar materiales desde la mirada inclusiva, desarrollando la imaginación y la creatividad.</li> <li>-Iniciarse en el aprendizaje de la lectura y la escritura utilizando el código Braille.</li> </ul> <p>Los materiales diseñados por el alumnado universitario, tras haber recibido este la formación de las maestras especialistas en discapacidad sensorial de la Xunta de Galicia y de la ONCE, se encuentran distribuidos por los centros educativos de la provincia de Lugo e, incluso, son recibidos en préstamo en otras provincias gallegas. Entre esos materiales, que presentan un carácter lúdico-educativo, pueden citarse, entre otros, cuentos de personajes infantiles clásicos y actuales, puzles, juegos de parejas, de diferenciación de tamaños, formas, juegos de tres en raya, dameros, etc.</p> <p>Valoración de la actividad: Por tratarse de un proyecto muy consolidado, dado que hace más de 10 años que se realizó por primera vez, puede afirmarse que los objetivos perseguidos son una realidad. El alumnado universitario responde con entusiasmo ante la oferta de poder realizar materiales que serán utilizados por los niños y niñas que están en las aulas, utilizados por todos, sin distinciones porque están pensados para todos, no solo para niños con discapacidad visual o ciegos. Valoran la experiencia como una oportunidad de aprender haciendo algo que tendrá un uso más allá de servir para recibir una calificación.</p>
Materia vinculada:	Psicoloxía da Educación (G3131107)
Data:	03/02/2024 a 30/05/2024
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Título:	Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais
Breve descripción:	<p>Os contos son unha excelente ferramenta educativa para a transmisión de saberes e valores, configurándose tamén como un importante recurso mediante o cal traballar cos mais cativos aspectos que atinxen á intelixencia emocional. Diversos estudos (Fernández Berrocal, 2021) evidencian a necesidade de inculcar dende a primeira infancia conceptos clave relacionados coa convivencia, a empatía, o respecto cara os demais, etc. Neste senso, a promoción dunha educación emocional temperá resulta esencial no</p>

	<p>desenvolvemento e socialización dos nenos e nenas, xa que os capacita para recoñecer os seus propios sentimentos e os alleos, e posibilita que sexan competentes na xestión das súas propias emocións nun clima de relacións humanas positivas. Polo tanto, comprende deseñar accións educativas e materiais (adaptados á realidade tecnolóxica actual) que permitan o desenvolvemento dunha educación emocional entre os menores, e tamén contribuír a que o profesorado de infantil teña a oportunidade de autorreflexionar sobre a súa práctica educativa, analizando as súas propias concepcións, prácticas e emocións, de cara ao desenvolvemento procesos de mellora docente. Neste contexto xurde o actual proxecto de Aprendizaxe-Servizo onde coa colaboración de diferentes centros Educativos, o alumnado do Grao de Mestre/a de Educación Infantil elaboran contos interactivos que teñen como obxectivo traballar as emocións entre os mais cativos.</p> <p>Valoración da actividade: A valoración, tras realizar unha enquisa aos estudantes en diferentes dimensións, pódese dicir que foi altamente positiva.</p>
Materia vinculada:	<p>Procesos de mellora e uso das TIC (G3131207); Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais (G3131206 ); Organización e Xestión do Centro Escolar (G3121204); Traballo Fin de Grao (G3121424)</p>

## 2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

### 1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil

#### 1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 47		Data de recollida: 18 de abril a 16 de maio			
Curso e grao: 1º Curso do Grao en Mestre de Educación Infantil					
ASPECTOS AVALIAABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)</b>	0%	17%	62%	21%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Algúns alumnos/as sinalan que hai un número excesivo de estudantes nas sesións expositivas, o que dificulta seguir o ritmo da clase.					
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	0%	9%	79%	13%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Algúns estudantes destacan que os espazos son antigos e que algunhas aulas son pequenas.					
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	0%	11%	81%	11%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non hai.					
<b>4.- Horarios lectivos</b>	9%	28%	43%	21%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Algúns alumnos/as sinalan que o horario que teñen dificulta que poidan aproveitar o tempo.					
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	4%	19%	70%	6%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O alumnado expón que nalgúns materiais teñen que realizar e entregar as tarefas na propia clase, o que fai que non podan realizar un traballo de calidade.					
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	2%	21%	74%	2%	
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O alumnado sinala que debería de haber consenso entre o profesorado para fixar as datas de entrega dos traballos finais.					
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	0%	15%	72%	13%	

OBSERVACIÓNS				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	6%	79%	15%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	4%	2%	81%	13%
OBSERVACIÓNS: non hai.				
OBSERVACIÓNS XERAIS: o estudantado solicita que se modifiquen os horarios e se modernicen as instalacións.				

## 2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como os “espazos para a docencia” (79% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito), os “recursos técnicos para a docencia” (81% bastante satisfeito e 11% moi satisfeito), a “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (72% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito), a “adequación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (79% bastante satisfeito e 15% moi satisfeito), e os “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (81% bastante satisfeito e 13% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “horarios lectivos” (28% pouco satisfeito e 9% nada satisfeito), e ao “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (21% pouco satisfeito e un 2% nada satisfeito). A observación máis repetida fai referencia á distribución horaria das clases.

### 1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria

#### 1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 3		Data de recollida: 18 de abril a 16 de maio			
Curso e grao: 1º Curso do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria					
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	0%	0%	100%	0%	
OBSERVACIÓNS: non hai.					
2.- Espazos para a docencia	0%	0%	100%	0%	
OBSERVACIÓNS: non hai.					
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	0%	67%	33%	
OBSERVACIÓNS: non hai.					
4.- Horarios lectivos	0%	67%	33%	0%	
OBSERVACIÓNS: Algúns alumnos/as sinalan que teñen moitas horas libres no medio e que algúns días teñen clase durante toda a xornada.					

<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	0%	33%	67%	0%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> O alumnado expón que algunhas materias teñen moita carga de traballo autónomo.				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	0%	33%	67%	0%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Tal e como se indicou anteriormente, o alumnado expón que algunhas materias teñen moita carga de traballo.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	0%	0%	100%	0%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	0%	0%	100%	0%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non hai.				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	0%	0%	33%	67%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> non hai.				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS:</b> non hai.				

## 2. Síntese dos resultados do cuestionario:

Os resultados amosan que o alumnado está bastante ou moi satisfeito con aspectos como “número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais” (100% bastante satisfeito), “espazos para a docencia” (100% bastante satisfeito), “recursos técnicos para a docencia” (67% bastante satisfeito e 33% moi satisfeito), “coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a” (100% bastante satisfeito), “adequación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes” (100% bastante satisfeito) e “solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a” (33% bastante satisfeito e 67% moi satisfeito). Por outra parte, as cuestións cun maior marxe de mellora fan referencia aos “horarios lectivos” (67% pouco satisfeito e 33% bastante satisfeito), “número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación” (33% pouco satisfeito e un 67% bastante satisfeito) e a “carga de traballo autónomo das materias cursadas” (33% pouco satisfeito e un 67% bastante satisfeito). Nas observacións sinalan que hai días que teñen moitas horas libres no medio e outros nos que teñen clase durante toda a xornada. Así mesmo, indican que algunhas materias teñen unha alta carga de traballo autónomo.

## 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

*Incidencias, suxestións, demandas ou queixas por parte do alumnado:* non constan.

*Incidencias, suxestións, demandas ou queixas por parte do profesorado:* non constan.



#### 4. **Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos).**

##### 1. **Reunións ou comunicacións mantidas co alumnado**

- *Xoves 7 de setembro*: contactouse co alumnado de primeiro de grao e dobre grao para darlles a benvida á Facultade e lembrarlles a data e hora da xornada de acollida.
- *Luns 11 de setembro*: indícaselles aos estudantes que teñen dispoñible (no Campus Virtual) a enquisa de satisfacción da xornada de acollida, e explícaselles o procedemento de elección de delegado/a e subdelegado/a do grupo-clase. Cabe sinalar que, no primeiro curso do grao, nun primeiro momento, non houbo candidaturas para ocupar ditos postos, polo que se ampliou o prazo. Finalmente, o Luns 2 de outubro, presentou a súa candidatura a alumna Laisa do Vale, quen finalmente exerceu de delegada de primeiro curso do Grao de Mestre/a en Educación Infantil. No caso do Dobre Grao, Sarai Rico e Sara Martínez presentaron a súa candidatura o 27 de setembro. Sarai Rico exerceu como delegada e Sara Martínez como subdelegada.
- *Venres 24 de novembro*: infórmase ao alumnado de grao e dobre grao de que xa teñen dispoñible, na Secretaría Virtual, as enquisas de satisfacción coa docencia recibida no primeiro semestre. O *martes 12 de decembro* envíase un recordatorio.
- *Martes 12 de decembro*: contáctase coas delegadas e subdelegadas de grao e dobre grao, a través do correo electrónico, para solicitarlles que me trasladen as incidencias, suxestións ou comentarios sobre a marcha do semestre ata o momento. Cabe sinalar que non se recibe ningún comentario.
- *Xoves 18 de abril*: contáctase co alumnado de grao e dobre grao (a través do Campus Virtual), e coas delegadas e subdelegadas (a través de *email*) para solicitarlles que cumprimenten a enquisa de coordinación de curso.
- *Luns 20 de maio*: infórmase ao alumnado (a través do Campus Virtual) dos resultados xerais da enquisa de coordinación de curso.

##### 2. **Reunións ou comunicacións mantidas co profesorado**

- *Luns 11 de setembro*: infórmase ao profesorado que imparte docencia no primeiro semestre de que está dispoñible, co Campus Virtual, o calendario para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *Xoves 2 de novembro*: proporciónase información ao profesorado sobre o “Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica” que imparte ao alumnado o Profesor Francisco Xosé Candia Durán.
- *Martes 12 de decembro*: envíase un *email* ao profesorado para que poidan trasladar as incidencias, suxestións ou cambios sobre a marcha do primeiro semestre. Cabe sinalar que non houbo incidencias destacables,

aínda que algúns docentes destacan a importancia de esixirlle ao alumnado que cumpra con esixencias básicas.

- *22 de xaneiro*: infórmase ao profesorado que imparte docencia no segundo semestre de que está dispoñible, no Campus Virtual, o calendario para rexistrar a carga de traballo dos semestres e a táboa para cumprimentar as actividades transversais, prácticas de campo e actividades de ApS levadas a cabo ao longo do curso.
- *14 de maio*: lémbrese ao profesorado a data límite para cubrir o formulario de revisión de programas.
- *29 de maio*: envíase ao profesorado o informe de coordinación do 1º curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Dobre Grao e convócase unha xuntanza virtual, a través de correo electrónico.



## INFORME FINAL DE COORDINACIÓN DE CURSO 2023- 2024

PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

COORDINADORA: MARÍA CAMPOS MAGDALENO

### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

Data de inicio da actividade:	2 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	31 de outubro de 2023
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	César Gómez Pérez
Nome da actividade:	Curso básico competencias informacionais
Materia/s vinculada/s:	Todas
Breve descrición:	Este curso está deseñado para que o alumnado acade os seguintes obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecer a importancia das competencias dixitais. Xestionar o tempo de estudo.</li> <li>• Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e os recursos TIC da USC.</li> <li>• Necesidade de información. Buscar e avaliar a información.</li> <li>• Avaliar os recursos. Almacenar e organizar a información.</li> <li>• Facer un traballo académico (metodoloxía científica, uso ético da información).</li> <li>• Editar contidos dixitais, presentar traballos e empregar a nube.</li> </ul>
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	<p><b>CURSO BÁSICO:</b>  Infantil: Matriculados 45 (36 aptos e 9 non aptos)  Primaria: Matriculados 75 (62 aptos e 13 non aptos)  Dobre Grao: Matriculados 16 (16 aptos)</p> <p><b>CURSO AVANZADO:</b>  Infantil: Matriculados 20 (12 aptos e 8 non aptos)  Primaria: Matriculados 18 (4 aptos e 14 non aptos)  Dobre Grao: Matriculados 16 (9 aptos e 7 non aptos)</p>
Data de inicio da actividade:	28 de setembro de 2023

Data de finalización da actividade:	26 de outubro de 2023
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica
Materia/s vinculada/s:	G3151103 Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	<p>Contidos traballados co alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.</li> <li>- Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.</li> <li>- Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.</li> <li>- Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.</li> <li>- Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.</li> <li>- Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.</li> <li>- Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público. Preparación de intervencións orais.</li> </ul>
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	<p>Por experiencia doutros anos, enténdese que unha mínima formación e esixencia docente nestes aspectos repercute positivamente nas producións escritas e nas exposicións orais que o alumnado presenta a posteriori.</p> <p>Trátase dunha actividade obrigatoria na materia, así que participa nela todo o alumnado asistente habitual.</p>

Data de inicio da actividade:	16 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	16 de outubro de 2023
Duración da actividade:	8 horas
Tipo de actividade:	Outro tipo de actividade

Responsable:	Pablo César Muñoz Carril
Nome da actividade:	I Jornadas de Formación e Innovación Educativa. Metodoloxías activas, inclusivas y colaborativas en proxectos eTwinning. FORINNOVA LITE
Materia/s vinculada/s:	Diferentes materias implicadas, especialmente aquelas da área de Didáctica e Organización Escolar
Breve descrición:	<p>Forinnova Lite (<a href="https://forinnova-lite.grupomestura.net">https://forinnova-lite.grupomestura.net</a>) é unha iniciativa promovida pola <a href="#">Facultade de Formación do Profesorado</a>, así como polos Grupos de Investigación <a href="#">MESTURA</a> e <a href="#">GEFIL</a> da Universidade de Santiago de Compostela. Conta co apoio organizativo de diversas <a href="#">institucións colaboradoras</a> nacionais e internacionais .</p> <p>As Xornadas, que pretenden ter un carácter eminentemente práctico , concíbense como un espazo para a creación de ideas, o establecemento de sinerxías, o intercambio construtivo de opinións e, por suposto, como un foro para adquirir, mellorar e/ou ampliar competencias. a través do coñecemento dos proxectos socioeducativos <a href="#">eTwinning</a> baseados en <i>metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas</i>.</p> <p>Nas xornadas participaron arredor de 200 persoas (presencial + virtualmente). Contaron coa participación de 13 relatores/ponentes invitados e tivo unha colaboración de numerosas entidades nacionais e internacionais (ver web: <a href="https://forinnova-lite.grupomestura.net/entidades-participantes/">https://forinnova-lite.grupomestura.net/entidades-participantes/</a>)</p> <p>PROGRAMA:</p> <p><a href="#">16 de outubro (sesión MAÑÁ)</a></p> <p>8:45-9:15 horas. Control de Asistencia e Recollida de Material As persoas inscritas deberán asinar a lista de asistentes nas mesas que se instalarán diante do salón de actos.</p> <p>9:15-9:30 horas. Sesión Inaugural</p> <p>Interveñen:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Doutor Pablo César Muñoz Carril. <i>Presidente de Forinnova Lite.</i></li> <li>- Doutora Carmen Sarceda Gorgoso. <i>Decano da Facultade de Formación do Profesorado.</i></li> <li>- Doutor Eduardo José Fuentes Abeledo. <i>Copresidente de Forinnova Lite.</i></li> </ul> <p>9.30-11.30 horas. Mesa redonda. Proxectos eTwinning desde unha perspectiva colaborativa, inclusiva e innovadora</p>

*Inclúe sesión de preguntas e debate.*

Coordinadora:

Doutora Isabel Dans Álvarez de Sotomayor  
Grupo de Investigación Educativa MESTURA. Facultade de Ciencias  
da Educación. Universidade de Santiago de Compostela.

11:30-12:00 horas.

Descanso

Sesión de descanso

12:00-1:30 p.m.

Boas prácticas: exemplos de proxectos eTwinning en diferentes  
etapas educativas

*Inclúe sesión de preguntas e debate.*

Coordinadora:

Doutora Iris Estevez.  
Grupo de Investigación ESCULCA. Facultade de Ciencias da  
Educación. Universidade de Santiago de Compostela.

2:00 p.m.-4:00 p.m.

Descanso

#### 16 de outubro (sesión da TARDE)

16:00-18:00 horas

Obradoiros

Deseño dun proxecto eTwinning por equipos.

Os obradoiros realizaranse simultaneamente en 5 aulas:

*Aula 22 Aula 30 Sala de xuntanzas Espazo de traballo en grupo Salón  
de Actos*

Coordinación dos obradoiros por:

*Profesora Teresa Susana Vázquez Regueiro Profesora Yolanda  
Barallobre Ferreño*

18:00-18:30

Descanso

18:30-19:30 hrs.

Presentación das ideas dos proxectos deseñados nos obradoiros

Salón de Actos

Coordinadora: a profesora Yolanda Barallobre Ferreño

7:30 p.m.-7:35 p.m.

Clausura das Xornadas

Presenta: Profesora Teresa Susana Vázquez Regueiro.

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	da do	A actividade resultou de especial interese para os asistentes e estimamos que tamén para algunhas das asignaturas obrigatorias do Grao.
---	-------	---

Data de inicio da actividade:	11 de setembro de 2023
Data de finalización da actividade:	22 de decembro de 2023
Duración da actividade:	Primeiro semestre
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Eva M. Barreira Cerqueiras, Marta Poncet Souto e Alba M. Souto Seijo
Nome da actividade:	Aprendizaxe-Servizo con entidades socioeducativas para a formación de futur@s maestr@s
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	Durante o primeiro semestre o alumnado tivo a oportunidade de participar nun proxecto interdisciplinario no que se combinan as metodoloxías de ApS e ABPx. A finalidade do proxecto en relación co alumnado é a adquisición e a mellora de competencias profesionais propias da profesión, a través de experiencias de participación social.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Os estudantes valoraron o proxecto de maneira moi positiva.

Data de inicio da actividade:	17 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	17 de outubro de 2023
Duración da actividade:	1.5 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	A aprendizaxe por proxectos no CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña)
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 17 de outubro acudiron á Facultade dúas mestras do CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña) e o seu alumnado co

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	obxectivo de presentar os proxectos que os nenos/as están a realizar. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
Data de inicio da actividade:	25 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	8 de novembro de 2023
Duración da actividade:	3 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	Sesións informativas sobre ciberseguridade e acoso escolar
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 25 de outubro e o 8 de novembro tiveron lugar, no salón de actos, dúas sesións formativas (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo; responsables do Plan Director). Na sesión do 25 de outubro abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo. Na sesión do 8 de novembro abordouse a temática do acoso escolar e delitos de odio.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
Data de inicio da actividade:	22 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	22 de novembro de 2023
Duración da actividade:	1,5 horas
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	Taller de prensa – Down Lugo
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 22 de novembro a asociación Down Lugo presentou (no salón de actos) o taller de prensa que levou a cabo na Facultade de Formación do Profesorado. Esta actividade realizouse no marco do

Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	Proxecto Interdisciplinario (PI) ao ser Down Lugo unha entidade colaboradora no PI. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
Data de inicio da actividade:	24 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	24 de novembro de 2023
Duración da actividade:	1.5 horas
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Alba M. Souto Seijo e Marta Poncet Souto
Nome da actividade:	Situación educativa do alumnado xitano
Materia/s vinculada/s:	Didáctica e Tarefas Docentes (G3151104) e Socioloxía da Educación (G3151101)
Breve descrición:	O 24 de novembro tivo lugar a actividade formativa titulada "Situación educativa do alumnado xitano", que foi levada a cabo pola Fundación Secretariado Xitano. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.

Data de inicio da actividade:	30 de abril de 2024
Data de finalización da actividade:	30 de abril de 2024
Duración da actividade:	2h
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	María Campos Magdaleno
Nome da actividade:	Diversidade sexual e de xénero na educación: a realidade LGBTIQ+ nas aulas de Educación Primaria
Materia/s vinculada/s:	Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12
Breve descrición:	Esta actividade leva o formato de charla de expertas, contando coa participación de Lara Boubeta e Ana Ojea, representantes da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ e profesoras na etapa de Educación Primaria e Secundaria. Abordouse a diversidade sexual e de xénero no alumnado de Educación Primaria; os tipos, características e



Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	<p>consecuencias da LGBTIfobia nos centros educativos; déronse pautas para promover unha educación inclusiva; abordouse a normativa educativa e lexislación sobre a educación en diversidade sexual, de xénero e familiar; e presentouse o libro infantil Xe (Boubeta, 2023) sobre intersesexualidade.</p> <p>A posta en marcha da actividade valórase como positiva. A asistencia foi elevada, acudindo alumnado doutros cursos e tamén profesorado da Facultade. O alumnado da materia valorou favorablemente esta actividade a través dun documento resumo que se lles solicitou, indicando que constituiu unha formación necesaria con implicacións prácticas para o seu futuro labor docente.</p>
---	--

Data de inicio da actividade:	20 de outubro de 2023
Data de finalización da actividade:	20 de outubro de 2023
Duración da actividade:	3 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Conferencia do catedrático xubilado Antón Costa Rico sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Conferencia de Antón Costa sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos. A actividade viuse acompañada nos días previos e posteriores por unha exposición ao respecto, elaborada pola USC e colocada no segundo andar, que o profesor da materia conseguiu traer á Facultade.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-

Data de inicio da actividade:	28 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	19 de decembro de 2023
Duración da actividade:	Tres semanas
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Exposición sobre a Escola Nova e Galiza
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Exposición sobre a ESCOLA NOVA E GALIZA. Elaborada polos profesores Antón Costa Rico e Lucía Iglesias da Cunha (DEP), foi inaugurada na Facultade pola súa decana e o profesor da materia.



Valoración da actividade- (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-
Data de inicio da actividade:	22 de decembro de 2023
Data de finalización da actividade:	22 de decembro de 2023
Duración da actividade:	2 horas
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Conferencia e documental sobre as Escolas do Insiño Galego
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Conferencia de Santiago Quiroga e proxección do documental sobre o centenario das "Escolas do Insiño Galego".
Data de inicio da actividade:	7 de febreiro de 2024
Data de finalización da actividade:	6 de marzo de 2024
Duración da actividade:	Un mes
Tipo de actividade:	Proxecto de Aprendizaxe-Servizo
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Exposición de pósters EDUCACIÓN EN FEMININO: UN PASEO POLA HISTORIA, VII ed.
Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Despois do mes de presenza na Facultade, a colección de pósters elaborados polo alumnado da materia THEE estivo exposta en IES de Vilalba, Foz e As Pontes, con inauguración e actividades realizadas por alumnas da materia.
Valoración da actividade- (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-
Data de inicio da actividade:	20 de novembro de 2023
Data de finalización da actividade:	31 de xaneiro de 2024
Duración da actividade:	Máis de dous meses
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Nome da actividade:	Actividades organizadas polo alumnado co gallo do 25N

Materia/s vinculada/s:	Teoría e Historia da Educación Escolar
Breve descrición:	Co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres, o alumnado da materia deseñou e desenvolveu diferentes actividades para o propio 25 de novembro, así como nos días anteriores e posteriores a esa data. A actividade contou co impulso do profesor da materia e da coordinadora da Comisión de Xénero da Facultade, a profesora Eva Barreira.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia...):	-

## 2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

O día 19 de abril de 2024 enviouse unha mensaxe a través do campus virtual de coordinación informando ao alumnado da apertura da enquisa de satisfacción, solicitando a súa participación. Ese mesmo día solicitouse á delegada de curso que enviase unha mensaxe a través do grupo de *Whatsapp* do alumnado.

O día 8 de maio enviouse un novo recordatorio a través do campus virtual, e a profesora María Campos cedeu uns minutos das sesións interactivas para que o alumnado cubrixe a enquisa. O día 13 o profesor Pablo C. Muñoz recordou nas súas sesións a necesidade de cubrir a enquisa.

Un total de 88 alumnas e alumnos responderon á mesma, o que supón un incremento de 23 respostas con respecto ao curso anterior. O día 13 de maio enviouse un agradecemento ao alumnado por cubrir a enquisa, proporcionando retroalimentación sobre os resultados obtidos a través dunha mensaxe no campus virtual.

ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN			
	NADA SATISFEITO	POUCO SATISFEITO	BASTANTE SATISFEITO	MOI SATISFEITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e tutoriais (xustificar nas observacións)</b>	NADA SATISFEITO 1,13%	POUCO SATISFEITO 12,5%	BASTANTE SATISFEITO 70,45%	MOI SATISFEITO 15,9%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Cinco respostas indican que hai demasiado alumnado nas expositivas, polo que as clases son difíciles de seguir. Dous comentarios indican que a penas hai alumnado nas expositivas.				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	NADA SATISFEITO 3,4%	POUCO SATISFEITO 7,95%	BASTANTE SATISFEITO 69,31%	MOI SATISFEITO 19,31%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Varias queixas sobre a incomodidade das cadeiras e mesas.				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	NADA SATISFEITO 1,13%	POUCO SATISFEITO 3,4%	BASTANTE SATISFEITO 82,95%	MOI SATISFEITO 12,5%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Unha única resposta comenta que os recursos son diferentes entr docentes, algúns desactualizados, e falta de dinamismo nas sesións.				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	NADA SATISFEITO 12,5%	POUCO SATISFEITO 40,9%	BASTANTE SATISFEITO 37,5%	MOI SATISFEITO 9,09%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Gran diversidade de opinións: (1) queixas por rematar as 15h e comezar ás 16h, e queixas por haber demasiada separación entre as horas da mañá e as da tarde; (2) queixas por ter horarios demasiado concentrados nun día,				

e queixas por ter horarios demasiado separados; (3) solicitudes de clase so de mañá ou so de tarde; (4) un comentario solicita horarios flexibles. En xeral, queixa por ter demasiadas horas libres entre sesións.				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	NADA SATISFEITO 3,4%	POUCO SATISFEITO 20,45%	BASTANTE SATISFEITO 67,04%	MOI SATISFEITO 9,09%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Indican, en xeral, demasiada carga de traballo. Un comentario sinala que non todos os traballos deberían ser grupais, e solicita traballos individuais; mentres que outro indica tardanza por parte do persoal docente en proporcionar as cualificacións dos traballos.				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	NADA SATISFEITO 2,27%	POUCO SATISFEITO 23,86%	BASTANTE SATISFEITO 62,5%	MOI SATISFEITO 11,36%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Sinalan excesiva cantidade de traballos, sobre todo no segundo semestre. Algúns comentarios solicitan menos número de traballos pero máis extensos. Queixa por ter que entregar un traballo no mesmo día que se solicita.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	NADA SATISFEITO 2,27%	POUCO SATISFEITO 15,9%	BASTANTE SATISFEITO 65,9%	MOI SATISFEITO 15,9%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
En xeral, non perciben positivamente que varios docentes impartan na mesma materia. Aínda así, sinalan moi boa coordinación na maioría de materias, salvo nunha.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	NADA SATISFEITO 0%	POUCO SATISFEITO 12,5%	BASTANTE SATISFEITO 81,8%	MOI SATISFEITO 17%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Non hai				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	NADA SATISFEITO 1,13%	POUCO SATISFEITO 7,95%	BASTANTE SATISFEITO 77,27%	MOI SATISFEITO 13,63%
<b>OBSERVACIÓNS</b>				
Informan de poucos solapamentos				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b>				
Reiteran comentarios anteriormente expostos, como a carga de traballos.				

Síntese dos resultados:

1. Detéctanse dúas incidencias: algunhas respostas foron emitidas por alumnado do DG. Outras dan a entender que crían estar cubrindo a enquisa dunha única materia, non do conxunto do curso.
2. As respostas contraditorias á pregunta 1 (hai demasiado alumnado nas clases, a penas hai alumnado nas clases) pode facer referencia á obrigatoriedade na asistencia dalgúns materias. De forma que, naquelas nas que se fai control de asistencia consideran que a afluencia é excesiva, mentres que naquelas nas que non se controla a asistencia hai moi pouca afluencia.
3. A opción “bastante satisfeito” é a que obtén maior porcentaxe de respostas en todas as preguntas, agás nos horarios lectivos, que é “pouco satisfeito”.
4. A suma de porcentaxes de resposta “bastante satisfeito” e “moi satisfeito” superan o 80% en 6 das 9 preguntas formuladas. Esta suma de porcentaxes baixa ao 46% na pregunta relativa aos horarios lectivos, e a aproximadamente o 75% na carga de traballo autónomo e no número de traballos, prazos e datas. Isto indica que os resultados son maiormente positivos, salvo en relación aos horarios lectivos onde baixa a satisfacción de maneira importante.

Observacións por parte do profesorado:

De forma xeral, coméntase que os resultados da enquisa van en liña a anos anteriores, e que parte das queixas poden deberse a falta de recursos docentes por parte da USC (por exemplo, para propoñer traballos de tipo individual). Sinálase que as queixas relativas a entrega de traballos en datas concretas non se sostén debido a que o calendario de traballo infórmase ao principio de semestre.

### 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

ALUMNADO:

- Identifícase un conflito entre un pequeno grupo de alumnas e alumnos, que repercute en pequenas incidencias (queixas en cambios de grupo de traballo, queixas sobre participación desigual nos traballos...) que son atendidas e solucionadas sen maior problema.
- Unha alumna informa de importantes problemas de saúde mental, e pónense en marcha os procedementos que se atopan dentro das funcións, responsabilidade e rango de acción das persoas ás que lle comunica esta información (profesorado e coordinadora de curso). Realízanse titorías por parte de distintos profesores e profesoras do curso, derívase ao SEPIU e alértase ao ao servizo de saúde mental da USC.
- Queixa sobre un cambio de grupo dunha alumna na materia Ensino e Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües, que percibe un agravio comparativo con outras compañeiras e compañeiros. Contáctase coa profesora que imparte a materia nese momento, quen informa que a Guía Docente recolle que a elaboración de grupos de traballo realizarase segundo estime o persoal docente en función dunha serie de criterios. Informa que este cambio de grupo responde a eses criterios. Comunícase a resposta a alumna.
- Queixa sobre o control de asistencia na materia Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12. Unha alumna indica que a profesora informa expresamente que non vai pasar lista en expositivas e que da liberdade para continuar a materia de maneira libre a través dos contidos situados na aula virtual. Sen embargo, quéixase de que nas sesións posteriores pasou lista atribuíndoo a unha medida de presión, sendo isto pouco ético e perxudicando gravemente ao alumnado que xa acumula faltas de asistencia non xustificadas. A profesora María Campos informa que é **FALSO** que se dese liberdade para continuar a materia de maneira libre. **SI** dixo expresamente nunha sesión expositiva que todo o alumnado que non estivesen dispostos a manter o silencio e o respecto na aula, que por favor se abstivesen de asistir, xa que a asistencia ás expositivas non ten ningún valor nin efecto en relación a cualificación final da materia ni ao sistema ordinario de avaliación. Ademais, o día da presentación da materia, e na Guía Docente da mesma, deixouse constancia de que as sesións expositivas terían un control de asistencia aleatorio sen peso nin valor na cualificación final nin na oportunidade de avaliarse de maneira ordinaria, de forma que a asistencia ou non

asistencia non tería ningún tipo de consecuencia nin repercusión para o alumnado. Informouse tamén de que todos os materiais empregados en clase serían colgados na aula virtual. A profesora falou individualmente coa alumna recordándolle esta información, pero non quedando conforme coa resposta, volveu a deixar constancia desta falta de acordo na enquisa de coordinación.

PROFESORADO:

Non hai

**4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datos, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual.**

- Entre o 7 e 14 de setembro proporcionáronse os materiais relativos a xornada de acollida ao alumnado e solicitouse a participación na enquisa de satisfacción da mesma.
- O 14 de setembro difundíuse o protocolo de cambio de grupo, e resolveuse unha incidencia relativa a un solapamento nos horarios.
- Entre o 21 de setembro e o 2 de outubro procedeuse a elección de representante de alumnado, onde todos e todas tiveron ocasión de presentar as súas candidaturas. Posteriormente realizouse a votación a través dun Forms creado para tal fin. Resultan elixidas Jennifer Soto Romarís como delegada, e Diego Rey como subdelegado.
- O 6 de outubro contáctase con delegada e subdelegado para orientalos sobre as súas funcións, e ánimoase a creación dun grupo de *Whatsapp* de curso.
- O 24 de novembro avísase da apertura das enquisas sobre docencia recibida.
- Ao finalizar o primeiro semestre, envíase un correo electrónico ao profesorado para que poidan comunicar incidencias ou suxestións sobre a marcha do primeiro semestre, coa finalidade de informalos en Xunta de Centro.
- Entre abril e maio solicítase ao alumnado que cubra a enquisa de coordinación, e o 13 de maio envíase unha mensaxe informando dos resultados xerais.
- Ao finalizar o segundo semestre solicítase ao profesorado información sobre os programas para as materias do curso 24/25 a través dunha ferramenta dixital con formato de ficha de autocomprobación.
- Ao longo do curso informouse ao profesorado da necesidade de cubrir o calendario de actividades docentes e as táboas de actividades transversais, ApS, etc.

**5. Outras observacións ou comentarios conxuntos relativos ás tres coordinacións: primeiro do Grao de Infantil, primeiro do Grao de Primaria e primeiro do DG.**

O profesorado agradece a labor realizada polas coordinadoras.

Sínálase a baixa satisfacción do profesorado co alumnado en canto á escasa participación nas aulas, pouca atención e interese para tomar apuntamentos. Sínálase que o baixo compromiso coa docencia recibida por parte do alumnado deriva en queixas relativas á flexibilidade das entregas ou carga de traballo.

Varios docentes informan de problemas de comportamento e convivencia, que non son apropiados para unha aula universitaria, que dificultan a labor do profesorado e impiden aos compañeiros/as (que si teñen interese) recibir unha docencia adecuada. Destácase a necesidade de poñer en marcha accións conxuntas entre o profesorado (sobre todo do primeiro curso das titulacións) que aseguren o cumprimento de normas básicas de comportamento e respecto por parte do alumnado, contribuíndo a unha mellor convivencia en cursos vindeiros.

As coordinadoras informan que cando se constituía a Comisión de Convivencia estudarán os vehículos comunicativos para trasladarlle o sentir do profesorado do primeiro curso das titulacións, a problemática específica, e as propostas de acción.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e sométese a aprobación da presente acta.

**Apróbase por asentimento da maioría das persoas asistentes.**

Asinan as coordinadoras do primeiro curso do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Grao en Mestre/a de Educación Primaria e Dobre Grao, en Lugo, día 7 de xuño de 2024.



Alba M. Souto Seijo



María Campos Magdaleno

# INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

## INFORME DE COORDINACIÓN 2023- 2024

**CURSO E GRAO:** 2º Curso do grao en mestre de Educación Primaria e Dobre Grao

**NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO:** María José Romero Castro

### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado)

Data de inicio da actividade:	2 de abril de 2024
Data de finalización da actividade:	2 de abril de 2024
Duración da Actividade:	de 9:00 a 19:00 h
Tipo de actividade:	Actividade de campo
Responsable:	Cristina Lois Prados; María José Romero Castro; Xosé Ramón Veiga e Jorge Conde Miguez
Nome da actividade:	Camiñando xuntos
Materia/s vinculadas:	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética (G3151121), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I (G3151226), Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I (G3151228)
Breve Descrición:	<p>Realízase un tramo do Camiño Francés (Barbadelo–Portomarín) coa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Prepárase e abórdase o percorrido dende unha óptica matemática e interprétanse lugares distinguidos en clave socio-científica.</p> <p>Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar.</p>
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):	A actividade prográmase como obrigatoria, polo que participa practicamente o 100% do alumnado. A experiencia amosa que o alumnado percibe a actividade de interese, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Nas conclusións dalgunhs traballos académicos relacionados coa análise e deseño de propostas docentes que se encargan nas materias de Didácticas Aplicadas é recorrente a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto.



## 2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

### 2.1. Táboa-resumo:

Número de respostas: 34      Data de recollida: 24/05/2023				
Curso e grao: Segundo Curso - grao en mestre de Ed. Primaria				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)	24%	44%	29%	3%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios do alumnado):</b> nalgunhas materias hai moito alumnado no grupo expositivo e hai compañeiros que fan ruído, o que impide que se escoite adecuadamente aos docentes, sumado isto á mala acústica dalgunha das aulas.				
2.- Espazos para a docencia	3%	32%	53%	12%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> destacan que nalgunhas das materias non hai suficientes sitios nas aulas para sentarse todo o alumnado matriculado. En concreto sinalan esta situación no caso da aula de plástica e a aula de música (a maioría dos comentarios fan referencia a esta última).				
3.- Recursos técnicos para a docencia	3%	9%	76%	12%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> deixaron dous comentarios. Un deles fai referencia á necesidade de renovar algúns ordenadores e pizarras dixitais, e o outro sinala que o profesorado facilitou distintos materiais para estudar.				
4.- Horarios lectivos	15%	32%	47%	6%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> horarios moi dispersos que non permiten un aproveitamento eficiente das horas libres entre clases e fan difícil compatibilizar os estudos con outras actividades de tipo laboral ou de ocio.				
5.- Carga de traballo autónomo das materias	15%	32%	53%	0%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> a carga de traballos é elevada nalgunhas materias, nalgunos casos agloméranse entrega de traballos e exposicións, o que lles quita tempo para estudar.				
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	9%	29%	56%	6%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> a carga de traballos é elevada nalgunhas materias e ademais destacan que nalgunos casos os docentes que comparten materia non se organizan para poñer as datas de entrega.				
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	21%	29%	44%	6%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> nalgunhas materias houbo falta de comunicación entre os docentes que a impartían, o que implicaba problemas na transmisión da información e cambios repentinos no sistema de avaliación ou de traballos.				
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	9%	12%	68%	12%
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> os escasos comentarios que deixaron apuntan a que, a pesar de que o grao se dedica ao ensino de distintas metodoloxías, na maioría das materias predomina o modelo das clases maxistras. Sinalase que, en xeral, os docentes teñen en conta a opinión do alumnado, pero nalgunos casos fixéronse cambios no programa establecido que afectaban á avaliación do alumnado, sen consultarse isto previamente con eles.				
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	9%	12%	65%	15%



<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> nalgunhas materias solápanse algúns contidos, asíciase á falta de coordinación entre docentes.				
<b>10.- Organización, posta en marcha e realización do TFG</b>				
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)</b>				
<b>11.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II</b>				
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)</b>				
<b>12.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e TFG)</b>				
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)</b>				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS (resumir comentarios)</b> Hai seis comentarios nos que se incide de novo en que hai un excesivo número de alumnado nas aulas, os horarios están mal distribuídos e a carga de traballos é elevada, sobre todo no segundo semestre no que dispoñen de menos tempo.				

## 2.2. Síntese dos resultados do cuestionario (34 participantes, 2º curso Ed. Primaria):

O alumnado participante está “bastante satisfeito” coa maioría dos ítems da enquisa, aínda que nalgúns deles a resposta de “pouco satisfeito” case iguala en votos á anterior. Os aspectos cos que están menos satisfeitos son: **ítem 1** (número de estudantes nas sesións expositivas, interactivas ou titoriais); **ítem 2** (espazos para a docencia); **ítem 4** (os horarios lectivos); **ítem 5** (a carga de traballo autónomo); **ítem 6** (número de traballos nas materias, prazos e datas de presentación) e o **ítem 7** (a coordinación entre docentes nas materias compartidas).

Entre os comentarios que máis se repiten están aqueles referidos ao excesivo número de alumnado nas aulas, á mala distribución dos horarios e á carga de traballo elevada en determinados períodos.

## 2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

Tras a comunicación pertinente dos resultados principais das enquisas, os docentes que imparten materias do 2º curso (grao en Mestre de Ed. Primaria) non realizaron observacións nin comentarios en relación aos datos obtidos da mesma.

## 2.4. Táboa-resumo (Dobre grao):

Número de respostas: 16		Data de recollida: 24/05/2024		
Curso e grao: Segundo Curso do Dobre grao				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)</b>	<b>19%</b>	<b>38%</b>	<b>44%</b>	<b>0%</b>

<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios do alumnado):</b> excesiva cantidade de alumnado nas expositivas e nalgúns casos tamén nas interactivas.				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	<b>25%</b>	<b>31%</b>	<b>38%</b>	<b>6%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> nalgunhas materias non hai sitio na aula para sentarse todo o alumnado matriculado. As mesas e asentos son incómodos e a súa disposición impide o correcto seguimento das clases. Un dos comentarios suxire incorporar algunha cadeira para zurdos, sobre todo tendo en conta que están nunha Facultade na que se fala da inclusión.				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	<b>0%</b>	<b>25%</b>	<b>69%</b>	<b>6%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> non hai comentarios.				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	<b>63%</b>	<b>31%</b>	<b>0%</b>	<b>6%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> indican que teñen horarios descontinuos e dispersos que non permiten traballar de forma eficiente nin realizar outro tipo de actividades.				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	<b>44%</b>	<b>38%</b>	<b>19%</b>	<b>0%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> nalgunhas materias a carga de traballo é excesiva e con traballos finais grandes. Varios participantes resaltan o feito de que se acumulan varias entregas ao final do semestre e contan con pouco tempo para preparar os exames, xa que neste curso académico as clases remataron o 16 de maio e o día 20 xa tiñan o primeiro exame				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	<b>31%</b>	<b>31%</b>	<b>38%</b>	<b>0%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> hai materias que teñen os prazos de entrega de traballos e presentacións ben organizados, pero en 2 ou 3 materias non se avisa coa suficiente antelación. Nalgunhas materias hai unha carga excesiva de tarefas, ademais tiveron que entregar traballos o último día de clase e tres días despois comezaban os exames.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	<b>38%</b>	<b>25%</b>	<b>25%</b>	<b>13%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> sinalan a falta de comunicación entre docentes da mesma materia, afectando isto á docencia impartida, actividades e organización de aulas.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	<b>13%</b>	<b>44%</b>	<b>38%</b>	<b>6%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> nalgunhas materias non se informa ao alumnado do sistema de avaliación e non se lles comunican as correccións ou as notas dos traballos entregados.				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	<b>31%</b>	<b>25%</b>	<b>31%</b>	<b>13%</b>
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios):</b> sinalan que, ao ser alumnado do Dobre grao, hai contidos que coinciden entre materias de ambos graos. De entre os seis comentarios, só en dous deles mencionan en concreto a dúas materias.				
<b>10.- Organización, posta en marcha e realización do TFG</b>				
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)</b>				
<b>11.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II</b>				
<b>OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)</b>				
<b>12.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e TFG)</b>				

#### OBSERVACIÓNS (resumir comentarios)

**OBSERVACIÓNS XERAIS (resumir comentarios):** hai poucos comentarios nos que principalmente se insiste na necesidade de mellorar a distribución dos horarios e a coordinación entre docentes, así como diminuír a carga de traballos en determinados períodos do semestre. Tamén destacan que, tras a finalización do período de clases, hai escaso tempo dispoñible para preparar os exames.

#### 2.5. Síntese dos resultados do cuestionario (16 participantes, Dobre grao):

En relación aos 9 ítems da enquisa, en xeral o alumnado do Dobre grao valorou máis da metade dos ítems cun nivel medio-baixo de satisfacción: a maioría dos participantes están entre pouco e bastante satisfeitos con respecto aos **ítems 1, 2 e 8**, mentres que nos **ítems 4, 5 e 7** a maioría asignou valoracións entre nada e pouco satisfeitos.

En concreto os ítems cos que están menos satisfeitos son os seguintes: **ítem 1** (número de alumnos nas sesións expositivas, interactivas ou titoriais); **ítem 2** (espazos para a docencia); **ítem 4** (horarios lectivos), para o cal a maioría dos participantes da unha valoración de “nada satisfeitos”; **ítem 5** (carga de traballo autónomo); **ítem 7** (a coordinación entre docentes nas materias compartidas) e **ítem 8** (adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes).

Os comentarios do alumnado que máis abundaron refírense aos horarios dispersos e mal distribuídos, ao excesivo número de alumnado nas sesións, á falta de sitios dispoñibles na aula para sentarse todo o alumnado no caso dalgunhas materias, á excesiva carga de traballo nalgunhas materias, á proximidade dos prazos de entrega de traballos coa data de inicio do período de exames e á falta de comunicación e coordinación entre docentes da mesma materia.

#### 2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

Tras a comunicación dos resultados principais das enquisas de coordinación ao profesorado, non se recibiron observacións específicas por parte dos docentes que imparten materias cursadas polo alumnado do 2º curso do Dobre grao.

### 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

No **1º semestre**, o profesorado do 2º curso (grao en Ed. Primaria/dobre grao) non trasladou ningún comentario nin suxestión sobre o desenvolvemento das materias. No **2º semestre**, a profesora Cristina Lois Prados quixo deixar constancia da falta de atención por unha parte do alumnado nalgunhas das sesións, xa que debatían cuestións entre eles sen agardar a que a docente rematase as súas explicacións. En liña con esta aportación, a profesora María José Romero Castro sinala que hai alumnado que non respecta as quendas de palabra, fan ruído na aula e non permiten que os seus compañeiros escoiten aos docentes, o cal se ve reflectido en varias respostas aportadas polo alumnado nas enquisas de coordinación do curso.

En canto aos comentarios trasladados polo alumnado, recolleuse o seguinte:

- **2º curso-grao en Primaria:** a delegada comunicou que non se produciron incidencias nas materias do curso.

- **2º curso-Dobre grao:** no 1º semestre, as delegadas informaron dunha incidencia nunha materia do grao en Infantil na que se tardou un mes en cubrir a baixa da docente. Ademais manifestaron o seu descontento coa carga excesiva de traballos que asigna o profesorado sen ter en consideración que o alumnado do Dobre grao cursa máis materias que o resto de alumnado. En canto ás materias do 2º curso do grao en Primaria, as delegadas do Dobre grao non comunicaron ningún problema no seu desenvolvemento ao longo do curso.

#### **4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo, incluír aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual**

- 19 de setembro de 2023: contactouse co alumnado do 2º curso do grao en Mestre de Ed. Primaria e do Dobre grao a través das aulas de coordinación para proceder á elección de delegado/a e subdelegado/a. No **2º curso (grao en Mestre de Ed. Primaria)** escolleuse como delegada a Débora Vázquez Louzao. No **2º curso do Dobre grao** escolleuse como delegada a Nuria Méndez Feijoo e como subdelegada a Sabela Pérez Taboada. As representantes do alumnado foron informadas das súas funcións na primeira reunión.

- O día 23 de novembro de 2023 mantivéronse reunións de coordinación presenciais coa delegada do 2º curso (grao en mestre de Ed. Primaria) e coas delegadas do Dobre grao. O 18 de decembro de 2023 (de forma telemática) e o 14 de maio de 2024 (de forma presencial), consultóuselles ás delegadas de ambos graos sobre posibles incidencias nas materias do primeiro e segundo semestre, respectivamente, ou sobre calquera cuestión que necesitasen comentar. As representantes do Dobre grao informaron do sinalado anteriormente no apartado 3.

- 18 de decembro de 2023 e 30 de maio de 2024: a finais de cada semestre enviouse un correo electrónico aos **docentes das materias de 2º curso** (grao en mestre de Ed. Primaria e Dobre grao) para que comunicasen as incidencias ou os comentarios que considerasen oportunos en relación á marcha do curso. As incidencias trasladadas recóllense no apartado 3 do presente Informe.

- 18 de xuño de 2024: enviouse un correo electrónico aos **docentes das materias de 2º curso** (grao en mestre de Ed. Primaria e Dobre grao) para comunicarlles os resultados das enquisas de coordinación. Por outro lado, os resultados das enquisas do Dobre grao foron comunicados na mesma data aos docentes que imparten outras materias cursadas polo alumnado do Dobre grao. En relación a ditos resultados, non se recibiron observacións ou comentarios por parte do profesorado.

- 25 de setembro de 2023, 1 de outubro de 2023 e 14 de febreiro de 2024: en ambos semestres comunicóuselle ao profesorado do 2º curso (grao en Ed. Primaria e Dobre

grao) que os calendarios de traballos do alumnado e as táboas de actividades transversais estaban dispoñibles nas aulas de coordinación do curso.

- Comunicacións adicionais: informouse ao alumnado do 2º curso (grao en mestre de Ed. Primaria e do Dobre grao) de que nas aulas de coordinación puxérase á súa disposición a información sobre as distintas mencións (1 de xuño), documentación relativa ao Prácticum I (3 de xuño), e tamén se lles comunicou a data para a charla informativa sobre as mencións (5 de xuño de 2024).

## 5. Outras observacións ou comentarios

**Data e sinatura:** 23/06/2024

Firmado por ROMERO  
CASTRO MARIA JOSE -  
\*\*\*8825\*\* el día  
23/06/2024 con un  
certificado emitido

### **María J. Romero Castro**

Coordinadora do 2º curso do Grao en Mestre de Ed. Primaria

Coordinadora do 2º curso do Dobre grao

**NOTA:** adxuntar como anexos as evidencias escritas das reunións de coordinación.

ANEXOS:

Consulta ao profesorado sobre posibles incidencias no 1º semestre:




Consulta ao profesorado sobre posibles incidencias do 2º semestre:



Comunicacións dos resultados principais das enquisas de coordinación cubertas polo alumnado:







# INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

## INFORME DE COORDINACIÓN 2023- 2024

**CURSO E GRAO: 3º Curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria**

**NOME DA COORDINADORA DE CURSO: Virginia Aznar Cuadrado**

### 1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO.

Leváronse a cabo dúas saídas de campo e unha actividade con profesionais externos.

Data de inicio da actividade:	19 de setembro de 2023
Data de finalización da actividade:	20 de setembro de 2023
Duración da Actividade:	1 sesión (90 min.) cada grupo
Tipo de actividade:	Saída de campo
Responsable:	Virginia Aznar Cuadrado
Nome da actividade:	Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)
Materia/s vinculadas:	(G3151322) Ensino e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
Breve Descrición:	Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):	<p>Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinalas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.</p> <p>Esta actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: 89 alumnos e alumnas dun total de 92 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración</p>



	oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.
--	---

Data de inicio da actividade:	27 de setembro de 2023
Data de finalización da actividade:	27 de setembro de 2023
Duración da Actividade:	Toda a xornada (9:00-18:30 h.)
Tipo de actividade:	Saída de campo
Responsable:	Tania Riveiro Rodríguez e Virginia Aznar Cuadrado
Nome da actividade:	Visita a ARMH (Campus Ponferrada. Universidade de León) e a Las Médulas
Materia/s vinculadas:	G3151321 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II e G3151322 Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II
Breve Descrición:	Trátase dunha actividade interdisciplinaria, centrada en traballar distintos aspectos didácticos da paisaxe. Atenderase á dimensión subxectiva, caso da relación paisaxe-memoria-procesos educativos de apropiación patrimonial, e tamén á dimensión obxectiva, traballando a integración de distintos elementos da paisaxe para dende á cognición pasar á emoción e, polo tanto á subxectividade. Con este obxectivo, traballarase ás singulares paisaxes das foxas herdadas da barbarie institucionalizada co golpe de 1936 e a Guerra Civil, o que permitirá ao alumnado pasar do coñecemento e valoración do espazo ao das prácticas no laboratorio, nos que se traballa, dende diferentes disciplinas no tratamento dos corpos de persoas “desaparecidas”. Nesta práctica o racional e o emocional configuran un todo configurando un potente e necesario instrumento didáctico. Debido ás posibilidades do entorno onde se desenvolve esta primeira práctica, nunha segunda sesión abórdase unha práctica centrada na evolución da paisaxe, mediante un itinerario percorrido a pe, tendo en conta a dimensión natural e a socio-histórica, debendo detectar en contacto co medio os elementos que indican os cambios na paisaxe a distintas escalas temporais, analizados dende as ciencias naturais, a xeografía física e a historia. Con estas actividades, enfocadas ao ensino-aprendizaxe no medio para a formación docente, búscase unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un claro entendemento mediante a praxe, da educación interdisciplinaria.
Valoración da actividade (utilidade,	Á saída acudiu case a práctica totalidade do alumnado matriculado, mostra de interese por participar en experiencias

participación do alumnado, eficacia):	<p>didácticas que rompan as rutinas cotiás da aula. Levouse a cabo segundo o programado.</p> <p>A valoración posterior feita polo alumnado foi moi positiva. Oralmente, na aula, sinalaron aqueles aspectos que lles chamaron máis a atención e reflexionaron en torno ás dúas partes da visita. En relación á ARMH, puxeron o foco no valor de acceder a contidos "pouco visibilizados nas aulas", vencellados á memoria e o pasado, pero fortemente unidos ao presente. Nesa liña, moitos estudantes expresaron o seu desexo de, no momento de exercer coma docentes, levar ese tipo de contidos á aula, como unha forma de achegar, desde a emoción, temáticas socialmente relevantes a alumnado de primaria. En relación á visita ás Médulas, fixeron fincapé no excepcional do espazo, descoñecido para moitas delas, e a interese de traballar <i>in situ</i> aspectos relacionados coa natureza e a evolución dun espazo ao longo dos séculos.</p> <p>Á finalización da materia o alumnado deberá entregar unha reflexión crítica sobre a mesma onde explique, máis de vagar, que aspectos do visto lles pareceron interesantes, que valor didáctico teñen a futuro, así coma na súa formación coma mestres e mestras.</p>
---------------------------------------	---

Data de inicio da actividade:	07/02/2024
Data de finalización da actividade:	07/02/2024
Duración da Actividade:	1:30h
Tipo de actividade:	Sesión-Conferencia
Responsable:	David Varela Vázquez
Nome da actividade:	Campaña Mans Unidas 2024: "O efecto ser humano"
Materia/s vinculadas:	G3151445 Teoloxía Católica e a súa Pedagogía
Breve Descrición:	<p>Durante a semana do 5 ao 9 de febreiro, Mans Unidas de Lugo recibiu a visita dunha misioneira mercedaria, María José López Cabezón, para o inicio da Campaña contra a fame no mundo de Mans Unidas 2024 "O efecto ser humano", campaña que estivo centrada en como as persoas podemos cambiar o planeta loitando contra o cambio climático que sofren os máis vulnerables, propoñendo e levando á realidade alternativas baseadas no cambio de estilos de vida, produción e consumo. O mércores 7 de febreiro, ás 17:30h, no Salón de Actos da Facultade de Formación do Profesorado, María José López Cabezón tivo unha sesión-conferencia con parte do alumnado da materia de Teoloxía católica e a súa pedagogía, aberta á libre participación de todo o alumnado, profesorado e persoal da Facultade. A misioneira María José López Cabezón é licenciada en Psicoloxía e ten formación profesional na rama sanitaria. Dende o ano 1995 desenvolveu</p>

	a súa actividade en Nicaragua, Guatemala e Ecuador, en proxectos de emerxencia (furacán Mitch 1998, terremoto Ecuador 2016), proxectos educativos con nenos e mozos, proxectos con mulleres con discapacidade, proxectos de desenvolvemento apoiando a mulleres rurais e de baixos recursos e proxectos de loita contra a violencia de xénero apoiando psicolxicamente ás mulleres maltratadas, entre outros.
Valoración da actividade (utilidade, participación do alumnado, eficacia):	A actividade foi proposta á Facultade e a todo o alumnado da materia optativa de Teoloxía católica durante unha das sesións interactivas-seminario desa semana, de 17:30 a 19:00 h. A participación foi moi numerosa, e ademais do testemuño de María José López Cabeazón, a ONG Mans Unidas Lugo presentou algunhas das actividades, incluíndo unha proposta de voluntariado ao alumnado da Facultade. A valoración é moi positiva, tanto dende o punto de vista dos contidos como dende o punto de vista do alumnado. No resto de sesións interactivas desa semana retomamos cos non presentes na actividade (por incompatibilidades horarias) os temas e os contidos presentados.

## 2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

### 2.1. Táboa-resumo.

Con data de 13 de xuño de 2024 estes son os datos obtidos:

Número de respostas: 39      Data de recollida: 13 xuño 2024 Curso e grao: 3º Curso Educación Primaria				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais (xustificar nas observacións)</b>	7.6%	20.6%	59%	12.8%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Nove estudantes queixanse de que as clases expositivas están moi masificadas				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	5.1%	38.5%	48.7%	7.7%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Dez respostas suxiren que as aulas son pequenas para grupos expositivos e interactivos e pouco prácticas para o traballo en grupo				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	2.6%	12.8%	79.5%	5.1%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> As respostas neste apartado aluden a metodoloxías e non a recursos				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	28.2%	33.3%	33.3%	5.2%
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Dezaioito estudantes están descontentos cos horarios xa que consideran que teñen moitas horas libre entre clases que non permiten a conciliación ou as teñen demasiado concentradas en poucos días				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I</b>	2.6%	7.7%	71.8%	17.9%
<b>OBSERVACIÓNS:</b>				

<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	<b>10.3%</b>	<b>23%</b>	<b>59%</b>	<b>7.7%</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Oito estudantes indican carga excesiva de traballos, sobre todo ao final do semestre				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	<b>5.1%</b>	<b>18%</b>	<b>61.5%</b>	<b>15.4%</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Tres estudantes indican que non hai coordinación entre os docentes dunha mesma materia				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	<b>0%</b>	<b>15.3%</b>	<b>74.4%</b>	<b>10.3%</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Catro respostas fan referencia á necesidade de cambiar as metodoloxías tradicionais				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)</b>	<b>5.1%</b>	<b>23%</b>	<b>64.2%</b>	<b>7.7%</b>
<b>OBSERVACIÓNS:</b> Só dous estudantes sinalan que existen solapamentos				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS:</b> Un ou unha estudante indica que o edificio, os materiais e diversas instalacións da facultade non son adecuadas para unha correcta formación.				

## 2.2. Síntese dos resultados do cuestionario:

A participación do alumnado nesta enquisa foi máis elevada que en cursos anteriores, chegando a 39 respostas. Aínda así, non podemos entendelas como representativas de todo o curso. A maioría do alumnado está conforme, e valora positivamente (bastante satisfeito e moi satisfeito) todos os ítems agás os horarios e os espazos para a docencia, considerándoos mellorables. Nos comentarios salientan tamén a carga excesiva de traballos ao final do semestre.

## 2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados.

Non houbo ningunha observación por parte do profesorado.

## 3. SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DE PROFESORADO E ALUMNADO

Houbo dúas consultas a través do correo institucional a primeiros do segundo semestre, por parte do alumnado, relacionadas co solapamento de horarios en materias matriculadas no segundo semestre. Suxeriuse que o alumnado afectado falase cos docentes das materias e intentasen arranxar a situación. Entendo que así foi xa que non recibín máis consultas ao respecto.

Non houbo suxestións, demandas ou queixas por parte do profesorado.

## 4. RESUMO DAS REUNIÓNS OU COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

### 4.1. Reunións e comunicacións cos delegados e alumnado do curso

Tras un primeiro contacto co alumnado de 3º Primaria, na sesión de acollida e presentación do curso (**11 de setembro de 2023**), e varios recordatorios posteriores (semanas do **11 e 18 de setembro de 2023**) solicitando a elección de un ou dous

representantes de curso para asistir ás reunións de coordinación programadas para este curso 2023-2024, o alumnado elixido como representante do curso foi:

**Delegada:** Laura Pereira Macías ([laurapereiramacias.pereira@rai.usc.es](mailto:laurapereiramacias.pereira@rai.usc.es))

**Subdelegado:** Iván Castro Álvarez ([ivan.castro.alvarez@rai.usc.es](mailto:ivan.castro.alvarez@rai.usc.es))

O día **22 de setembro de 2023** publicáronse na Aula Virtual de Coordinación os datos destes representantes, e enviouse unha mensaxe ao alumnado a través do foro desta Aula Virtual informando destes datos.

Con data de **25 de setembro de 2023** celebrouse presencialmente unha primeira reunión na que se lembra aos representantes o significado de ser delegada e subdelegado de curso e a función de representar aos compañeiros e compañeiras en todos os actos e reunións que se lles solicite. Comunícaselles a intención de facer dúas reunións ordinarias no curso, unha ao finalizar o primeiro semestre e a outra ao final do segundo, e da posibilidade de reunirnos todas as veces que o alumnado o solicite. Tamén se lles informa de que a comunicación de coordinación con todo o alumnado de 3º Primaria será a través da Aula de Coordinación do Campus Virtual establecida para tal fin. E que poden participar nela propoñendo a publicación de información relevante para o alumnado de 3º Primaria.

Con data **24 de novembro de 2023** comunícase ao alumnado, a través do foro da Aula Virtual de Coordinación, a dispoñibilidade das Enquisas de opinión sobre a docencia recibida no primeiro semestre e se anima a cubrilas aínda que estean no período de prácticas escolares.

Tamén a través da Aula Virtual de Coordinación se informa ao alumnado de diferentes convocatorias de mobilidade para o curso 2024- 2025: Erasmus+ (**11 de decembro de 2023**), Convenio bilateral (**25 de xaneiro de 2024**) e Sicue (**19 de febreiro de 2024**).

Con data **18 de abril de 2024** e **8 de maio de 2024**, a través da Aula Virtual de Coordinación, invitase ao alumnado a cubrir a Enquisa de coordinación de 3º Primaria coa docencia recibida e envíaselle a ligazón para facelo.

Con data **14 de xuño de 2024** envíase, tamén a través da Aula Virtual de Coordinación, o aviso para cubrir as Enquisas de satisfacción coa titulación da Área de Calidade da USC.

## 4.2. COMUNICACIÓNS CO PROFESORADO

Con data **22 de setembro de 2023** enviouse unha mensaxe ao profesorado a través do foro da Aula Virtual de Coordinación informando dos datos dos representantes de curso publicados nesta mesma Aula Virtual.

Con data **16 de decembro de 2023** enviouse, a través do correo institucional, unha consulta ao profesorado sobre a marcha do curso no primeiro semestre. Non houbo ningunha incidencia que comentar.

Con datas **19 de xaneiro de 2024** e **5 de maio de 2024** enviáronse, a través do correo institucional, recordatorios ao profesorado sobre a necesidade de cubrir os calendarios de tarefas (carga de traballo) e as táboas de actividades ApS, actividades transversais, de campo, etc., tanto do primeiro semestre como do segundo.

Con data **5 de maio de 2024** enviouse, a través do correo institucional, unha consulta ao profesorado sobre a marcha do curso no segundo semestre. Non houbo ningunha incidencia que comentar.

Con data **14 de maio de 2024** enviouse, a través do correo institucional, un recordatorio ao profesorado relativo a cubrir o formulario de revisión dos programas e poder elaborar o informe correspondente por parte da coordinación de curso.

Con data **13 de xuño de 2024** enviouse ao profesorado, a través do correo institucional, os resultados das Enquisas de satisfacción que cubriu o alumnado de 3º Primaria neste segundo semestre, solicitando que fixeran os comentarios que estimasen pertinentes. Non houbo ningún comentario que engadir ao informe.

#### **Data e sinatura**

19 xuño 2024



## **ANEXOS**

### **Calendario de carga de traballos**

#### **PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 TERCEIRO PRIMARIA**

DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151321	Ensino e aprendizaxe das CC Sociais II	OB
G3151322	Ensino e aprendizaxe das CC Experimentais II	OB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

■ ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

■ PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

■ PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

■ ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) 123 un traballo neste mes)

SETEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

OUTUBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
						1
2	3	4	5	6	7	8
322						
9	10	11	12	13	14	15

16	17 322	18	19	20	21	22
23 322	24 322	25 322	26	27	28	39
30	31					

NOVEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2 322	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## SEGUNDO SEMESTRE 2023-2024 TERCEIRO PRIMARIA

### DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias e optativas de mención)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151227	Ensino e Aprendizaxe da xeometría	OB



G3151323	Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos	OB
G3151330	A calidade nos centros escolares	Optativa (Tit)
G3151331	Dirección de centros escolares	Optativa (Tit)
G3151460	Inglés: Comprensión e expresión escrita	Optativa (Ing)
G3151461	Inglés: Comprensión e expresión oral	Optativa (Ing)
G3151468	Xogos populares e xogos regulados en educación primaria	Optativa (EF)
G3151469	Actividades motrices e recreativas na natureza	Optativa (EF)
G3151480	Trastornos da linguaxe, fala e voz na infancia	Optativa (AL)
G3151481	Detección e avaliación dos problemas da linguaxe na infancia	Optativa (AL)

**O alumnado cursa dúas optativas de mención e pode cursar dúas optativas xerais para completar os 30 créditos:** Teoloxía católica e a súa pedagogía, Educación emocional, Educación en valores e cidadanía, Historia, patrimonio e educación en Galicia, Lingua galega para a docencia, Tutoría e orientación educativa

**CÓDIGOS DE ACTIVIDADES** (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

■ ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

■ PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

■ PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

■ ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) 123 un traballo neste mes)

XANEIRO/ FEBREIRO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29			
		469				

MARZO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4	5	6 469	7	8	9	10
11	12	13 469	14	15	16	17
18	19	20 469	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

ABRIL 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
1	2	3 469	4	5	6	7
8	9	10 469	11	12	13	14
15	16	17 469	18	19	20	21
22 480	23	24	25 449	26	27	28
29 480	30					

MAIO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3 123	4	5
6 480	7	8	9	10	11	12
469						
13	14	15	16	17	18	19

20	21	22	23	24	25	26
27	28 <sup>480</sup>	29	30	31		

## Resumo das Enquisas de Satisfacción da Facultade

### ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DA FACULTADE 2023-2024


#### 3º Curso do Grao de Mestre/a de Educación Primaria

##### 1. Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais

Más Usos

Información

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	3
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	8
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	23
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	5



##### 2. Observacións á pregunta sobre "número de alumnos/as"

##### 9 Respuestas

ID ↑	Nombre	Respuestas
1	anonymous	En las interactivas está bien, pero en las sesiones expositivas somos demasiados.
2	anonymous	Nas expositivas somos excesiva xente
3	anonymous	Nas expositivas somos moitos alumnos
4	anonymous	Son aulas masivas nas que é imposible facer traballos ou participar de forma activa
5	anonymous	Expositivas masificadas.
6	anonymous	Somos bastantes alumnos/as pero algúns profesores centranse de forma individual.
7	anonymous	.

8	anonymous	É moi difícil que as sesións expositivas funcionen ben e haxa un ambiente agradable cando somos unhas 100 persoas xuntas á vez. Debería cambiarse o protocolo de división de grupos e reducir a cantidade de persoas á metade, independentemente da tendencia de cursos anteriores. As expositivas con 50 persoas ou menos serían moito máis fáciles de levar e a participación e intervención do alumnado podería darse de xeito máis natural e harmónico. En canto ás interactivas, sería preferible que non haxa máis de 20 persoas polo mesmo motivo, nalgúns materias somos máis de 30 e en moitas ocasións é moi complicado que o profesorado atenda todas as necesidades que xurden ao longo do curso. No caso das titorías, ao ser individuais ou por grupos de traballo, o número de asistentes é axeitado.
9	anonymous	Non considero adecuado que mesturen ao alumnado de dobre grao con algúns dos estudantes de primaria debido a que dificultan a formación de grupos de traballo e a os horarios non están en beneficio de todos.

### 3. Espazos para a docencia

[Mas detalles](#)

[Información](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	2
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	15
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	19
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	3



### 4. Observacións á pregunta "Espazos para a docencia"

#### 10 Respuestas

1	anonymous	Ueberianse buscar novas distribucións mas auias, pois suponse que estamos nunha facultade de educación na que estamos a aprender diferentes alternativas de docencia, mais seguimos reproducindo modelos tradicionais.
2	anonymous	Espacios demasiado pequenos para albergar ao alumnado, ademais de aulas pouco prácticas para traballar en grupo nas interactivas.
3	anonymous	Nas aulas nas que se imparten as clases expositivas non son prácticas para poder tee un aprendizaxe significativo
4	anonymous	falta unha cefetería moi necesaria, xa que cos horarios que se dan apenas podemos comer...

5	anonymous	non están ben preparados para o tipo de docencia que se nos pide que teñamos na nosa profesión, deberíamos formarnos nun contexto idoneo.
6	anonymous	Son espazos pouco adecuados para sesións de larga duración, nas que as cadeiras son bastante incómodas.
7	anonymous	Os espazos son pequenos e o material para o alumnado pobre.
8	anonymous	Cadeiras incómodas
9	anonymous	Os espazos non son adecuados para por en práctica os contidos traballados nas materias. Se se nos esixe fuxir de metodoloxías tradicionais, por que case todas as aulas de maxisterio fomentan esta forma de traballar?
10	anonymous	O espazo da facultade é moi reducido, estando en numerosas ocasións todas as mesas de traballo ocupadas.

## 5. Recursos técnicos para a docencia

[Mas detalles](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	1
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	5
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	31
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	2



## 6. Observacións á pregunta "Recursos técnicos para a docencia"

### 2 Respostas


ID ↑	Nombre	Respostas
1	anonymous	As clases son demasiado tradicionais.
2	anonymous	Non hai recursos suficientes, non estamos formados en aplicacións educativas (XADE, Abalar, etc.) nin en obxectos que permitan diversas formas de impartir docencia (cartas de aprendizaxe, aprendizaxe mediante o xogo, etc.) xa que non se dispón de recursos nas aulas.

## 7. Horarios lectivos

[Mas detalles](#)

[Información](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	11
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	13
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	13
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	2



## 8. Observacións á pregunta "horarios lectivos"

### 18 Respuestas

ID ↑	Nome	Respuestas
1	anonymous	Excesivos ocos libres e horas de clase moi espaciadas, que non posibilitan compatibilizar os estudos cun traballo a media xornada.
2	anonymous	Non temos un horario regular que nos permita ter un horario nin a posibilidade de buscar traballo fora xa que se nos solaparía. Ademais de que se solapan materias do mesmo curso.
3	anonymous	En numerosos días existen un gran número de espazos de 1 hora e media entre as clases.
4	anonymous	Temos demasiadas horas libres entre unhas clases e outras.
5	anonymous	Hay muchos intervalos libres entre clases.
6	anonymous	Os horarios deberían estar máis compensados xa que na maioría dos cursos existen días con moitas horas lectivas e outros con case ningunha.
7	anonymous	pouco tempo para comer, hora de saída moi tarde.
8	anonymous	En moitas xornadas, aparecen horas moi separadas, tendo horas mortas polo medio.

9	anonymous	É imposible de cadrar uns horarios que permitan unha xestión do tempo de calidade.
10	anonymous	Son horarios muy dispersos, teniendo que ir de la facultad a casa y de casa a la facultad, es decir, si tienes clase de 09:00 a 10:30, luego la siguiente clase está de 12:00 a 13:30, por lo que desta manera el alumnado no puede aprovechar su vida social o su vida personal.
11	anonymous	Ter horario partido de mañá e tarde é un gran impedimento para realizar outras actividades.
12	anonymous	Debido a que hay días que tenemos solo una hora de clase y otros días demasiado cargados.
13	anonymous	Ter o horario partido entre mañás e tardes fai que perdas todo o día ca que tes horas mortas polo medio que non son de moito proveito.
14	anonymous	Horarios lectivos descompensados e moi extensos.
15	anonymous	Debería de haber un horario continuado.
16	anonymous	É moi cómodo que as materias de Mención de AL estean organizadas de maneira que a interactiva e a expositiva van unha seguida da outra e ademais en días consecutivos.



17	anonymous	Horarios partidos de mañá e de tarde, con horas mortas entre clases, clases á hora da comida do mediodía, imposibilidade para compatibilizar os estudos universitarios con traballos.
18	anonymous	Os horarios lectivos non teñen unha explicación lóxica, hai días nos que se pode ter clase dende as 9:00 ata as 20:30 e, pola contra, outros nos que non hai nin unha soa clase. Ademais, existen moitas horas solas entre unhas sesións e outras, o que prexudica a organización, o tempo de estudo e unha dinámica de clases favorables.

### 9. Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Practicum I

[Más detalles](#)

[Información](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	1
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	3
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	28
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	7



### 10. Observacións á pregunta "carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Practicum I"

0

Respuestas


[Respuestas más recientes](#)

### 11. Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación

[Más detalles](#)

[Información](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	4
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	9
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	23
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	3



12. Observacións á pregunta "número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación"

8 Respostas


ID ↑	Nome	Respostas
1	anonymous	Ao longo do cuatrimestre a carga de traballos está ben, pero a finais do mes de abril e comezos de maio xúntasen todas as entregas e exposición deixando pouco tempo para dedicar ao estudo
2	anonymous	Nalgunhas asignaturas a cría de traballo é excesiva.
3	anonymous	Coa diversidade de horarios algúns grupos de traballo son difíciles de xestionar.
4	anonymous	Moitos traballos con datas de entrega moi próximas.
5	anonymous	Todos los trabajos los mandan al final del cuatrimestre
6	anonymous	Son bastantes traballos e fechas moi xuntas. A maioría dos traballos mándanos a finais do semestre
7	anonymous	Excesiva carga de traballos
8	anonymous	O número de traballo das materias optativas en comparativa dunhas con outras son completamente desproporcionados, así como a organización destas materias, véndose unha gran diferenza entre unhas e outras.

13. Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a

Más detalles

Información

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	2
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	7
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	24
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	6



14. Observacións á pregunta "coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a"

3 Respostas

ID ↑	Nome	Respostas
1	anonymous	Non se coordinan nin para que o alumnado poda asistir as clases nas que está matriculando, sendo de mesmo curso e poñendo complicacións se se solapan
2	anonymous	Non hai nada de coordinación
3	anonymous	Nalgunhas das materias nas que se comparte máis dun docente non hai acordo entre os mesmos, danse malentendidos e as instrucións impartidas son diferentes.



15. Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes

[Más detalles](#)

[Información](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	0
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	6
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	29
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	4



16. Observacións á pregunta "adequación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes"


4 Respostas

ID ↑	Nome	Respostas
1	anonymous	Deberían proporse novas alternativas metodolóxicas que nos sirvan de exemplo coma futuros docentes.
2	anonymous	Algúns non se axustan a avaliación dos programas e a metodoloxía é tradicional, polo que non hai un aprendizaxe significativo
3	anonymous	metodoloxías moi tradicionais
4	anonymous	Os contidos cumprense pero é moi contradictorio que esteamos nunha Facultade de Educación, que falemos constantemente da necesidade de innovar e dinamizar as clases, e aquí as materias sigan case todas a mesma estrutura: clases expositivas de ler power points e clases expositivas de facer "traballos en grupo". Os supostos traballos en grupo rematan consistindo en que cada membro fai unha parte do traballo para logo pegalo todo xunto, non se cumpre verdadeiramente o obxectivo de fomentar o traballo en equipo e desenvolver as habilidades necesarias.

17. Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a

[Más detalles](#)

<span style="color: blue;">●</span> Nada satisfeito	2
<span style="color: orange;">●</span> Pouco satisfeito	9
<span style="color: green;">●</span> Bastante satisfeito	25
<span style="color: red;">●</span> Moi satisfeito	3



18. Observacións á pregunta "solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a"

2 Respostas

ID ↑	Nombre	Respostas
1	anonymous	Existen solapamentos.
2	anonymous	En ocasións os coñecementos impartidos por un docente dunha materia non se corresponden cos do outro profesor da mesma, ou mesmo se presentan problemas dos cales se explica que a solución a aportará outro profesor e iso non ocorre.

19. OBSERVACIÓNS XERAIS

1 Respostas

ID ↑	Nombre	Respostas
1	anonymous	En xeral, o edificio, os materiais e diversas instalacións utilizadas na facultade de maxisterio de Lugo non son adecuados para unha correcta formación do profesorado.

## INFORME DE COORDINACIÓN DO CURSO 2023-2024

Terceiro curso de Educación Infantil e terceiro curso de Dobre Grao

Coordinadora: Montserrat Souto Gómez

### 1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

Ao longo do segundo semestre, leváronse a cabo tres actividades con profesionais externos.

<b>Data:</b>	7 de febreiro de 2024
<b>Tipo de actividade:</b>	Actividade con profesionais externos
<b>Responsable:</b>	David Varela Vázquez
<b>Título:</b>	<b><i>Campaña Mans Unidas 2024: "O efecto ser humano"</i></b>
<b>Breve descrición:</b>	<p>Durante a semana do 5 ao 9 de febreiro, Mans Unidas de Lugo recibiu a visita dunha misioneira mercedaria, <b>María José López Cabezón</b>, para o inicio da <b>Campaña contra a fame no mundo de Mans Unidas 2024 "O efecto ser humano"</b>, campaña que estivo centrada en como as persoas podemos cambiar o planeta loitando contra o cambio climático que sofren os máis vulnerables, propoñendo e levando á realidade alternativas baseadas no cambio de estilos de vida, produción e consumo.</p> <p><b>O mércores 7 de febreiro, ás 17:30h, no Salón de Actos da Facultade de Formación do Profesorado</b>, María José López Cabezón tivo unha sesión-conferencia con parte do alumnado da materia de Teoloxía católica e a súa pedagogía, aberta á libre participación de todo o alumnado, profesorado e persoal da Facultade.</p> <p>A misioneira María José López Cabezón é licenciada en Psicoloxía e ten formación profesional na rama sanitaria. Dende o ano 1995 desenvolveu a súa actividade en Nicaragua, Guatemala e Ecuador, en proxectos de emerxencia (furacán Mitch 1998, terremoto Ecuador 2016), proxectos educativos con nenos e mozos, proxectos con mulleres con discapacidade, proxectos de desenvolvemento apoiando a mulleres rurais e de baixos recursos e proxectos de loita contra a violencia de xénero apoiando psicoloxicamente ás mulleres maltratadas, entre outros.</p>
<b>Materia vinculada:</b>	G3131455 Teoloxía Católica e a súa Pedagogía

<b>Data:</b>	1 de abril de 2024
<b>Tipo de actividade:</b>	Actividade con profesionais externos
<b>Responsable:</b>	Cristina Martínez Tejero
<b>Título:</b>	<b><i>Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy, por Doris Paz</i></b>
<b>Breve descrición:</b>	<p>Actividade vinculada á materia e financiada polo Servizo de Normalización Lingüística da USC. Consistiu na conferencia «Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socio-educativa Antonio Gandoy», por parte de Doris Paz. Esta educadora achegou a súa experiencia sobre o tratamento da literatura na primeira infancia, con atención a aspectos como a selección de obras, os recursos á hora de contar historias ou as rutinas arredor dos libros.</p> <p>Doris Paz é diplomada en maxisterio, con especialidade en Educación Infantil, pola Facultade de Formación do Profesorado da USC. En 1998 integrouse no histórico programa de educación infantil <i>Preescolar na casa</i> e, unha vez extinto este, proseguiu o seu traballo no colectivo que lle dá continuidade até hoxe: a Asociación Socio-Educativa Antonio Gandoy. Esta asociación realiza un importante labor educativo en diversas localizacións da xeografía galega traballando coas familias e reivindicando a importancia da contorna próxima no desenvolvemento das crianzas.</p>
<b>Materia vinculada:</b>	G3131328 Literatura Infantil e Dramatización
<b>Data:</b>	22 de abril de 2024
<b>Tipo de actividade:</b>	Actividade con profesionais externos
<b>Responsable:</b>	Cristina Martínez Tejero
<b>Título:</b>	<b><i>O teatro para a primeira infancia: a experiencia de Caramuxo Teatro, por Laura Sarasola</i></b>
<b>Breve descrición:</b>	Co obxectivo de achegarnos á arte dramática e coñecer as súas potencialidades no ámbito educativo, contamos coa directora e actriz Laura Sarasola, integrante de Caramuxo Teatro. Esta compañía teatral está especializada en teatro infantil e familiar, así como en espectáculos para bebés. Dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola, na súa proposta combinan diferentes técnicas e ofrecen espectáculos dotados de gran potencia visual e poética.

	Caramuxo teatro conta con máis de vinte anos de traxectoria e cultiva de forma activa a dimensión didáctica nas súas pezas.  Este evento estivo financiado polo Servizo de Normalización Lingüística da USC e pola Facultade de Formación do Profesorado.
<b>Materia vinculada:</b>	G3131328 Literatura Infantil e Dramatización

## 2. RESULTADOS DOS CUESTIONARIOS DE COORDINACIÓN DO CURSO CUBERTOS POLO ALUMNADO

### 2.1. Táboa-resumo de 3º curso de Educación Infantil

<b>Número de respostas:</b> 42 <b>Data de recollida:</b> 18 de abril a 16 de maio de 2024				
<b>Curso e grao:</b> Terceiro Curso de Educación Infantil				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais</b>	0%	16%	76%	7%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Dúas persoas indican que hai demasiado alumnado nos grupos interactivos. Unha terceira persoa tamén destaca o mesmo en relación cos grupos expositivos (“hay expositivas a las que va mucha gente porque pasan lista y no porque quieran ir y se forma un caos”).				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	7%	30%	59%	2%
<b>OBSERVACIÓNS</b> En oito observacións negativas predomina o comentario de que as mesas fixas impiden desenvolver dinámicas adecuadas. A maiores, dúas persoas destacan que hai poucas aulas na facultade.				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	0%	30%	61%	7%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Dous comentarios negativos: “aulas tradicionais” (enténdese que non hai tantos recursos técnicos como sería desexable) e “demasiado centrados nas TIC”.				
<b>4.- Horarios lectivos</b>	21%	26%	42%	9%
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado protesta, sobre todo, por ter horas soltas e solapamentos. A continuación, varias persoas fan referencia á dificultade para conciliar con outras actividades (traballar ou viaxar desde fóra de Lugo). Destácase como algo moi negativo				

o feito de ter clase o venres a última hora da tarde, pois isto imposibilita coller o bus para regresar aos seus lugares de orixe. Finalmente, póñense como exemplo a seguir os horarios da Universidade da Coruña (8 respostas en total).				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre e a súa compatibilidade co Prácticum I</b>	0%	19%	<b>66%</b>	<b>14%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Tres respostas inciden na excesiva carga de traballo.				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	2%	23%	<b>66%</b>	<b>7%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Cinco persoas destacan o exceso de traballo, sobre todo en certas materias, pero non se cita ningunha en concreto. Unha sexta persoa sinala que non hai “ningún tipo de feedback na maioría das entregas”.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	4%	19%	<b>73%</b>	<b>2%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Tres persoas insisten na idea da falta de coordinación. Unha delas apostila “parecen dos asignaturas diferentes en la mayoría de los casos”.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	4%	19%	<b>69%</b>	<b>7%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> As dúas observacións recibidas non responden á pregunta realizada. Céntranse só nos contidos e considéranos demasiado teóricos ou anticuados.				
<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a</b>	9%	16%	<b>61%</b>	<b>11%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Dos dous comentarios que recibimos, un deles fai referencia ao solapamento horario, non ao solapamento de contido. O outro comentario sinala moitas coincidencias con materias do Ciclo de Educación Infantil (“moitas asignaturas na que a materia é a mesma que na FP”).				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b> Dúas persoas consideran necesario concluír dicindo que fan falta moitos cambios (sen concretar máis) para mellorar o funcionamento da facultade e acadar o “prestixio que se merece”.				

## 2.2. Síntese dos resultados do cuestionario

Aínda que en todas as respostas predominan as porcentaxes positivas (bastante ou moi satisfeito) sobre as negativas (pouco ou nada satisfeito), é evidente que hai moito que mellorar no apartado dedicado aos horarios (21% nada satisfeito e 26% pouco satisfeito). Tamén hai certa marxe de mellora en “espazos para a docencia” (7% nada satisfeito e 30% pouco satisfeito) e “recursos técnicos para a docencia” (30% pouco satisfeito).

## 2.3. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

Os resultados dos cuestionarios de coordinación do alumnado de 3º de Infantil foron enviados ao profesorado o 13 de xuño de 2024, ao tempo que se convocaba xuntanza virtual a través do correo electrónico para coñecer a valoración do profesorado implicado na docencia. A data límite para recibir comentarios foi o 19 de xuño de 2024 ás 17:00 hs.

Todas as persoas que contestaron o e-mail declinaron facer observacións sobre os datos recompilados.

## 2.4. Táboa-resumo de 3º curso do Dobre Grao

Número de respostas: <b>11</b> Data de recollida: 18 de abril a 16 de maio de 2024				
Curso e grao: Terceiro curso do Dobre Grao				
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN (porcentaxes)			
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO
<b>1.- Número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titoriais</b>	9%	9%	<b>72%</b>	<b>9%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa descontenta co tamaño dos grupos considera que esta situación dificulta unha ensinanza máis personalizada.				
<b>2.- Espazos para a docencia</b>	0%	27%	<b>72%</b>	<b>0%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Faltan espazos de traballo e as aulas son pequenas (unha resposta).				
<b>3.- Recursos técnicos para a docencia</b>	0%	36%	<b>63%</b>	<b>0%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai comentarios.				



<b>4.- Horarios lectivos</b>	<b>72%</b>	<b>9%</b>	18%	0%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Sete persoas insisten en que os horarios non son adecuados (pasar todo o día na facultade e con moitas horas mortas polo medio dificulta o estudo autónomo do alumnado). Unha desas sete persoas propón dúas posibles solucións: “ou ben condensar todas as materias con xornada de mañá e tarde en 2 ou 3 días, deixando así outros días de marxe para realizar traballos, ou ben deseñar unha soa xornada de mañá ou tarde que fose regular, sen ocios baleiros polo medio”.				
<b>5.- Carga de traballo autónomo das materias cursadas</b>	<b>0%</b>	<b>54%</b>	45%	0%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Catro estudantes coinciden en destacar que a carga de traballo é excesiva en varias materias, moitas delas optativas (non se cita ningunha en concreto).				
<b>6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación</b>	9%	27%	<b>54%</b>	<b>9%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha resposta: “Especialmente nas materias que contan con máis dun docente (que non en todos os casos), semella que se tratase de dúas materias completamente distintas, é dicir, contando co traballo correspondente a dúas materias, pero condensado nunha, o que resulta un excesivo número de entregas e tarefas que sería moito máis interesante dividir en dúas materias separadas. De igual forma, destacaría o feito de que nas materias de mención existe unha carga de traballo moitas veces maior que nas materias ordinarias, o que resulta incompreensible tendo en conta que estas contan cun cómputo de créditos menor, é dicir, 4,5 en lugar de 6”.				
<b>7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a</b>	0%	36%	<b>45%</b>	<b>18%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Só unha resposta: “nas materias da mención de inglés, a coordinación entre os docentes era regular, facendo que non tiveramos claro os criterios e sistema de avaliación, sabendo este último unha semana e media antes do exame”.				
<b>8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes</b>	0%	18%	<b>72%</b>	<b>18%</b>
<b>OBSERVACIÓNS</b> Un comentario: “nalgunhas materias preséntase o programa de avaliación ao inicio das mesmas, mais a cuestión do exame final non se trata até o final do curso, sendo así imposible deseñar un plan de estudo adaptado ás demandas de dito exame de forma progresiva e obrigando a estudar para superar a proba unha vez rematan as clases”.				



<b>9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a</b>	27%	18%	45%	9%
<b>OBSERVACIÓNS</b> Tres persoas confirman os solapamentos, destacando coincidencias entre materias de Infantil e materias de Primaria, ou entre materias obrigatorias e optativas de mención.				
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b> Un único comentario final fai referencia a que o alumnado de Dobre Grao non ten as mesmas facilidades de horario que o alumnado de Infantil ou Primaria para asistir ás conferencias organizadas pola facultade.				

## 2.5. Síntese dos resultados do cuestionario

Como ven sendo habitual, os horarios lectivos presentan unhas moi altas porcentaxes de descontento (72% nada satisfeito e 9% pouco satisfeito). En segundo lugar, tamén suspende o apartado dedicado á “carga de traballo autónomo” (54% pouco satisfeito). Todos os demais ítems superan o 50% de valoracións positivas (bastante ou moi satisfeito). Aínda así, hai unha importante marxe de mellora en “recursos técnicos para a docencia” (36% pouco satisfeito), “número de traballos, prazos e datas de entrega” (9% nada satisfeito e 27% pouco satisfeito), “coordinación entre docentes” (36% pouco satisfeito) e “solapamento de contidos” (27% nada satisfeito e 18% pouco satisfeito).

## 2.6. Observacións do profesorado sobre os datos recompilados

Os resultados dos cuestionarios de coordinación do alumnado de 3º de Dobre Grao foron enviados ao profesorado o 13 de xuño de 2024, ao tempo que se convocaba xuntanza virtual a través do correo electrónico para coñecer a valoración do profesorado implicado na docencia. A data límite para recibir comentarios foi o 19 de xuño de 2024 ás 17:00 hs.

Todas as persoas que contestaron o e-mail declinaron facer observacións sobre os datos recompilados.

## 3. INCIDENCIAS, SUXESTIÓNS, DEMANDAS OU QUEIXAS DO ALUMNADO E DO PROFESORADO

### 3.1. Alumnado

As delegadas de 3º de Infantil e 3º de Dobre Grao non comunicaron á coordinadora ningún tipo de incidencia ao longo de todo o curso. Preguntadas de novo ao remate do curso, a súa resposta foi que todos os pequenos incidentes que puideron xurdir no seo das materias foron resoltos mediante a comunicación directa co profesorado das mesmas.

### 3.2. Profesorado

Cristina Martínez Tejero, profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (materia obrigatoria de 3º de Educación Infantil), comenta que durante a avaliación da primeira oportunidade o alumnado lle transmitiu que o exame desta materia foi o último e iso impediulles preparalo adecuadamente. A profesora propón que, ao ser unha materia obrigatoria, debería tal vez pensarse en que o exame estea mellor localizado (pode que ao inicio do período de probas).

## 4. RESUMO DAS COMUNICACIÓNS MANTIDAS CON ALUMNADO E PROFESORADO

### 4.1. Comunicación co alumnado

**O 20 de setembro de 2023** comunicouse o nome das delegadas de 3º de Dobre Grao e iniciouse o proceso de elección das delegadas en 3º de Educación Infantil (a través do Campus Virtual). Neste último caso, ao haber votacións, retrasouse o nomeamento ao 16 de outubro. As elixidas foron:

- 3º Curso de Educación Infantil
  - Delegada: Isabel Simil Romero
  - Subdelegada: Valentina Zaquiére Correa
- 3º Curso do Dobre Grao
  - Delegada: Ana Llana Viña
  - Subdelegada: Olalla Forján Gómez

**O 23 de novembro de 2023**, tamén a través do Campus Virtual, recordóuselles a importancia de cubrir as enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

**O 15 de decembro de 2023** enviouse un *e-mail* ás delegadas para que comunicasen calquera tipo de demanda, suxestión ou queixa. Non se recibiu ningunha comunicación ao respecto.

**O 18 de abril de 2024**, a través do Campus Virtual, solicitouse a súa colaboración para cubrir a enquisa de coordinación de curso. Contactouse, ademais, coa profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (Cristina Martínez Tejero) e coa profesora de *Ensino e Aprendizaxe da Xeometría* (Cristina Lois Prados) para que facilitasen ao alumnado a realización das enquisas durante as súas horas de clase. Antes de facer esta tarefa nas aulas respectivas, había só tres enquisas entregadas. Despois deste proceso, obtivéronse un total de 53 (42 en Educación Infantil e 11 en Dobre Grao).

**O 14 de xuño de 2024** solicitouse ao alumnado (vía Campus Virtual) que participase nas enquisas de satisfacción coa titulación. O prazo comezaba o mesmo día 14 e remataba o 28 de xuño.

**O 20 de xuño de 2024** informouse ao alumnado (a través do Campus Virtual) dos resultados xerais da enquisa de coordinación de curso.

#### 4.2. Comunicación co profesorado

**Ao inicio de cada semestre (03/10/2023 e 28/02/2024)**, esta coordinación púxose en contacto co profesorado de 3º de Infantil e Dobre Grao para pedirilles que cubrisen os calendarios de entrega de traballos. Ao profesorado de 3º de Infantil tamén se lle pediu que rexistrasen todas as actividades transversais que foron organizando ao longo do curso.

**Ao final de cada semestre (15/12/2023 e 13/06/2024)** solicitouse ao profesorado que comunicase calquera demanda, suxestión ou queixa que tivera sobre o desenvolvemento do curso. En decembro non se recibiu ningunha comunicación ao respecto e no mes de xuño só se recibiu a proposta indicada no apdo. 3.2.

**O 15 de maio de 2024** lembrouse ao profesorado de 3º de Educación Infantil a data límite para cubrir o formulario de revisión de programas.

**O 23 de maio de 2024** realizouse o informe de revisión dos programas de 3º curso de Educación Infantil e enviouse á coordinadora do título de Infantil.

**O 13 de xuño de 2024** convocouse xuntanza virtual a través do correo electrónico para coñecer as observacións do profesorado sobre as enquisas de coordinación. Como as persoas enquisadas non fixeron referencia a materias concretas, o profesorado non estimou necesario facer ningún tipo de apreciación.

#### 5. Outras observacións ou comentarios

Nos documentos anexos axúntanse a seguinte información:

Anexo I: Acta de reunión virtual de coordinación de curso.

Anexo II: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Educación Infantil.

Anexo III: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Dobre Grao.

Lugo, 20 de xuño de 2024



Asdo. Montserrat Souto Gómez

Coordinadora de 3º curso de Educación Infantil e 3º curso de Dobre Grao

## ACTA DE REUNIÓN VIRTUAL DE COORDINACIÓN DE CURSO

---

**Lugar:** Facultade de Formación do Profesorado- Reunión virtual (correo electrónico)

**Data:** 19 de xuño de 2024

**Hora de inicio:** 13 de xuño de 2024 ás 20:50 hs.

**Hora de finalización:** 19 de xuño de 2024 ás 17:00 hs.

**Asistentes:** profesorado que imparte docencia ao alumnado de 3º de Educación Infantil ou ao alumnado de 3º de Dobre Grao:

1. Agrafojo Nieto, María Helena
2. Anderson Mcguire, Jodee
3. Ares Vázquez, María del Carmen
4. Aznar Cuadrado, Virginia
5. Díaz Queizán, Óscar
6. Doyle, Katie Rhianna
7. Fandiño Pascual, Ricardo
8. Fernández Vázquez, María del Mar
9. Ferreiro Núñez, Xesús
10. Freire Pérez, Estella Leticia
11. García Marín, Pablo
12. García Pedreira, María del Rocío
13. Gavino Fernández, Sandra
14. Gómez Gómez; María Carmen
15. Iglesias Forneiro, María Lina
16. Lago Ballesteros, Joaquín
17. Lois Prados, Cristina
18. López de la Calle Sampedro, M<sup>a</sup> Ángeles
19. López Quintáns, Javier
20. Martínez Quintanar, Miguel Ángel
21. Martínez Tejero, Cristina
22. Mecías Calvo, Marcos
23. Mouriz Corbelle, Romina
24. Riveiro Rodríguez, Tania
25. Rodríguez Vivero, Dolores
26. Romero Tabeayo, María Isabel
27. Sáez Gambín, Daniel
28. Santamaría Queiruga, Olaya
29. Souto Seijo, Alba María
30. Varela Vázquez, David
31. Varela Zapata, Jesús
32. Vázquez Regueiro, Teresa Susana

**Ausentes:**

*Ninguén*

---

## **Orde do día:**

1. Valoración das enquisas de coordinación
  2. Rolda aberta de intervencións
  3. Aprobación da acta da reunión
- 

## **Deliberacións e acordos:**

### **1. Valoración das enquisas de coordinación**

Interveñen dezanove persoas para agradecer o informe sobre as enquisas de coordinación e indicar que non precisan facer ningún comentario ao respecto.

### **2. Rolda aberta de intervencións**

Cristina Martínez Tejero, profesora de *Literatura Infantil e Dramatización* (materia obrigatoria de 3º de Educación Infantil), comenta que durante a avaliación da primeira oportunidade o alumnado lle transmitiu que o exame desta materia foi o último e iso impediulles preparalo adecuadamente. A profesora propón que, ao ser unha materia obrigatoria, debería tal vez pensarse en que o exame estea mellor localizado (pode que ao inicio do período de probas).

### **3. Aprobación da acta desta reunión**

Apróbase a acta.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión da que estendo acta como secretaria.

Lugo, 19 de xuño de 2024



Asdo. Montserrat Souto Gómez

Coordinadora de 3º curso de Educación Infantil e 3º curso de Dobre Grao

## ANEXO II: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Educación Infantil

PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 TERCEIRO INFANTIL

### DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131322	Iniciación á Lectura e Escritura	OB
G3131327	Motricidade infantil	OB

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **123**, **123**):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **123** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21 327	22	23	24
25	26	27	28 327	29	30	

OUTUBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
						1
2	3	4	5 327	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23 327	24	25	26 327 327	27 327	28	29
30	31					

NOVEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2 327	3 327	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31



## DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias, optativas de mención ou optativas xerais)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131325	Música na educación infantil	OB
G3131328	Literatura infantil e dramatización	OB
G3131330	Educación estética	Optativa (Art)
G3131331	Literatura e arte	Optativa (Art)
G3131447	Educación emocional	Optativa
G3131448	Educación en valores e cidadanía	Optativa
G3131451	Idioma estranxeiro para educación infantil inglés	Optativa
G3131452	Lingua galega para a docencia	Optativa
G3131453	Titoría e orientación educativa	Optativa
G3131455	Teoloxía católica e a súa pedagogía	Optativa
G3131442	Educación e Linguas en Galicia	Optativa

O alumnado cursa 4 optativas para completar os 30 créditos (dúas poden ser as da mención)

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: 123, 123):

■ ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

■ PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS

■ PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES

■ ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) 123 un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
29	30	31	1	2	3	4
5	6	7	8	9 328	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27 G3131451 G3131451	28	29			

MARZO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1 328	2	3
4	5 G3131451	6	7	8 331	9	10
11	12 G3131451 G3131451	13	14	15	16	17
18	19 G3131451 G3131451 G3131442	20	21	22 328	23	24
25	26	27	28	29	30	31

328: 1 trab. Para grupos concretos

ABRIL 2024						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1	2 G3131451 G3131451	3	4	5	6	7
8	9 G3131451 G3131451	10	11	12 328	13	14
15	16 G3131451 G3131451	17	18 330	19	20	21
22	23 442 G3131451 331	24	25 448 330	26	27	28
29	30 442 G3131451 331					

328: 1 trab. Para grupos concretos

MAIO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1 331	2	3 328	4	5
6 328	7	8	9	10	11	12 330
13 328	14	15	16	331		
328						





### ANEXO III: Calendario de rexistro da carga de traballo de 3º curso de Dobre Grao

PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 TERCEIRO DOBRE GRAO

#### DATOS DAS MATERIAS

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3131327	<i>Motricidade infantil</i> (E. Infantil)	Ob
G3131322	<i>Iniciación á lectura e a escritura</i> (E. Infantil)	Ob
G3151321	<i>Ensino e aprendizaxe das ciencias sociais II</i> (E. Primaria)	Ob
G3151322	<i>Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais II</i> (E. Primaria)	Ob

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **G1234567**, **G1234567**):

-  ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
-  PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
-  PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
-  ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **G1234567** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21 327	22	23	24
25	26	27	28 327	29	30	

OUTUBRO 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
						1
2 G3151322	3	4	5 327	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17 G3151322	18	19	20	21	22
23 327 G3151322	24 G3151322	25 G3151322	26 327 327	27 327	28	29
30	31					

NOVIEMBRE 2023						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2 327 G3151322	3 327	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

DECEMBRO 2023						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

## DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias e optativas de mención de primaria)

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151328	Música na educación primaria (E. Primaria)	Ob
G3131222	Aprendizaxe da lingua oral (E. Infantil)	Ob
G3131206	Escola inclusiva e necesidades educativas especiais (E. Infantil)	FB
G3131325	Música na educación infantil (E. Infantil)	Ob
G3151227	Ensino e aprendizaxe da xeometría (E. Primaria)	Ob
G3151323	Educación visual e plástica II: Procesos e proxectos artísticos (E. Primaria)	Ob
G3151330	A calidade nos centros escolares	Optativa (Tit)
G3151331	Dirección de centros escolares	Optativa (Tit)
G3151460	Inglés: Comprensión e expresión escrita	Optativa (Ing)
G3151461	Inglés: Comprensión e expresión oral	Optativa (Ing)
G3151468	Xogos populares e xogos regulados en educación primaria	Optativa (EF)
G3151469	Actividades motrices e recreativas na natureza	Optativa (EF)
G3151480	Trastornos da linguaxe, fala e voz na infancia	Optativa (AL)
G3151481	Detección e avaliación dos problemas da linguaxe na infancia	Optativa (AL)

O alumnado cursa dúas optativas de mención de primaria ou dúas optativas xerais (Teoloxía católica e a súa pedagogía, Educación emocional, Educación en valores e cidadanía, Idioma estranxeiro para educación infantil: Inglés, Lingua galega para a docencia, Titoría e orientación educativa, Historia, patrimonio e educación de Galicia, Educación e Linguas en Galicia).

CÓDIGOS DE ACTIVIDADES (resaltar na cor que corresponda o código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **G1234567**, **G1234567**):

- ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)
- PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS
- PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES
- ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **G1234567** un traballo neste mes)

XANEIRO-FEBREIRO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
29	30	31	1	2	3	4
5 G3151460	6 G3151461	7 G3131206	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19 G3151460	20 G3151461	21 G3131206	22	23	24	25
26 G3151460	27 G3151461 G3151227	28 G3151469	29			

MARZO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
				1	2	3
4 G3151460	5 G3151461	6 G3131206 G3151469	7	8	9	10
11 G3151460	12 G3151461 G3131222	13 G3151469	14 G3131222	15	16	17
18 G3151460	19 G3151461	20 G3131206 G3131206 G3151469	21	22	23	24



25	26	27	28	29	30	31
----	----	----	----	----	----	----

ABRIL 2024						
LU	MA	MI	JU	VI	SA	DO
1 G3151460	2 G3151461	3 G3151469	4	5	6	7
8 G3151460	9 G3151461	10 G3151469	11	12	13	14
15 G3151460	16 G3151461	17 G3151469	18	19	20	21
22 G3151460	23 G3151461	24	25	26 G3131206	27	28
29 G3151460	30 G3151481 G3151227 G3151461					

MAIO 2024						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		1	2	3	4	5
6 G3151227 G3151469	7 G3151481 G3151227	8	9	10	11	12
13 G3151227	14 G3151227	15	16			

## INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

2023/2024

Cuarto Curso de Educación Primaria e Dobre Grao  
Coordinadora: Anastasiia Ogneva

### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso

No **Anexo I** deste documento están recollidas as actividades transversais, prácticas de campo, ApS, charlas con profesionais externos, etc. que foron realizadas e rexistradas polo profesorado ao longo do curso 2023/2024. En total, rexistráronse **sete** actividades: 1) Curso de competencias en información (nivel avanzado) (responsable: César Gómez, director da biblioteca); 2) Saída de campo no eido da materia Educación en Contextos Rurais (responsable: profesor Francisco Xosé Candia Durán); 3) Actividade de campo no eido das materias Deseño e elaboración de materiais didácticos e Identidade de Xénero e Educación (responsables: profesoras Mónica Arto Blanco e María Mar de Santiago Pérez); 4) Unha xornada dedicada á elaboración de TFG/TFM en educación (responsable: profesora Anastasiia Ogneva); 5) Seminario cun profesional externo de Logopedia na materia Educación Vocal para Docentes (responsables: profesoras Helena Agrafojo e Anastasiia Ogneva); 6) Unha charla cun profesional externo (responsables: profesora Mónica Arto Blanco e profesor Francisco Xosé Candia Durán); 7) Xornada Iniciando a miña carreira investigadora (responsable: profesora Anastasiia Ogneva). Os resultados destas actividades, en liñas xerais, son positivos.

### 2. Resultados dos cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

#### 2.1. Síntese dos resultados

No **primeiro semestre**, o día 11 de decembro de 2023 enviouse unha mensaxe a través do Campus Virtual de Coordinación informando ao alumnado sobre a apertura da enquisa de satisfacción e solicitando a súa participación. Os resultados da enquisa do primeiro semestre extraéronse o venres 5 de xaneiro e enviáronse ao profesorado o día 9 de xaneiro de 2024. No segundo semestre, o día 15 de maio enviouse unha mensaxe a través do Campus Virtual de Coordinación informando ao alumnado sobre a apertura da enquisa de satisfacción e solicitando a súa participación. Enviouse un recordatorio o día 18 de maio a través do Campus Virtual. Os resultados da enquisa do segundo semestre extraéronse o xoves 30 de maio e enviáronse ao profesorado o 31 de maio de 2024

No primeiro semestre, a enquisa de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao foi cuberta en total por 57 persoas (47 de Primaria e 10 de Dobre Grao). O alumnado de Primaria maniféstase bastante ou moi satisfeito cos seguintes ítems da enquisa:

- 1) Espazos para a docencia (49% bastante satisfeito).
- 2) Recursos técnicos para a docencia (55% bastante satisfeito).
- 3) Adecuación de contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas (51% bastante satisfeito).
- 4) Solapamentos de contidos entre materias ou na mesma materia cando é compartida (38% bastante satisfeito).

Os ítems cos que o alumnado se atopa menos satisfeito son os seguintes:

- 1) O número de alumnos/as nas sesións expositivas, interactivas e titorías (55% pouco satisfeito e 6% nada satisfeito). Nos comentarios 27 persoas sinalan que hai demasiado alumnado nas sesións expositivas, o cal fai imposible a participación. Varias persoas comentan tamén sobre o número excesivo de alumnado nas sesións interactivas da mención de AL e nas materias de galego e sociais.
- 2) Os horarios (40% pouco satisfeito e 23% nada satisfeito). Nos comentarios sinalábase principalmente a dispersión dos horarios.
- 3) Carga de traballo autónomo (53% nada satisfeito e 32% pouco satisfeito).
- 4) Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación (28% nada satisfeito e 47% pouco satisfeito).

No referente ao alumnado de cuarto de Dobre Grao, a maioría do alumnado maniféstase bastante ou moi satisfeito cos seguintes ítems da enquisa:

- 1) Espazos para a docencia (60%).
- 2) Recursos técnicos para a docencia (70% bastante satisfeito).
- 3) Horarios lectivos (60% bastante satisfeito).
- 4) Adecuación de contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas (80% bastante satisfeito).

Os ítems cos que o alumnado se atopa menos satisfeito son os seguintes:

- 1) Carga de traballo autónomo (30% nada satisfeito e 60% pouco satisfeito).
- 2) Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación (20% nada satisfeito e 40% pouco satisfeito).

A enquisa de coordinación do **segundo semestre** enviouse ao alumnado o día 18/04/2024. O día 2/05/2024 enviouse un recordatorio polo Campus Virtual. Ese mesmo día a coordinadora do cuarto púxose en contacto coa Coordinadora Xeral do Prácticum para pedirlle que mandase un correo aos titores de Prácticum co obxectivo de recordarlle ao alumnado cubrir as enquisas na sesión de reflexión.

Aínda así, o número de respostas que obtivemos non é significativo. En total, no segundo semestre, a enquisa de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao foi cuberta en total por 11 persoas (6 de Primaria e 5 de Dobre Grao). En calquera caso, resúmense a continuación os resultados de ambas enquisas.

En canto ao alumnado de Primaria, a maioría maniféstase bastante satisfeita (67%) co organización, posta en marcha e realización do TFG. No referente ao Prácticum, a metade de alumnado maniféstase bastante satisfeita e a outra metade nada satisfeita. Nas observacións, o alumnado comenta que as prazas non se axustan á súa mención. En canto á carga de traballo de segundo semestre, un 17% está nada satisfeito, 33% está pouco satisfeito, e 50% está bastante satisfeito. Nas observacións, unha persoa enquistada comenta que as dúas materias solápanse e que sería máis axeitado comezar en setembro a realización do TFG.

O alumnado de cuarto do Dobre Grao atópase moi o bastante satisfeito (80%) cos horarios lectivos do segundo semestre. Unha persoa (20%) comenta que está moi en desacordo con ter aulas os luns de tarde na Facultado, posto que pola mañá están de prácticas. Co número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación un 80% das persoas enquistadas maniféstase bastante satisfeito. En canto á coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a, a maioría dos

enquistados atópase bastante satisfeita (60%), dúas persoas maniféstanse nada ou pouco satisfeitas. Nas observacións, comentan que hai repetición de contidos con frecuencia. O 100% de alumnado enquistado está bastante satisfeito coa adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes. O 80% maniféstanse bastante satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do Prácticum. Por último, en canto á carga de traballo no segundo semestre, un 60% atópase bastante ou moi satisfeito.

No **Anexo II** deste documento atópase o resumo dos resultados das enquisas de coordinación de ambos semestres.

## **2.2. Observacións do profesorado**

O profesorado foi informado da realización das enquisas e dos resultados recollidos nos dous semestres para poder facer as observacións pertinentes. No segundo semestre, a profesora Paula López Rúa achega un comentario con respecto á enquisa de coordinación de cuarto de primaria na que unha persoa enquistada indicou que é complicado compaxinar as prácticas e o TFG no segundo semestre e que sería conveniente comezar co TFG en primeiro semestre. A profesora Paula López Rúa indica que o alumnado pode empezar a traballar no TFG no momento que se lle asigna titor, ou incluso antes, aínda que a meirande parte do alumnado non comeza a traballar seriamente ata o segundo semestre.

## **3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado / alumnado**

Non se rexistraron suxestións, demandas ou queixas nin por parte do profesorado nin do alumnado.

## **4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado**

### **4.1. Elección de delegada e subdelegada**

O día 12 de setembro de 2023 enviouse unha mensaxe de benvida a través do Campus Virtual e informouse da necesidade de escoller representante tanto ao alumnado do grao coma do dobre grao. O día 19 de setembro de 2023 comunicáronse ao datos dos representantes do alumnado de cuarto de primaria e ao alumnado do dobre grao respectivamente.

### **4.2. Información sobre dúbidas, queixas, suxestións e incidencias do primeiro e segundo semestre**

O día 11 de decembro de 2023 solicitouse información polo Campus Virtual sobre queixas, suxestións ou incidencias ao alumnado de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao. Non se recibiu ningunha queixa, dúbida, suxestión.

### **4.3. Comunicacións mantidas co profesorado**

O día 12 de setembro de 2023 enviouse unha mensaxe de benvida ao novo curso académico e solicitouse ao profesorado cubrir o documento sobre a carga do traballo no primeiro semestre. No **Anexo III** deste documento atópase o calendario cuberto polo profesorado sobre a carga de traballos do primeiro semestre. Cómpre sinalar que este

documento foi de utilidade para o profesorado á hora de flexibilizar as datas de entregas dos traballos.

Por outra banda, os resultados das enquisas de satisfacción do primeiro semestre enviáronse ao profesorado o día 9 de xaneiro de 2023. Os resultados das enquisas de satisfacción do segundo semestre foron comunicados ao profesorado o día 31 de maio de 2024 na reunión de coordinación de cuarto de primaria e de dobre grao. De mesmo xeito, nesta reunión informouse ao profesorado sobre o proceso de revisión dos programas do curso 2023/2024. No **Anexo V** deste documento atópase a acta de reunión.

#### 4.4. Informe final das delegadas sobre a marcha do curso

O día 22 de maio de 2024 a coordinadora solicita ao delegado de cuarto de Primaria (Javier Gil Rubido) e de cuarto de dobre grao (Lucía Lorenzo Otero) a elaboración dun informe onde recolla as percepción propia e do resto do alumnado con respecto da marcha do curso, as materias e a docencia recibida. O informes foron recibidos o día 29 de maio de 2024. Os documentos achegados poden consultarse no **Anexo IV** deste informe.

#### 4.5. Outras comunicacións

Ao longo do curso 2023-2024 empregouse o foro do Campus Virtual de Coordinación para informar sobre actividades, incidencias e solicitudes ao alumnado.

#### 5. Outras observacións ou comentarios

Non hai.

Lugo, 12 de xuño de 2024

OGNEVA  
ANASTASIIA -  
Y3674230V

Firmado digitalmente por  
OGNEVA ANASTASIIA -  
Y3674230V  
Fecha: 2024.06.12 11:12:55  
+02'00'

Asdo: Anastasiia Ogneva

## ANEXO I

### ACTIVIDADES TRANSVERSAIS, PRÁCTICAS DE CAMPO E ACTIVIDADES CON PROFESIONAIS EXTERNOS DESENVOLVIDAS DURANTE O CURSO

Data:	22 de setembro de 2023
Tipo de actividade:	Actividade de campo
Responsable:	Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Saída de campo de inicios de semestre
Breve descrición:	Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia "Educación en Contextos Rurais". Fíxose polos arredores da cidade de Lugo (sistema hidrográfico dos regatos Rato e Chanca) un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a sesión desenvólvese ao aire libre e o alumnado precisa ir apuntando sobre o que iamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade e da posta en valor do medio. O descubrimento in situ das funcións que desempeñan as árbores, a identificación de numerosas especies arbóreas, o seu aproveitamento didáctico, e o aumento da cultura sobre as árbores, son tamén obxectivos importantes da actividade.
Materia vinculada:	Educación en Contextos Rurais
Data:	29 de setembro de 2023
Tipo de actividade:	Actividade de campo
Responsable:	Mónica Arto Blanco, María Mar de Santiago Pérez
Título:	Visita á exposición "Educación, Xénero e Lectura" (MUPEGA)
Breve descrición:	A práctica de campo consistiu nunha visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA, complementada nas aulas cunha actividade de preparación da visita e unha actividade de peche. A través da mirada retrospectiva, o obxectivo foi a reflexión crítica sobre as implicacións do emprego de materiais didácticos en materia de roles de xénero.
Materia vinculada:	Deseño e elaboración de Materiais Didácticos/ Identidade de Xénero e Educación
Data:	25-26 de outubro de 2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Anastasiia Ogneva
Título:	Como facer un TFG/TFM en educación



Breve descrición:	<p>Unha xornada de 8h de duración centrada na elaboración dun TFG/TFM. Incluía cinco charlas, dous obradoiros e unha mesa redonda:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relatorio: O TFC/TFM e a investigación educativa. Que é e por que importa aos mestres e mestras? Impartida por Carolina Rodríguez Llorente (UDC).</li> <li>• Relatorio: Elabora o teu TFG/TFM a partir dunha revisión sistemática da literatura. Impartida por Anastasiia Ogneva (USC).</li> <li>• Relatorio: O TFG/TFM e as metodoloxías de investigación. Impartida por Carolina Rodríguez Llorente (UDC).</li> <li>• Relatorio: Como redactar o teu TFG/TFM. A redacción académica. Impartida por Ana Varela Suarez (UVigo).</li> <li>• Relatorio: A presentación do TFC/TFM. Consellos prácticos. Impartida por M<sup>a</sup> Helena Agrafojo Nieto (USC).</li> <li>• Obradoiro: Coñece os TFG/TFM das túas compañeiras. Particioantes: Cristina Carballo Gómez, Carla Fernández Rubio, Gloria Queizán Fernández, Verónica Pardo Lodeiro e Alba Puertas Barriada.</li> <li>• Obradoiro: As situacións de aprendizaxe no marco do TFG: quía para o seu desenvolvemento. Impartido por Rocío García Pedreira (USC).</li> </ul> <p>Esta actividade foi realizada coa axuda para a realización de actividades de verán 2023 da USC dende o Campus de Lugo (financiada pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do Convenio canalizador da subvención directa nominativa, para a realización da actividade Convenio interadministrativo, anualidade 2023).</p>
Materia vinculada:	Interdisciplinar, TFG
Data:	2-30 de novembro 2023
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Biblioteca da Facultade de Formación do Profesorado
Título:	Curso de competencias en información (nivel avanzado)
Breve descrición:	<i>Curso de orientación para a elaboración de traballos académicos</i>
Materia vinculada:	Interdisciplinar, TFG
Data:	6 de novembro de 2023
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Helena Agrafojo, Anastasiia Ogneva
Título:	Patoloxías Vocais na Docencia
Breve descrición:	Charla impartida polo logopeda David Posada Fernández sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como funciono o

	<p>aparello fonador, cales son as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como esa hixiene vocal para intentar previr estas patoloxías. Ademáis douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonia.</p> <p>É unha actividade realizada dende Educación Vocal para Docentes, como material complementario ó temario, pero está orientada a todo o alumnado debido a importancia do tema e a carencia de información sobre o tema.</p>
Materia vinculada:	Educación Vocal para Docentes
Data:	2 de maio
Tipo de actividade:	Actividade con profesionais externos
Responsable:	Mónica Arto Blanco e Francisco Xosé Candia Durán
Título:	Emisión en directo do relatorio "Cos ollos de Frato. Conversa-coloquio con Francesco Tonucci"
Breve descrición:	A charla tivo lugar na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida), na véspera do acto de concesión do Doutoramento Honoris Causa a Franceso Tonucci. Foi retransmitida en directo no salón de actos da Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo). Abriuse á participación de público académico e público alleo á Facultade, contando coa posibilidade de trasladar preguntas e reflexións a F. Tonucci desde Lugo.
Materia vinculada:	Deseño e elaboración de Materiais Didácticos + Educación en Contextos Rurais
Data:	21 de Maio de 2024
Tipo de actividade:	Actividade transversal
Responsable:	Anastasiia Ogneva
Título:	Xornada "Iniciando a miña carreira investigadora"
Breve descrición:	A xornada "Iniciando a miña carreira investigadora" ten por obxectivo proporcionar ao alumnado a información sobre as distintas bolsas de investigación na etapa de grao, máster ou doutoramento, así como comentar outras saídas profesionais. A xornada consta de dúas partes: 1) Os primeiros pasos na investigación universitaria: as bolsas de colaboración e 2) O doutoramento: que é e por que facelo?
Materia vinculada:	Interdisciplinar



## ANEXO II

### RESULTADOS DA ENQUISA DE COORDINACIÓN PARA O ALUMNADO DE CUARTO DE PRIMARIA

Número de respostas: 47 (primeiro semestre) e 6 (segundo semestre)		Data de recollida: 05/01/2024 e 30/05/2024			
Curso e grao: Cuarto Curso Ed. Primaria					
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e tutoriais (xustificar nas observacións)	6%	55%	36%	2%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado expresa que hai demasiadas persoas nas sesións expositivas, o que dificulta o proceso de aprendizaxe. Outros comentarios que se repiten é que hai demasiado alumnado nas clases interactivas de mención de AL.					
2.- Espazos para a docencia	9%	38%	49%	4%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> As persoas enquistadas comentan que algunhas aulas son incómodas e que se nota moito o cambio de temperatura. Tamén se comenta que para o alumnado de mención de EF non hai aulas en condicións.					
3.- Recursos técnicos para a docencia	11%	32%	55%	2%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Varias persoas enquistadas comentan que os proxectores non funcionan ben. O alumnado destaca tamén a necesidade de incluír metodoloxías innovadoras na docencia.					
4.- Horarios lectivos	23%	40%	32%	4%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado sinala a dispersión dos horarios.					
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre	53%	15%	15%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado manifesta moita carga de traballo.					
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	28%	47%	23%	2%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado manifesta moita carga de traballo e diferencias existentes entre as diferentes mencións.					
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	13%	45%	38%	4%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado comenta que falta comunicación entre docentes nas materias compartidas.					
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	13%	32%	51%	4%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non significativas.					
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	23%	32%	38%	6%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado sinala solapamentos de contidos en diferentes materias.					
10.- Organización, posta en marcha e realización do TFG	0%	17%	67%	17%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai.					
11.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II	50%	50%	0%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa comenta que na mención de AL tiveron títos de outras mencións.					
12.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e TFG)	17%	33%	50%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa enquistada sinala que o solapamento das datas entre o Prácticum e TFG fai que teñan pouco tempo para realización de TFG.					
<b>OBSERVACIÓNS XERAIS</b> Non significativas.					

**RESULTADOS DA ENQUISTA DE COORDINACIÓN PARA O ALUMNADO DE CUARTO DE DOBRE GRAO**

Número de respostas: 10 (primeiro semestre) e 5 (segundo semestre) Curso e grao: Cuarto Curso Dobre Grao		Data de recollida: 05/01/2024 e 30/05/2024			
ASPECTOS AVALIABLES	GRAO DE SATISFACCIÓN				
	NADA	POUCO	BASTANTE	MOITO	
1.- Número de alumnos/as nas sesión expositivas, interactivas e tutoriais (xustificar nas observacións)	10%	40%	40%	10%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado expresa que hai demasiadas persoas nas sesións expositivas e interactivas.					
2.- Espazos para a docencia	10%	30%	60%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado comenta que as cadeiras das aulas 24 e 29 son incómodas.					
3.- Recursos técnicos para a docencia	0%	30%	70%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai.					
4.- Horarios lectivos (primeiro semestre)	10%	20%	60%	10%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non significativas.					
5.- Carga de traballo autónomo das materias do primeiro semestre	30%	60%	10%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado manifesta moita carga de traballo.					
6.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación	20%	40%	40%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado sinala moita carga de traballo.					
7.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a	10%	40%	50%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa enquistada comenta que nalgúns materias existe falta de coordinación.					
8.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes	0%	0%	75%	25%	
<b>OBSERVACIÓNS</b>					
9.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (xustificar nas observacións)	0%	10%	80%	10%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai.					
10.- Horarios lectivos (segundo semestre)	0%	20%	40%	40%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa manifesta que está en desacordo en ter unha materia os luns pola tarde porque lle parece complicado compaxinalo coas prácticas. Propón introducir esta materia no terceiro de DG.					
11.- Número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación (segundo semestre)	0%	20%	80%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa sinala a excesiva carga de traballo.					
12.- Coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a (segundo semestre)	20%	20%	60%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado manifesta a repetición de contidos.					
13.- Adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes (segundo semestre)	0%	0%	100%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai.					
14.- Solapamentos de contidos entre materias, ou dentro da mesma materia impartida por máis dun profesor/a (segundo semestre)	20%	40%	40%	0%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> O alumnado sinala a repetición de contidos.					
15.- Organización, posta en marcha e realización do Prácticum II (Ed.Primaria)	0%	0%	80%	20%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Non hai.					
16.- Carga de traballo do segundo semestre (compatibilidade do Prácticum II e o resto das materias)	0%	40%	40%	20%	
<b>OBSERVACIÓNS</b> Unha persoa comenta que é complicado compatibilizar as clases na Facultade e o Prácticum.					

### ANEXO III

#### PRIMEIRO SEMESTRE 2023-2024 **CUARTO CURSO DE PRIMARIA E DOBRE GRAO** **DATOS DAS MATERIAS (Obrigatorias e Optativas de Mención)**

CÓDIGO	MATERIA	TIPO
G3151324	Ensino e aprend. de competen. comunicativas: Ling. e Lit. Galegas	Obrigatoria
G3151325	Ensino e aprendizaxe da medida, probabilidade e estatística	Obrigatoria
G3151423	Ensino e aprendizaxe das cc da natureza e das cc sociais na educación primaria	Obrigatoria
<b>G3151459</b>	<b>Aprendizaxe integrado de contidos en linguas estranxeiras: inglés</b>	Optativa (Ing)
G3151462	Inglés: A diversidade cultural e as súas manifestacións	Optativa (Ing)
G3151467	Habilidades motrices e expresivas en educación primaria	Optativa (EF)
G3151470	Educación física inclusiva	Optativa (EF)
G3151479	A linguaxe nos trastornos do desenvolvemento	Optativa (AL)
G3151482	Tratamento e intervención psicoeducativa nos problemas da linguaxe	Optativa (AL)
G3151490	A convivencia nos centros escolares	Optativa (TIT)
G3151491	A participación nos centros escolares	Optativa (TIT)
G3151471	Aprendizaxe integrado de contidos en linguas estranxeiras: francés	Optativa (Fr)
G3151474	Francés: A diversidade cultural e as súas manifestacións	Optativa (Fr)

O alumnado de primaria cursa as tres obrigatorias e adoita cursar dúas optativas de mención (os restantes 3 créditos para facer 30 corresponden ao TFG). Podería cursar a maiores algunha optativa xeral. Tamén pode cursar dúas optativas xerais se non fai mención, pero é unha alternativa minoritaria. **Optativas xerais:** Educación en contextos rurais, Educación vocal para docentes, Xogo infantil, Deseño e elaboración de materiais didácticos, Educación ambiental e a súa didáctica, Identidade de xénero e educación, Literatura, Lectura e Creatividade (ESTAS MATERIAS NON CUBREN O CALENDARIO)

O alumnado do dobre grao cursa catro optativas, normalmente dúas de mención e dúas xerais. Cómpre ter en conta que as materias de mención adoitan ser excluíntes (é dicir, o alumnado cursa unha mención ou outra), pero nas materias obrigatorias e nas optativas xerais haberá alumnado de todas as mencións.

**CÓDIGOS DE ACTIVIDADES** (resaltar na cor que corresponda os tres últimos díxitos do código da materia. Se unha materia ten dúas actividades o mesmo día, repetir o código da materia resaltado nas dúas cores, por exemplo: **459**, **459**):

**c ENTREGA DE TRABALLOS ESCRITOS** (pode referirse indistintamente á data límite ou á data específica de entrega)

**c PRESENTACIÓN ORAL DE TRABALLOS**

**c PROBAS PARCIAIS DA MATERIA /EXAMES**

**c ENTREGA DE TRABALLOS SEN DATA ESPECÍFICA** (ao longo dun mes determinado: nese caso, indicar en nota ao pé da táboa do mes correspondente, por exemplo: (\*) **459** un traballo neste mes)

SETEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19 459	20 324	21	22 324	23	24	25
26 462 471	27 324	28	29 423 324	30		

OUTUBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					1	2
3	4	5	6 423	7	8	9
10 462 471 474	11 324	12	13 423 324	14	15	16 470
17 471 462 474	18 324	19	20 423 324	21	22	23
24 459	25	26	27	28	29	30
31 459 462						

NOVEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
	1	2	3	4	5	6
7 459 471	8	9	10	11 470	12	13
14 459 474 479	15	16	17	18 470	19	20
21 482 471 474 479 462	22	23	24	25 470	26	27
28 479	29 490 491	30 482				

DECEMBRO 2022						
LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
			1	2 470 470	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15 423	16	17	18
19	20	21	22 423 490 491 423	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

## ANEXO IV

## INFORME DO DELEGADO DE CUARTO DE PRIMARIA



## INFORME DO DELEGADO SOBRE A MARCHA DO CURSO

GRAO MESTRE/A EDUCACIÓN PRIMARIA

FACULTADE DE FORMACIÓN DE PROFESORADO

CURSO 2023/2024

Os únicos problemas ao longo deste cuatrimestre relaciónanse cos materias do TFG e do Prácticum II.

No prácticum II: O alumnado de 4º quedou descontento pola pouca oferta de prazas para a mención. Algún caso chegou ao centro e tivo problemas porque non ofertaban a praza que lle dixeron.

Pola parte de corrección, non é normal que docentes da materia de sociais (por exemplo) teñan mais alumnado de mención, que unha propia docente de mención. É dicir, falta de profesorado nas materias.

No TFG: O mesmo problema, vímonos que para toda a cantidade de alumnado que somos, a oferta de prazas para os docentes non é suficiente.



## INFORME DA DELEGADA DE CUARTO DE DOBRE GRAO



**INFORME DA DELEGADA SOBRE A MARCHA DO CURSO**  
DOBRE GRAO MESTRE/A EDUCACIÓN PRIMARIA E MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL  
FACULTADE DE FORMACIÓN DE PROFESORADO  
CURSO 2023/2024

4º curso de Dobre Grao de Educación Primaria e Infantil.

Ao longo de todo o curso escolar e mediante o desenvolvemento das diferentes materias en ambos cuatrimestres, a nivel de grupo percibimos diferentes elementos que, por un lado, interferiron no noso proceso formativo, así como outros que consideramos que foron gran axuda e apoio para o seu desenvolvemento.

En primeiro lugar, un dos elementos observados a partir de diferentes materias foi o solapamento de contido. Desta forma, non só se realizaban actividades de natureza semellante, senón que tamén se desenvolvía unha información teórica de estudo moi parecida entre si, como foi o caso de contidos concretos presentes na materia de Lingua Galega e Teoría e Dramatización ou incluso, entre as dúas materias de música no segundo cuatrimestre do 3º curso. O que desembocaba nun proceso monótono de estudo ao traballar contidos moi parecidos.

En segundo lugar, tamén é de mencionar a organización horaria de determinados cuatrimestres. A causa diso, existían moitas horas libres entre medias que ampliaban de forma significativa o tempo de permanencia na facultade, tendo que estar, en ocasións, dende primeira hora da mañá ata o final da tarde. Ao igual que aconteceu este segundo cuatrimestre coa presenza de materias polas tardes á vez que se desenvolvía o noso período de estadia no Prácticum II. Somos conscientes da complexidade de cadrar a todos os cursos e materias dentro dun horario, mais en determinados casos, esa organización horaria desembocaba nun maior esgotamento e falta de concentración para a realización de diferentes tipos de tarefas.

Finalmente, fronte aos elementos negativos comentados con anterioridade, tamén queremos destacar de forma positiva determinadas actitudes e actuacións docentes observadas. Neste sentido, é de agradecer a proximidade coa que se presentaban algúns/algúñas docentes e o seu ofrecemento a axudar e a resolver calquera problemática xurdida de forma inmediata. As súas capacidades de entendemento e de resposta foron de gran axuda para nós, tanto para a consecución das diferentes tarefas así como para incrementar motivación nas súas materias.

## ANEXO V

### ACTA DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN

#### ACTA

#### Reunión de coordinación de cuarto curso de Ed. Primaria e Dobre Grao

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado (Reunión virtual por correo electrónico)

DATA: 3 de xuño de 2024 (Convocatoria enviada o 31 de maio de 2024)

HORA DE INICIO: 3 de xuño, 10:00h

HORA DE REMATE: 7 de xuño, 10:00h

**Persoas convocadas:** María Helena Agrafojo Nieto, María del Carmen Ares Vázquez, Mónica Arto Blanco, Pauline Mauricette Christiane Blatt, Francisco Xosé Candia Durán, M<sup>a</sup> Mar de Santiago Pérez, Noelia Estévez Rionegro, María del Rocío García Pedreira, Uxía Garrido Filgueira, Joaquín Lago Ballesteros, Paula López Rúa, Marcos Mecias Calvo, Carlos Emilio Reigosa Castro, Tania Riveiro Rodríguez, Dolores Rodríguez Vivero, María José Romero Castro, Jesús Varela Zapata, Anastasiia Ogneva.

**Asistentes:** María Helena Agrafojo Nieto, María del Carmen Ares Vázquez, Pauline Mauricette Christiane Blatt, Francisco Xosé Candia Durán, Estévez Rionegro, María del Rocío García Pedreira, Uxía Garrido Filgueira, Joaquín Lago Ballesteros, Paula López Rúa, Marcos Mecias Calvo, Carlos Emilio Reigosa Castro, Tania Riveiro Rodríguez, Dolores Rodríguez Vivero, María José Romero Castro, Jesús Varela Zapata, Anastasiia Ogneva. **(mediante resposta directa ou confirmación de lectura).**

#### ORDE DO DÍA:

1. **Resultados da enquisa de coordinación de curso do segundo semestre cuberta polo alumnado (cuarto primaria e cuarto dobre grao).**
2. **Información sobre revisión de programas do curso 2024-2025**
3. **Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do alumnado sobre a marcha do semestre.**
4. **Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do profesorado sobre a marcha do semestre.**
5. **Rolda aberta de intervencións**
6. **Aprobación da acta da reunión**



## **1. Resultados da enquisa de coordinación de curso do segundo semestre cuberta polo alumnado (cuarto primaria e cuarto dobre grao).**

A enquisa de coordinación do segundo semestre enviouse ao alumnado o día 18/04/2024. O día 2/05/2024 enviouse un recordatorio polo Campus Virtual. Ese mesmo día a coordinadora do cuarto púxose en contacto coa Coordinadora Xeral do Prácticum para pedirlle que mandase un correo aos titores de Prácticum co obxectivo de recordarlle ao alumnado cubrir as enquisas.

Aínda así, o número de respostas que obtivemos non é significativo. En total, no segundo semestre, a enquisa de cuarto de primaria e cuarto do dobre grao foi cuberta en total por 11 persoas (6 de Primaria e 5 de Dobre Grao). En calquera caso, resúmense a continuación os resultados de ambas enquisas.

En canto ao alumnado de Primaria, a maioría maniféstase bastante satisfeita (67%) co organización, posta en marcha e realización do TFG. No referente ao Prácticum, a metade de alumnado maniféstase bastante satisfeita e a outra metade nada satisfeita. Nas observacións, o alumnado comenta que as prazas non se axustan á súa mención. En canto á carga de traballo de segundo semestre, un 17% está nada satisfeito, 33% está pouco satisfeito, e 50% está bastante satisfeito. Nas observacións, unha persoa enquistada comenta que as dúas materias solápanse e que sería máis axeitado comezar en setembro a realización do TFG. O alumnado de cuarto do Dobre Grao atópase moi o bastante satisfeito (80%) cos horarios lectivos do segundo semestre. Unha persoa (20%) comenta que está moi en desacordo con ter aulas os luns de tarde na Facultade, posto que pola mañá están de prácticas. Co número de traballos realizados nas materias, prazos para a preparación e datas de presentación un 80% das persoas enquistadas maniféstase bastante satisfeito. En canto á coordinación entre docentes nas materias con máis dun profesor/a, a maioría dos enquistados atópase bastante satisfeita (60%), dúas persoas maniféstase nada ou pouco satisfeitas. Nas observacións comentan que hai repetición de contidos con frecuencia. O 100% de alumnado enquistado está bastante satisfeito coa adecuación dos contidos, metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas e guías docentes. O 80% maniféstase bastante satisfeito coa organización, posta en marcha e realización do Prácticum. Por último, en canto á carga de traballo no segundo semestre, un 60% atópase bastante ou moi satisfeito.

## **2. Información sobre revisión de programas do curso 2024-2025**

O día 24 de abril de 2024 enviouse un correo electrónico dende o Decanato coa ligazón á ficha de comprobación de programas de materias dos Graos para o curso 2024-2025. Na ficha de comprobación solicitábaselle ao profesorado verificar que os diferentes apartados do programa estivesen cubertos na aplicación Xescampus e que os apartados se axustasen ao especificado na Memoria do Título. Asimesmo, recollíase calquera suxestión de cambio nas fichas das materias na Memoria.

O día 21 de maio de 2024 a coordinadora de cuarto de primaria e de dobre grao enviou o informe de revisión de programas do curso 2024-2025 á coordinación do título. En total, a ficha foi cuberta por 19 profesores/as. En liñas xerais, os programas das

materias cumpren coa normativa de programación e axústanse ao especificado nas fichas das materias na Memoria do Título. O profesorado achegou suxestións de cambios nos apartados de contidos e avaliación nalgunhas materias nas fichas das mesmas na MVT. A coordinadora de cuarto de primaria e de dobre grao identificou unha única incidencia: faltaban fichas de comprobación das materias Educación Ambiental e a súa Didáctica e Experiencias de Aprendizaxe na Era Dixital.

### **3. Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do alumnado sobre a marcha do semestre.**

O alumnado do Grao e do Dobre Grao foi informado a través do campus virtual e por medio dos delegados/as de curso da recollida de información sobre incidencias, queixas, comentarios ou suxestións sobre a marcha do semestre. Os delegados/as non notificaron ningunha incidencia nin comentario.

### **4. Incidencias, queixas, comentarios ou suxestións do profesorado sobre a marcha do semestre.**

A profesora Paula López Rúa achega un comentario con respecto á enquisa de coordinación de cuarto de primaria na que unha persoa enquistada indicou que é complicado compaxinar as prácticas e o TFG no segundo semestre e que sería conveniente comezar co TFG en primeiro semestre. A profesora Paula López Rúa indica que o alumnado pode empezar a traballar no TFG no momento que se lle asigna titor, ou incluso antes, aínda que a meirande parte do alumnado non comeza a traballar seriamente ata o segundo semestre.

### **5. Rolda aberta de intervencións**

Non hai.

### **6. Aprobación da acta da reunión**

Apróbase a acta da reunión por asentimento dos asistentes.

Como secretaria, levanto acta da reunión en Lugo, a 7 de xuño de 2024

A coordinadora do cuarto curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e do Dobre Grao



Asdo.: Anastasiia Ogneva

# INFORME DE COORDINACIÓN DE CURSO

---

## INFORME DE COORDINACIÓN 2023- 2024

CURSO E GRAO: Quinto Curso de Dobre Grao

NOME DO COORDINADOR/A DE CURSO: Sabela Fernández Monteiro

### 1. Actividades transversais, prácticas de campo e actividades con profesionais externos desenvolvidas durante o curso (recompilar do profesorado: táboas de actividades)

*Non hai actividades rexistradas no Campus Virtual. Porén, consta que se ofertou o curso de competencias en información, organizado pola biblioteca do centro e dirixido a alumnado que está a piques de realizar seu TFG. No segundo semestre o alumnado cursou Practicum II e TFG.*

### 2. Cuestionarios de coordinación do curso cubertos polo alumnado

#### 2.1. Resumo de resultados

*Na enquisa do segundo semestre non se recollen respostas.*

*Na enquisa do primeiro semestre rexístranse 8 respostas. O alumnado móstrase bastante satisfeito cos espazos para a docencia, os recursos técnicos para a docencia, e a adecuación dos contidos e metodoloxía e avaliación ao especificado nos programas.*

*As cuestións nas que se percibe menor satisfacción son o número de alumnos nas sesións; os horarios lectivos e a carga de traballos*

#### 2.2 Observacións do profesorado sobre os datos recompilados (de habelas)

*En canto ao tamaño dos grupos e os horarios, son cuestións ao respecto das que o profesorado ten pouca marxe de manobra, dado que derivan da falta de espazos e das instrucións da Vicerreitoría. En canto a carga de traballo, actualmente o profesorado está sendo laxo na esixencia de 99 horas de traballo autónomo.*

*A materia de Practicum II dispón dun cuestionario propio do que se derivan os resultados pertinentes*

### 3. Suxestións, demandas ou queixas de profesorado /alumnado

*Un dos docentes mostra insatisfacción coa excesiva carga de direccións de TFG asumidas. Outro docente suxire o seguinte para incrementar a participación do alumnado nas enquisas de coordinación: que se fixe un día no primeiro semestre e outro no segundo semestre, presenciais, para que o alumnado responda nunha aula todas as enquisas de vez e que o alumnado que non veña ese día sexa informado por correo-e, dándolle un prazo para que o faga particularmente.*

### 4. Resumo das reunións ou comunicacións mantidas con alumnado e profesorado, de habelas (datas, procedemento, asistentes, temática, acordos). Como mínimo,

**incluir aquí a comunicación ao profesorado dos resultados da enquisa e, de ser pertinente, a retroalimentación ao alumnado por medio de mensaxe no Campus Virtual**

*Os resultados da enquisa de coordinación foron comunicados ao profesorado (ver apartados 2.1 e 2.2.). Considerouse pertinente informar ao alumnado da falta de participación e animalo a facer achegas para a mellorar antes e despois da recollida de resultados mediante mensaxe enviada a través do Campus Virtual (6/06; 2/05; 17/04)*

## **5. Outras observacións ou comentarios**

**Data e sinatura**

**7/06/2024**

**Sabela Fernández Monteiro**

**NOTA: adxuntar como anexos as evidencias que se teñan de reunións de coordinación (de habelas)**

Firmado por FERNANDEZ MONTEIRA SABELA - \*\*\*3091\*\* el día 07/06/2024 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios

**Captura de pantalla da mensaxería do campus virtual coas comunicacións co alumnado e profesorado sobre a dispoñibilidade das enquisas e os resultados das mesmas:**

☆	Resultados da enquisa de coordinación do segundo semestre do 5º curso DG.	Sabela Fernande... 6 de xuño de 2024	Sabela Fernande... 6 de xuño de 2024	0	ⓘ
☆	Enquisa Enquisa coordinación sobre a marcha do curso 5ºDG-2º semestre	Sabela Fernande... 2 de maio de 2024	Sabela Fernande... 2 de maio de 2024	0	ⓘ
☆	Enquisa coordinación 2 semestre, 5ºDG	Sabela Fernande... 17 de abr. de 2024	Sabela Fernande... 17 de abr. de 2024	0	ⓘ

**Texto e captura de pantalla da mensaxe enviada ao profesorado cos resultados das enquisas:**

Resultados da enquisa de coordinación do segundo semestre do 5º curso DG.  
Non houbo participación. So se recolle unha resposta, que, a raíz das observacións achegadas, igual que no caso das enquisas do GMEI, dedúcese que corresponde a un/ha docente, non ao alumnado.

## ANEXO II

# TÁBOAS-MODELO DE REVISIÓN DE PROGRAMAS CURSO 2022-2023

## Grao en Mestre/a en Educación Primaria

### Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025. Coordinador/a de 1º curso: María Campos Magdaleno

Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151105	Psicología da Educación (María José Fiuza Asorey)	SI	SI	NON HAI
G3151120	Ensin e Aprendizaxe de Linguas en Contextos Multilingües (Iván Enriquez Martínez)	SI	SI	NON HAI
G3151104	Didáctica e Tarefas Docentes (Alba María Souto Seijo)	SI	SI	É preciso revisar as competencias vinculadas á materia
G3151106	Psicología do Desenvolvemento 6-12 (María Campos Magdaleno)	SI	SI	NON HAI
G3151108	Escola, Comunidade e TIC (Pablo César Muñoz Carril)	SI	SI	NON HAI
G3151107	Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento (Manoel Baña Castro)	SI	SI	NON HAI
G3151102	Infancia, Familia e Escola (Xosé Ramón Veiga Alonso)	SI	SI	NON HAI
G3151122	Fundamentos da Educación Física (Uxía Garrido Filgueira)	SI	SI	NON HAI

G3151103	Teoría e Historia da Educación Escolar (Francisco Xosé Candia Durán)	SI	SI	NON HAI
G3151101	Socioloxía da Educación (Marta María Poncet Souto)	SI	SI	Xa rexistradas
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adxuntou programa, etc.): NON HAI</b>				

**DATA E SINATURA**

Lugo, 20 de maio de 2024



## 7.2. INFORME DE REVISIÓN DE PROGRAMAS

### Grao en Mestre/a en Educación Primaria \_\_\_\_\_

Informe de revisión de programas: Curso 2024 - 2025. Coordinadora de 2º curso: <u>María José Romero Castro</u>				
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151223	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Inglés), Paula López Rúa	SI	SI	
G3151224	Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas (Francés), María Isabel González Rey			
G3151201	Organización e Xestión do Centro Escolar			
G3151202	Deseño, Desenvolvemento e Innovación Curricular , Carmen Sarceda Gorgoso	SI	SI	
G3151121	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética, Cristina Lois Prados	SI	SI	
G3151222	Educación Visual e Plástica I: Contextos e Metodoloxía Artística, Vicente Blanco Mosquera			

G3151226	<b>Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I</b> , Sabela Fernández Monteira	SI	SI	
G3151228	<b>Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I</b> , José Ramón Veiga Alonso	SI	SI	
G3151327	<b>Didáctica da Educación Física</b> , Rubén Navarro Patón	SI	SI	
G3151328	<b>Música na Educación Primaria</b> , María Isabel Romero Tabeayo	SI	SI	
G3151422	<b>Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Castelás</b> , María Del Rocío García Pedreira	SI	SI	
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adjuntou programa, etc.):</b>				
G3151201 - <b>Organización e Xestión do Centro Escolar</b> : Non ten asignado docente. Non se cubriu a ficha de comprobación do programa da materia.				
G3151224- <b>Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas (Francés)</b> : Non se cubriu a ficha de comprobación do programa da materia, nin tampouco se adjuntou o programa.				
G3151222 - <b>Educación Visual e Plástica I: Contextos e Metodoloxía Artística</b> : Non se cubriu a ficha de comprobación do programa da materia e o programa proporcionado non é do curso 2024-25.				

**DATA E SINATURA:**

**Lugo, 22 de maio de 2024** \_\_\_\_\_

Firmado por  
ROMERO CASTRO  
MARIA JOSE -  
\*\*\*8825\*\* el día  
22/05/2024 con un  
certificado

## Grao en Mestre/a en Educación Primaria

### Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025 Coordinador/a de 3º curso: Virginia Aznar

#### Cuadrado

		Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025 Coordinador/a de 3º curso: Virginia Aznar			Cuadrado	
		Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos		
Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a					
G3151227	Ensino e aprendizaxe da xeometría (Cristina Lois Prados)	SI	SI	NON HAI		
G3151321	Ensino e aprendizaxe das ciencias sociais II (Tania Riveiro Rodríguez)	SI	SI	NON HAI		
G3151322	Ensino e aprendizaxe das ciencias experimentais II (Virginia Aznar Cuadrado)	SI	SI	NON HAI		
G3151323	Educación visual e plástica II: procesos e proxectos artísticos (Estella Leticia Freire Pérez)	SI	SI	NON HAI		
G3151329	Prácticum I (Alicia Díaz Balado)	SI	SI	NON HAI		
G3151330	A calidade nos centros escolares (M <sup>a</sup> del Carmen Gómez Gómez)	SI	SI	NON HAI	OS CONTIDOS QUE APARECEN NA MEMORIA SON: -Gestión del clima del centro y de los recursos humanos. -La elaboración colectiva de las normas de convivencia. -Mediación y resolución de conflictos en los centros	

				<p>escolares.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Análisis y tratamiento de las conductas disruptivas.</li> </ul> <p><b>E CREO QUE DEBERÍAN SER:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- El concepto de calidad en el ámbito de la educación.</li> <li>- Gestión de la calidad educativa.</li> <li>- La institucionalización de los procesos evaluadores.</li> <li>- El concepto de innovación educativa en el marco de la calidad: diseño de propuestas de mejora y proyectos de innovación.</li> </ul> <p style="text-align: right;">- Calidad y proyectos estratégicos.</p>
G3151445	Teología católica e a súa pedagogía (David Varela Vázquez)	SI	SI	<b>NON HAI</b>
G3151448	Educación emocional (M <sup>a</sup> Lina Iglesias Forneiro)	SI	SI	<b>NON HAI</b>
G3151449	Educación en valores e cidadanía (Miguel Ángel Martínez Quintanar)	SI	SI	<b>NON HAI</b>
G3151451	Historia, patrimonio e educación en Galicia (Alba Díaz Geada)	<b>NON</b>	SI	<b>Non está cuberto o apartado de "Observacións"</b>
G3151452	Lingua galega para a docencia (Carme Ares Vázquez)	SI	SI	<b>NON HAI</b>
G3151453	Titoría e orientación educativa (Daniel Sáez Gambín)	SI	SI	<b>NON HAI</b>
G3151460	Inglés: Comprensión e expresión escrita (JoDee Anderson)	SI	SI	<b>Considera que é posible actualizar contidos e competencias</b>

G3151461	Inglés: Comprensión e expresión oral (JoDee Anderson)	SI	SI	Considera que debería haber máis contidos básicos e cre que hai un erro na Memoria referente ás competencias
G3151468	Xogos populares e xogos regulados en educación primaria (Joaquín Lago Ballesteros)	SI	SI	NON HAI
G3151469	Actividades motrices e recreativas na natureza (Marcos Mecías Calvo)	SI	SI	NON HAI
G3151480	Trastornos da linguaxe, fala e voz na infancia (Romina Mouriz Corbelle)	NON	SI	Non está cuberto o apartado de "Observacións"
G3151481	Detección e avaliación dos problemas da linguaxe na infancia (Anastasia Ogneva)	SI	SI	NON HAI
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se axuntou programa, etc.):</b>				
Non hai ficha de comprobación da materia G3151331 Dirección de centros escolares (Sen docente asignado)				
Non se axuntou programa da materia G3151331 Dirección de centros escolares (Sen docente asignado)				

**DATA E SINATURA**

Lugo, 25 de maio de 2024

## 7.2. INFORME DE REVISIÓN DE PROGRAMAS

### Grao en Mestre/a en Educación Primaria e Dobre Grao

#### Informe de revisión de programas: Curso 2024-2025. Coordinador/a de 4º curso: Anastasiia Ogneva

Código	Nome da materia e docente responsable ou coordinador/a	Todos os campos cubertos en Xescampus	Todos os campos axustados á ficha do programa na Memoria Verificada do Título (MVT)	OBSERVACIÓNS DO PROFESORADO: Indicar campo, cambios suxeridos na Memoria e xustificación dos mesmos
G3151459	Aprendizaxe Integrada de Contidos en Linguas Estranxeiras: Inglés Paula López Rúa	SI	SI	NON HAI
G3151450	Identidade de xénero e educación Javier López Quintáns	SI	SI	NON HAI
G3151441B	Educación en Contextos Rurais Francisco Xosé Candia Durán	SI	SI	<b>Contidos:</b> Xa rexistradas. Cómpre engadir ademais que os contidos que figuran na ficha da memoria son practicamente imposibles de impartir na súa totalidade, polo que no programa redúcense levemente. <b>Sistema de avaliación:</b> Xa rexistradas. Cómpre engadir ademais que na ficha da memoria o sumatorio dos valores dos diferentes apartados de avaliación (no seu umbral alto) xa non só non é que

						pase pouco de 100, senón que nin sequera chega a esa cifra. Este erro manifesto corríxese no programa da materia.
G3151V03	PRÁCTICUM II: SEN MENCIÓN Pablo González Sequeiros	SI	SI	SI	NON HAI	
G3151446	Deseño e Elaboración de Materiais Didácticos Mónica Arto Blanco	SI	SI	SI	NON HAI	
G3131443	Xogo Infantil Uxía Garrido Filgueira	SI	SI	SI	Competencias: A competencia Básica G10 (Actuar como orientador de padres y madres en relación con la educación familiar en el período 0-6 y dominar habilidades sociales en el trato y relación con la familia de cada estudiante y con el conjunto de las familias) non é acadable a partir dos contidos desta materia. De feito, a G10 que consta na ficha desta materia para o Grao de Ed. Primaria (G3151444) cítase o contido que eu poño e sempre puxen nos programas como G-10	
G3151423	Ensino e Aprendizaxe das Ciencias da Natureza e das Ciencias Sociais na Educación Primaria María José Romero Castro	SI	SI	SI	NON HAI	
G3151467	Habilidades motrices e expresivas en Educación Primaria Joaquín Lago Ballesteros	SI	SI	SI	NON HAI	
G3151470	Educación Física Inclusiva Marcos Mecías Calvo	SI	SI	SI	NON HAI	

G3151462	Inglés: A diversidade cultural e as súas manifestacións Jesús Varela Zapata	SI	SI	NON HAI
G3151324	Ensino e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas: Lingua e Literatura Galegas María del Rocío García Pedreira	SI	SI	NON HAI
G3151454	Literatura, Lectura e Creatividade María del Rocío García Pedreira	SI	SI	NON HAI
G3151490	La convivencia en los centros escolares Daniel Sáez Gambín	SI	SI	NON HAI
G3151491	La participación en los centros escolares Daniel Sáez Gambín	SI	SI	NON HAI
G3151479	A linguaxe nos trastornos do desenvolvemento Romina Mouriz Corbelle	SI	SI	NON HAI
G3151325	Ensino e Aprendizaxe da Medida, Probabilidade e Estatística Dolores Rodríguez Vivero	SI	SI	NON HAI
G3151424	Traballo Fin de Grao (TFG) M. Carmen Sarceda Gorgoso	SI	SI	NON HAI



G3151482	Tratamento e intervención psicoeducativa nos problemas da linguaxe	SI	SI	NON HAI
G3151442	M <sup>a</sup> Helena Agrafojo Nieto Educación Vocal para Docentes	SI	SI	NON HAI
<b>INCIDENCIAS (non hai ficha de comprobación da materia, non se adjuntou programa, etc.):</b>				
Faltan fichas de comprobación das seguintes materias: Educación Ambiental e a súa Didáctica (G3151447) e Experiencias de Aprendizaxe na Era Dixital (G3151443).				
Na ficha de comprobación aparecían dúas materias que no se imparten en 4º (G3151460, G3151461 coordinadas por JoDee Anderson).				

#### DATA E SINATURA

Lugo, 21 de maio de 2024

OGNEVA  
ANASTASII  
A -  
Y3674230V

Firmado digitalmente por  
OGNEVA  
ANASTASIIA -  
Y3674230V  
Fecha: 2024.05.21  
13:23:16 +02'00'

# INFORME DE EXECUCIÓN DO PLAN FORTE-FFP

## 2023-2024

GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL (GMEI)

GRAO EN MESTRE/A DE EDUCACIÓN PRIMARIA (GMEP)

MESTRADO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE LINGUAS (MPES)

MESTRADO EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA (MDAEN)

Elaborado polas Coordinacións dos respectivos Títulos coa colaboración da Responsable de Calidade do Centro



**I Jornadas Internacionales de Formación e Innovación Educativa**

**Forinnova Lite**

Metodoloxías activas, inclusivas y colaborativas en proxectos eTwinning

16 de Octubre 2023

Gratuito

Certificado de Participación

<https://forinnova-lite.grupomestura.net>

### COMO FACER UN TFG/TFM EN EDUCACIÓN

Nestas xornadas terá a oportunidade de coñecer aspectos a ter en conta na realización dun TFG/TFM da man de docentes, persoal investigador e antigos alumnos e alumnas de ciencias da educación.



#### PROGRAMA FORMATIVO

<b>25</b> setembro outubro	<b>Relatorio:</b> O TFG/TFM e a investigación educativa. Que é e por que importa aos mestres e mestras? (Irene López, Carolina Rodríguez Ullastre, IUDCI)
10:30-11:30	
12:00-13:00	<b>Relatorio:</b> Elabora o teu TFG/TFM a partir dunha revisión sistemática da literatura. (Yolanda Anadón López, USC)
16:00-17:15	<b>Obreiro:</b> Coñece os TFG/TFM das tuas compañeiras compañeiros. (Cristina Carballo Gómez, Gema Fernández Vales, Gloria Quintana Fernández, Verónica Pardo Lobo e Alba Queiroz Barja)
17:30-19:30	<b>Mesa redonda:</b> Intercambio de experiencias, ciencias e inquietudes sobre a realización do TFG/TFM. (Yolanda López, Cristina Carballo Gómez, Gema Fernández Vales, Gloria Quintana Fernández, Verónica Pardo Lobo e Alba Queiroz Barja)
<b>26</b> setembro outubro	
10:30-11:30	<b>Relatorio:</b> O TFG/TFM e as metodoloxías de investigación. (Irene López, Carolina Rodríguez Ullastre, IUDCI)
12:00-13:00	<b>Obreiro:</b> As situacións de aprendizaxe no marco do TFG: guía para o seu desenvolvemento. (Irene López, Carolina Rodríguez Ullastre, IUDCI)
16:00-17:15	<b>Relatorio:</b> Como redactar o teu TFG/TFM: A redacción académica. (Irene López, Carolina Rodríguez Ullastre, IUDCI)
17:30-19:30	<b>Relatorio:</b> A presentación do TFG/TFM: Consellos prácticos. (Irene López, Carolina Rodríguez Ullastre, IUDCI)



LUGAR DE CELEBRACIÓN  
Facultade de Formación do Profesorado  
Avda. de Ramon Fariña, s/n. 27002 Lugo  
\*Notifícase a localización exacta nos próximos días por correo electrónico

ORIENTADO A:  
Alumnado de grao e mestrado da Facultade de Formación do Profesorado

CERTIFICADO:  
Emisión de ter asistido a un mínimo de tres actividades

INSCRIPCIÓN:  
De balde  
Antes do 20 de outubro de 2023



MAIS INFORMACIÓN:  
[informacion@forinnova.usc.es](mailto:informacion@forinnova.usc.es)

## ÍNDICE

<u>1. LIMIAR</u> .....	3
<u>2. SECCIÓN 1: GRAOS</u> .....	5
<u>3. SECCIÓN 2: MESTRADOS</u> .....	32

## 1. LIMIAR

O Plan FORTE-FFP (Plan de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP) responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde ás catro liñas de actuación sinaladas no Manual de Procesos:

1. Acoller ao alumnado de novo ingreso e proporcionarlle a información necesaria para a súa incorporación á universidade.
2. Orientar ao alumnado no desenvolvemento do título (prácticas externas, mobilidade, mencións, elaboración e defensa de Traballo Fin de Grao [TFG]/Traballo Fin de Mestrado [TFM] e calquera outra cuestión que se considere relevante).
3. Desenvolver as competencias transversais mediante actividades concretas (obradoiros, charlas, conferencias...).
4. Ofrecer información sobre a inserción laboral das titulacións.

Estas liñas de actuación concréntanse para os estudos de Grao e Mestrado impartidos na Facultade en catro obxectivos, arredor dos cales se organizan as actividades de formación e orientación que se desenvolven nestes estudos.

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.

2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.

3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.

4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

O presente informe expón as actividades levadas a cabo con relación ás diferentes liñas do Plan en todas as titulacións impartidas no centro. O Plan integra accións de mellora que se viñan realizando anualmente e que constaban nos Autoinformes de Seguimento dos respectivos Títulos elaborados polas Comisións de Título. O deseño do Plan propúxose como acción de mellora no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2019-2020 para desenvolver no curso seguinte (AM-01 2020-2021). O Plan FORTE-FFP foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro na reunión celebrada o 30 de abril de 2021, executando dese xeito á devandita acción de mellora.

A integración no Plan FORTE das actividades de formación e orientación desenvolvidas nos Mestrados a partir do curso 2023-24 foi acordada na xuntanza da Comisión de Calidade do Centro celebrada o día 25 de maio de 2023, na que se deu o visto e prace ao desenvolvemento da [Fase II](#)

do Plan FORTE (aprobada asimesmo en Xunta de Facultade o 6 de xuño de 2023). Dese xeito, o informe de execución do plan comprende no curso 23-24 actividades de Graos e Mestrados.

Neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento das actividades que conforman o Plan (por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudiantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudiantado, datos de enquisas de satisfacción – de habelas, incidencias detectadas, etc.), os cales xustifican tanto a súa continuidade en vindeiros cursos como a organización de actividades similares. O informe contén asimesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades, que serán analizadas e valoradas pola Comisión de Calidade.

Polo que concirne aos Graos, todas as actividades do Plan diríxense tamén ao alumnado do Dobre Grao, en tanto que este cursa as dúas titulacións (Primaria e Infantil).

## 2. SECCIÓN 1: GRAOS

### LIÑA 1: ACTIVIDADES

#### 1.1. XORNADA DE ACOLLIDA (PRIMEIRO CURSO)

Os contidos da xornada de acollida foron debatidos e reorganizados nunha sesión de traballo previa ao inicio do curso na que participaron o Vicedecano, a Vicedecana e as dúas coordinadoras dos títulos. A xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso de Educación Primaria celebrouse o luns día 11 de setembro de 2023 ás 12:30, no salón de actos, nunha sesión conxunta para a titulación do Grao en Mestre/a en Educación Primaria (GMEP) e o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria (DG), a cargo do Sr. Vicedecano Santiago López Gómez, onde tamén asistiu a Coordinadora de ambas titulacións María Campos Magdaleno.

Neste acto, dunha hora aproximada de duración, informouse principalmente sobre o funcionamento da Facultade, a distribución dos espazos, o persoal, os horarios e agrupamentos, así como outras cuestións relativas á tarxeta universitaria, programa Competentes, etc. Por outra banda, facilitouse información sobre o funcionamento da Universidade, Facultade, plan de estudos, oferta académica, normativa, etc. a través de presentacións interactivas elaboradas dende o Vicedecanato en colaboración coas Coordinacións de Título. As presentacións (1), con información de carácter máis básico, puxéronse a disposición do estudiantado na aula de coordinación do primeiro curso, e as presentacións (2), con información adicional sobre o título (mencións, mobilidade, normativa de interese, etc.) colgáronse na aula de coordinación do título (e da dobre titulación) para todo o alumnado do Grao. As ligazóns son as seguintes:

**GMEP:**

<https://view.genial.ly/6293a11c990fee0018ac2fa8/presentation-acollida1primaria>  
<https://view.genial.ly/6293a1ef7c4a850018676104/presentation-acollida2primaria>

**DG:**

<https://view.genial.ly/6293a6a0adcbfc001829eab3/presentation-acollida1dobregrao>  
<https://view.genial.ly/6293a7d88793420011a890b3/presentation-acollida2dobregrao>

Pola súa banda, a xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso do Grao en Mestre/a en Educación Infantil (GMEI) tivo lugar o luns día 11 de setembro de 2023 ás 10:30h, no salón de actos, a cargo do Sr. Vicedecano Santiago López Gómez, e desenvolvéronse contidos similares. Tamén se facilitou información adicional mediante as dúas presentacións interactivas que se puxeron a disposición do estudiantado por medio da aula virtual da coordinación do primeiro curso e da aula virtual da coordinación do título. As ligazóns son as seguintes:

**GMEI:**

<https://view.genial.ly/6293a3187c4a850018676483/presentation-acollida1infantil>  
<https://view.genial.ly/6293a3cfadcbfc001829e2e6/presentation-acollida2infantil>

As presentacións (1) incorporan asimismo ligazóns a enquisas de satisfacción coa xornada, a súa duración e os seus contidos, que o alumnado de primeiro curso tiña que valorar nunha escala de 1 a 4 (1: nada satisfeito; 4: moi satisfeito). Informouse ao alumnado da necesidade de cubrir esta enquisa a través de mensaxes no Campus Virtual, e a profesora Alba María Souto Seijo cedeu uns minutos dunha sesión expositiva para que o alumnado puidese cubrir a enquisa na aula.

Os resultados detállanse a continuación:

### RESULTADOS PRIMARIA

Rexistráronse 75 respostas (un incremento significativo con respecto ás 21 respostas do curso anterior). O alumnado continúa a manifestarse en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferentes ítems, os cales en xeral aumentan as puntuacións recibidas con respecto ao curso anterior (a excepción do ítem referido á duración da sesión):

Contidos útiles: media 3,61 sobre 4 (curso anterior: 3,29)  
Duración da sesión: media 3,37 sobre 4 (curso anterior: 3,52)  
Estrutura da sesión: media 3,57 sobre 4 (curso anterior: 3,52)  
A sesión de acollida foi positiva: media 3,75 sobre 4 (curso anterior: 3,62)

Á pregunta *“Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?”* rexistráronse 17 respostas, a maioría solicitando **explicacións sobre o funcionamento do Campus Virtual e da páxina web** institucional, así como facer un **percorrido guiado polas instalacións da Facultade**. Unha minoría solicita detallar os servizos da Universidade, saídas profesionais e outras cuestións que son abordadas na presentación interactiva (colgada no Campus Virtual) ou noutras actividades prantexadas polo conxunto do Campus Terra e incluídas nas Xornadas de Benvida organizadas pola Universidade. Á pregunta *“Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?”* rexistráronse 13 respostas, todas indicando que **non eliminarían nada**.

### RESULTADOS DOBRE GRAO

Rexistráronse 13 respostas (un número superior ás 7 respostas do curso anterior). O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito, malia que neste caso as puntuacións son lixeiramente inferiores ás do curso anterior:

Contidos útiles: media 3,69 sobre 4 (curso anterior: 4)  
Duración da sesión: 3,54 sobre 4 (curso anterior: 3,57)  
Estrutura da sesión: 3,46 sobre 4 (curso anterior: 3,86)  
A sesión foi positiva: 3,77 sobre 4 (curso anterior: 3,86)

Á pregunta *“Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?”* rexistráronse 3 respostas, unha suxerindo que o **profesorado acudise á xornada**, outra solicitando contidos máis centrados na Dobre Titulación, e outro pedindo maior información sobre actividades vinculadas ao Campus e á Universidade. Á pregunta *“Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?”* rexistráronse 2 respostas indicando que **non eliminarían nada**.

### RESULTADOS INFANTIL

Rexistráronse 66 respostas (superando tamén as 38 respostas do curso anterior). O alumnado maniféstase en conxunto bastante ou moi satisfeito cos diferente ítems. De xeito similar ao que aconteceu no Dobre Grao, as puntuacións son positivas malia que lixeiramente inferiores ás do curso anterior:

Contidos útiles: media 3,36 sobre 4 (3,61 no curso anterior)  
Duración da sesión: 3,33 sobre 4 (3,79 no curso anterior)  
Estrutura da sesión: 3,41 sobre 4 (3,66 no curso anterior)  
A sesión foi positiva: 3,56 sobre 4 (3,76 no curso anterior)



Á pregunta “*Que outras cuestións pensas que sería necesario engadir á sesión de acollida?*” responderon 19 estudantes. As cuestións que máis se repiten fan referencia a unha maior información sobre **mobilidade, funcionamento dos créditos ou visita das aulas da Facultade**. Á pregunta “*Que aspectos/contidos eliminarías da sesión de acollida?*” rexistráronse 18 respostas. O alumnado agradece a información recibida e indica que **non eliminaría ningún contido**.

Con relación ás actividades de benvida da USC, que se desenvolveron entre o 18 e o 29 de setembro, o alumnado dos Graos foi tamén informado mediante as aulas de coordinación dos títulos no Campus Virtual.

Os resultados das enquisas son en xeral moi positivos, e apuntan á conveniencia de continuar realizando esta actividade coas modificacións ou melloras que resulten pertinentes, por exemplo, facendo os axustes que se precisen na información subministrada a través das presentacións.

## **1.2. INFORMACIÓN SOBRE OS GRAOS: REQUISITOS, ESTRUCTURA, SAÍDAS (TODOS OS CURSOS). PRESENTACIÓNS CAMPUS TERRA**

A petición do Campus Terra, o equipo decanal, en colaboración coas coordinacións de título, recolleu información para a elaboración dunhas presentacións sobre o Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e o Dobre Grao destinadas en orixe a proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado de nova incorporación (AM-25 desenvolvida e incluída na listaxe de accións de mellora finalizadas da Memoria de Calidade do curso 2019-2020). As ligazóns ás presentacións son as seguintes:

Mestre/a Primaria: [Presentación Primaria](#)

Mestre/a Infantil: [Presentación Infantil](#)

Dobre Grao: [Presentación Dobre Grao](#)

As presentacións, que estaban orixinalmente dispoñibles na web do Campus Terra, trasladáronse á web da Facultade, e coas actualizacións pertinentes empréganse dende o curso 2020-2021 tamén como ferramenta de orientación académico-profesional para todo o alumnado da FFP. Considéranse recursos útiles para proporcionar datos de interese sobre as titulacións, tanto para futuros estudantes como para alumnado da facultade. Así, por exemplo, pódese atopar nelas información sobre saídas laborais, inserción laboral, plan de estudos, mobilidade, etc. Resulta conveniente, polo tanto, manter activa esta actividade.

## **1.3. SESIÓN INFORMATIVA MENCIONS (SEGUNDO CURSO)**

Unha vez rematadas as clases do segundo semestre, a coordinadora do segundo curso de Primaria e Dobre Grao informou ao alumnado o día 1 de xuño mediante o foro de novas da aula de coordinación que xa estaba dispoñible nesa aula a información sobre as mencions cualificadoras, en forma de vídeos, presentacións e trípticos elaborados polos docentes das mencions con datos relevantes sobre cada unha delas. Asimesmo, o día 5 informou pola mesma canle da celebración da sesión informativa sobre as mencions de Primaria, programada para o 10 de xuño ás 12:00h na plataforma Teams. Nesa sesión virtual, o Vicedecano informou de xeito xeral sobre as mencions dispoñibles e a oferta de materias optativas, e solucionou ao alumnado asistente as dúbidas que puideran xurdir en relación coas mencions. Contabilizáronse un total de 26 estudantes asistentes.



Proporcionar orientación do alumnado sobre este aspecto dos plans de estudos considérase importante para que poidan configurar o seu perfil profesional de acordo coas súas preferencias e capacidades, polo que cómpre continuar desenvolvendo este tipo de actividades.

#### **1.4.SESIÓN INFORMATIVA PRÁCTICUM: PRE-PRÁCTICUM (SEGUNDO E TERCEIRO CURSO)**

A primeira sesión informativa pre-prácticum ten lugar co alumnado de segundo curso de Primaria, Infantil e Dobre Grao, e nela explícase o funcionamento do Prácticum en xeral (materias que cursarán en terceiro e cuarto) e do Prácticum I en particular, así como a normativa aplicable e cuestións importantes que deben solicitar (Certificado de Delitos Sexuais, tipos de centros colaboradores, realización de estadia fóra de Lugo, incompatibilidades, etc.). A sesión conta todos os anos cunha alta taxa de participación por parte do alumnado.

A sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Infantil e Dobre Grao que pasa para terceiro tivo lugar o 15 de maio, de 15:00 a 16:30 horas, no salón de actos da Facultade. O alumnado foi informado da reunión e os procedementos para o seguinte curso (presentación informativa e documento para solicitude de prácticas en centros colaboradores temporais). De xeito similar, a sesión Pre-Prácticum I co alumnado de 2º curso de Primaria celebrouse o 16 de maio, de 13:30 a 15:00 horas.

Na mesma liña, organízase unha segunda sesión para o alumnado de terceiro (e cuarto do Dobre Grao), e nela proporciónase información básica para afrontar o segundo Prácticum da titulación: datas e estruturación concreta do Prácticum II, particularidades deste prácticum en relación co Grao de Primaria (mencións), etc. No curso 2023-2024, esta sesión celebrouse tamén presencialmente no salón de actos da Facultade. A sesión Pre-Prácticum II para o alumnado de terceiro curso do Grao de Infantil e cuarto curso do Dobre Grao tivo lugar o 13 de maio de 13:30 a 15:00 horas, e para o alumnado de terceiro do Grao de Primaria celebrouse o mesmo día de 12:00 a 13:30 horas.

As sesións considéranse esenciais para orientar e preparar ao alumnado para as tarefas que desenvolverá en cursos posteriores nas dúas materias centrais da titulación (Prácticum I e II), cada unha das cales conta coas súas propias sesións organizativas, polo que é sumamente recomendable a súa continuidade.

#### **1.5. PROGRAMA DE ALUMNADO TITOR (TODOS OS CURSOS)**

En febreiro de 2023, dende as coordinacións de título informárase por medio do foro de novas do Campus Virtual ao alumnado de todos os cursos da posta en marcha dunha nova convocatoria do programa de titores, dirixida ao alumnado de segundo curso e en diante para orientar ao alumnado de primeiro. Na convocatoria do curso 21-22 houbo interese por parte dunha alumna da Facultade, pero non puido finalmente apuntarse por mor dos horarios de formación e a imposibilidade de facer esa formación online.

A escasa participación do alumnado neste programa e as posibles razóns xa se analizaron polo miúdo na memoria de calidade do curso 2019-2020 que se elaborou, como é costume, á metade do segundo semestre do curso 2020-2021, establecéndose como acción de mellora para o curso 20-21 contactar cos responsables do programa A Ponte, que tamén xestionan este programa, e

achegar suxerencias de mellora co fin de facer esta iniciativa máis atractiva para o alumnado, por exemplo, replantexando e condensando contidos formativos para reducir o tempo adicado á formación, incrementando a formación online (máis flexible que a presencial), reducindo o número de créditos e as responsabilidades asociadas á titorización, ou actualizando a información dispoñible na web, visibilizando datos de interese para o alumnado (obxectivos do programa, recoñecemento, tarefas, etc.) e aportando información complementaria de utilidade, como vídeos con experiencias do alumnado titor.

Dese xeito, o 11 de maio de 2021 enviouse dende o Decanato da Facultade un correo electrónico aos responsables explicando a problemática e achegando suxestións de mellora. Non se recibiu resposta, e decidiuse contactar de novo para expoñer a problemática. Desde o Decanato volveuse contactar cos responsables do programa o 4 de abril de 2022, e nesta ocasión si se recibiu resposta, agradecendo as suxestións e emprazando aos responsables dos centros a unha reunión ao comezo do curso 22-23 para debater solucións. Porén, non foi posible levar a cabo esa reunión por problemas de axenda.

Con todo, na convocatoria do curso 22-23 apreciáronse algúns cambios, xa que se recoñece a posibilidade de realizar actividades non presenciais, aínda que os horarios de formación seguen a ser pouco compatibles coas clases na Facultade e todo o programa continúa a extenderse en dous anos académicos, un deles unicamente para formación, limitando o alumnado que pode participar a segundo e terceiro curso. Malia eses inconvenientes, as melloras semellaron dar resultado, xa que existindo oito prazas dispoñibles para os dous grados presentáronse na convocatoria do curso 22-23 cinco solicitudes por parte do alumnado para participar no programa, e dous estudantes completaron a formación previa. Porén, no curso 23-24 non se rexistrou ningunha solicitude, malia que pode tratarse dunha situación puntual.

O programa considérase unha ferramenta útil para a orientación e apoio do alumnado que inicia estudos. A iniciativa continuarase publicitando ao alumnado, e farase un seguimento dos posibles cambios nas condicións de desenvolvemento do programa en cursos sucesivos e as solicitudes recibidas para valorar se esta actividade continúa formando parte do Plan FORTE.

#### **1.6. SESIÓN INFORMATIVA SOBRE PROGRAMAS DE MOBILIDADE**

No curso 23-24, para dar resposta ás demandas de información do alumnado e contribuír a aumentar a participación do mesmo en programas de mobilidade, desenvolveuse o 9 de outubro de 16 a 17:30h unha sesión informativa presencial a cargo da RAM (Responsable Académica de Mobilidade) do centro sobre os programas de mobilidade da USC aplicables á FFP (Erasmus+, SICUE, Convenio Bilateral, International Credit Mobility e Erasmus+ Prácticas).

Nesa sesión proporcionouse información xeral sobre os diferentes programas de mobilidade da USC (convocatorias, características, requisitos, prazas, etc.) nos que pode participar o alumnado da Facultade. Malia que a información é de especial interese para o alumnado de segundo e terceiro de Primaria e Infantil, e segundo, terceiro e cuarto do Dobre Grao, a sesión publicitouse a todos os cursos dos Graos, xa que no programa Erasmus+ Prácticas pode participar tamén alumnado dos últimos cursos antes de depositar o seu título. Por outra banda, é importante que o alumnado de primeiro estea familiarizado con estes programas, xa que os requisitos lingüísticos deben cumprirse nas datas nas que saen as convocatorias, e sendo os prazos en ocasións bastante axustados, é conveniente dispor de tempo suficiente para facer as probas de nivel ou obter os correspondentes certificados.

A presentación realizada na sesión púxose a disposición do alumnado proporcionando unha ligazón á mesma que se colgou nas aulas de coordinación dos títulos (Primaria, Infantil e Dobre Grao) no Campus Virtual.

Ligazón á presentación:

<https://view.genial.ly/649538cb57bfd40012547541/presentation-mobilidade-ffp-lugo>

A resposta do alumnado foi moi positiva, asistindo á sesión ao redor de 30 persoas. Unha vez rematada, solicitouse ao alumnado participante que cubrise unha breve enquisa de satisfacción sobre os contidos, estrutura e duración da sesión, valorando os diferentes ítems nunha escala de 1 (nada satisfeito) a 4 (moi satisfeito). Un total de 21 persoas cubriron a enquisa, valorando os contidos cun 3,57 sobre 4, a duración con 3,90, e a estrutura con 3,86. Sobre os aspectos que engadirían, soamente unha persoa solicitou máis información sobre destinos Erasmus (malia que xa estaba contida na presentación), e ningunha persoa eliminaría ningún contido.

Tendo en conta os resultados obtidos, considérase pertinente incorporar esta actividade de xeito permanente dentro do Plan FORTE.

## LIÑA 2: ACTIVIDADES

### 2.1. INFORMACIÓN SOBRE BOLSAS, AXUDAS, PRÁCTICAS E ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROFESIÓN (TODOS OS CURSOS)

As coordinacións de curso e de título informan puntualmente ao alumnado sobre todas aquelas convocatorias de bolsas, axudas, cursos, prácticas, e outras actividades relacionadas coa súa profesión por medio do foro de novas do Campus Virtual. Publicitar esta información considérase de utilidade para o alumnado, en tanto que estas axudas e actividades contribúen á completar a súa formación e mellorar o seu perfil profesional.

Dende as coordinacións de título ou curso (Primaria, Infantil e Dobre Grao) difundíuse diversa información de interese para o alumnado a este respecto durante o curso 2023-24. Sintetízanse a continuación os datos recompilados.

No mes de setembro de 2023 informouse do curso de **Innovación AKADEMIA** para alumnado da USC, así como dos cursos de orientación académica-profesional para xestión de tempos e e-twinning. Igualmente, no mes de setembro informouse da celebración na Facultade, o día 16 de outubro, das I Xornadas Internacionais sobre Formación e Innovación Educativa: Metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas nos proxectos eTwinning (Forinnova Lite). Proporciónase máis información sobre o evento na liña 3.

No mes de outubro informouse sobre novas **actividades de voluntariado** para o curso 23-24. Tamén no mes de outubro informouse sobre actividades desenvolvidas na Facultade por mor do centenario do **Seminario de Estudos Galegos** (nomeadamente, unha exposición sobre o centenario do Seminario de Estudos Galegos, entre o 15 e o 30 de outubro de 2023, no segundo andar, e unha aula aberta baixo o título “O Seminario de Estudos Galegos: galeguizar as escolas e anovar o ensino”, a cargo de Antón Costa Rico (catedrático de Historia da Educación da USC) que tivo lugar o 20 de outubro de 2023, ás 12:00 hrs., no salón de actos. Enviouse asimesmo información sobre o V Encontro “**Redes rurais, educación e cooperación para outro desenvolvemento**”, un evento organizado pola Comunidade de Accións e Saberes Arredor do Rural, onde se atopan asociacións e cooperativas do medio rural, axentes de cooperación para o

desenvolvemento, estudantado e profesorado universitario, para compartir experiencias e explorar sinerxías de como construír sustentabilidade e xustiza no medio rural. A actividade está recoñecida cun crédito ECTS para o estudantado por parte do SEPIU.

No mes de novembro informouse da celebración, os días 18 e 19 de novembro, da terceira edición do **Terra Creative Jam “Reinventa o rural”**, un evento creativo e de innovación para a xeración de idea no que estudantes e titulados/as do Campus de Lugo participan en diferentes talleres, resolven desafíos sociais, ambientais e tecnolóxicos e achegan solucións para “reinventar o rural”. Informouse asimesmo das propostas da Comisión de Xénero da Facultade para conmemorar o 25N (*exprésate contra a violencia de xénero, proxección documental, e concentración e lectura de manifesto*). Proporciónase máis información na liña 3.

Asimesmo, no mes de novembro informouse de que as comisións de xénero da Facultade de Ciencias, da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, da Facultade de Humanidades, da Facultade de ADE, da Facultade de Formación do Profesorado e a Oficina de Cultura do campus de Lugo convidaban a toda a comunidade universitaria a participar no **acto conmemorativo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**. Este acto tivo lugar o 24 de novembro ás 11.30 h na Entrada da Biblioteca Intercentros e da Facultade de Formación do Profesorado. Consistiu nunha concentración nos lugares establecidos, a lectura do manifesto 25N por parte da Facultade de Ciencias, a *performance* “OCOS”, e un minuto de silencio polas vítimas da violencia contra a muller en España no que vai de ano.

Tamén se comunicou ao alumnado a exposición, entre o 28 de novembro e o 19 de decembro de 2023 no vestíbulo secundario da Facultade, da mostra **A ESCOLA NOVA... tamén entre nós (1921-2021)**, configurada por 14 paneis de gran formato. A iniciativa busca salientar o valor patrimonial e histórico, de memoria e de coñecemento, unha vez superados os seus primeiros cen anos de andadura, do movemento pedagóxico internacional da Nova Educación, desenvolvido por profesionais da educación, a medicina, a hixiene e a psicoloxía principalmente durante as catro primeiras décadas do século XX, en particular mediante as iniciativas da Liga Internacional da Educación Nova (LIEN). A colección posibilita entender como as orientacións, propostas e iniciativas deste movemento marcaron o posterior desenvolvemento da educación a escala internacional ata a actualidade. Elaborada polos profesores Antón Costa Rico e Lucía Iglesias da Cunha a exposición foi inaugurada na Facultade pola decana e o profesor da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar”.

No mes de decembro transmitiuse ao alumnado información sobre o acto de presentación da **Asociación Intelecto** (Asociación de familias con fillos/as con altas capacidades, habilidades e outras neurodiverxencias asociadas), que tivo lugar no salón de actos da Facultade o 15 de decembro.

En decembro informouse asimesmo da celebración dunha conferencia e a proxección dun documental co gallo do centenario da creación das **"Escolas do Insiño Galego"** en 1923 na Coruña (iniciativa pioneira de introdución do galego como lingua vehicular no ensino), a cargo do mestre e pedagogo Santiago Quiroga García. Estas actividades desenvolvéronse o día 22 de decembro de 2023 na Facultade de Formación do Profesorado, e vencéllase á materia de primeiro curso de Primaria “Teoría e historia da educación escolar”.

No mes de febreiro de 2024 informouse ao alumnado de que, durante a semana do 5 ao 9 de febreiro, Mans Unidas de Lugo recibirá a visita dunha misionera mercedaria, María José López Cabezón, para o inicio da **Campaña contra a fame no mundo de Mans Unidas 2024 "O efecto ser humano"**, campaña que está centrada en como as persoas podemos cambiar o planeta loitando contra o cambio climático que sufren os máis vulnerables, propoñendo e levando á realidade

alternativas baseadas no cambio de estilos de vida, produción e consumo. O mércores 7 de febreiro, ás 17:30h, no Salón de Actos da Facultade de Formación do Profesorado, María José López Cabezón impartiu unha sesión-conferencia con parte do alumnado da materia de “Teoloxía católica e a súa pedagogía”, aberta á libre participación de todo o alumnado, profesorado e persoal da Facultade. A actividade detállase na sección 3.1., no apartado correspondente ás actividades de terceiro curso de Primaria.

No mes de febreiro informouse tamén ao alumnado da convocatoria de **bolsas para a iniciación á investigación do Campus Terra 2024**. Asimesmo, publicitouse a celebración, entre os días 5 e 13 de marzo, das I Xornadas de Convivencia e Formación Universitaria da USC. consistentes en obradoiros, formacións e actividades nas que aprender as nocións básicas para conseguir superar os retos da USC, e formarse en competencias como a oratoria, a xestión de redes sociais, a implementación de metodoloxías participativas nas diferentes ramas da ciencia ou primeiros auxilios. Enviouse tamén información sobre as actividades que se realizarían en conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, que foron as seguintes:

- Instalación na entrada principal da Facultade dun **espazo para expresar sentimentos e pensamentos arredor do que significa para cada persoa o 8 de marzo**.
- Instalación na entrada secundaria (Decanato) dos seguintes elementos:
  - Espazo para poñer a **biografía/datos de interese de persoas relevantes** para o movemento feminista.
  - **Produción do alumnado da materia de EVPII** a partir do libro de Chimamanda Ngozi, *Como educar no feminismo*.
- Venres 8 de marzo: **lectura do Manifesto Institucional** diante da Facultade ás 12 h. para o cal se solicita a participación de todos os membros da Facultade.
- A biblioteca da Facultade habilitou 2 **espazos con obras de temática relevante para o 8M**: un na mesa da entrada da Biblioteca e outro na vitrina de Conserxería.
- Na cidade de Lugo leváronse a cabo as **I Xornadas Feministas=Igualdade** o venres 8 de marzo dende as 9 horas no salón de Actos da Deputación Provincial de Lugo (San Marcos, 8, Lugo). Máis información na seguinte ligazón: <https://vivalugo.es/evento/i-xornadas-feministas/>

No mes de marzo informouse a todo o alumnado a través das coordinacións de título da celebración, o 1 de abril, da **conferencia "Contos, libros e cantos"**, co financiamento e apoio do SNL-USC (máis informacións nas seccións 3.1 – terceiro de infantil – e 4.3).

No mes de abril enviouse información ao alumnado sobre a presentación dun **monográfico sobre saúde mental e educación**, que tivo lugar o 3 de abril. O encontro estivo moderado por Francisco Candia, membro de Nova Escola Galega e Profesor da FFP. Contouse ademáis coas seguintes intervencións:

- Ana Parada Gañete, co directora da RGE e coordinadora do número,
- Manuel Armas Castro, psicólogo, doutor en Ciencias da Educación e coordinador do número,
- Federico Menéndez Osorio, psiquiatra, e
- María Guerreiro Muñoz, do Servizo de Educación do Concello de Lugo.

Tamén no mes de abril, informouse ao alumnado da impartición, o 30 de abril no salón de actos, da charla "**Diversidade sexual e de xénero na educación: a realidade LGBTIQ+ nas aulas de Educación Primaria**" a cargo de Ana Ojea e Lara Boubeta, da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ. Malia que a actividade se publicitou a todo o alumnado, foi organizada no marco da materia de primeiro curso de Primaria “Psicoloxía do Desenvolvemento 6-12”, polo que se detalla na sección 3.1.



Asemade, no mes de abril informouse ao alumnado da celebración, os martes 23 e 30 de abril (de 10 h. a 12 h.) e os luns 6 e 13 de maio (de 16 h. a 18 h.) dun **OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL** na Aula de Música da Facultade, impartido por Ana Belén Fernández García. Trátase dunha actividade sociocultural de 8 horas de duración, de balde e aberta a toda a comunidade universitaria da USC na que se abordan os principais patróns rítmicos, típicos da música tradicional galega a través da utilización, tanto de instrumentos propios da nosa cultura musical (pandeiretas, pandeiros, tarrañolas, etc.), como de elementos naturais e cotiás que poden traerse da casa (culleres, latas grandes, cunchas de vieira, botella de anís...) dende unha perspectiva educativa e de xénero, ao poñer en valor a presenza feminina na tradición musical popular galega, e tamén as posibilidades que esta tradición posúe para o ámbito da educación.

Tamén se enviou información ao alumnado sobre a celebración, o 3 de maio, do acto de **investidura como Honoris Causa do profesor Francesco Tonucci**, psicopedagogo e debuxante "italiano, amigo de Galicia", no Paraninfo da USC. O día anterior, xoves 2 de maio, ás 17:30 horas, Tonucci pronunciou o **relatorio "Cos ollos de Frato. Conversa-coloquio con Francesco Tonucci"** en Compostela, que puido seguirse EN DIRECTO desde o salón de actos da Facultade de Formación do Profesorado, e do que tamén se informou puntualmente ao alumnado da Facultade. Abriuse á participación de público académico e público alleo á Facultade, contando coa posibilidade de trasladar preguntas e reflexións a F. Tonucci desde Lugo.

No mes de xuño informouse ao alumnado sobre a convocatoria de **prácticas académicas externas do programa Campus Rural 2024**. Estas prácticas están organizadas entre o Ministerio de Transición Ecolóxica, a CRUE e as universidades públicas españolas. Realízanse en poboacións de menos de 5000 habitantes, en Galicia e noutros lugares de España, durante un periodo de entre 2 e 4 meses, e contan con axuda económica.

Por outra banda, os servizos que ofrece Área de Orientación Laboral publicítanse tamén a todos os cursos da titulación mediante o foro de novas do Campus Virtual: nese sentido, o BIP (Boletín de Información Profesional) elaborado periódicamente desde esta área publicítase a todo o alumnado cando se recibe notificación da súa publicación, xa que contén información sobre axudas, prácticas, voluntariado, cursos, etc. que pode resultar de interese.

## 2.2. XORNADAS DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (CUARTO CURSO)

O día 23 de maio de 2024 dirixiuse un escrito á Área de Orientación Laboral do Campus de Lugo para solicitar a realización dalgunha actividade con relación á formación e orientación laboral do alumnado, en liña co que se viña facendo en curso anteriores. Recibiuse resposta na que se informaba da celebración dunhas xornadas formativas presenciais e online o 8 e o 9 de abril, nas que se proporcionaba orientación sobre a elaboración do Curriculum Vitae, información sobre LinkedIn como ferramenta para a busca de emprego, e oportunidades de prácticas a nivel autonómico, nacional e internacional. Dita actividade non puido ser publicitada mediante a aula virtual de coordinación, dado que non se recibiu a tempo a información. Enviouse resposta indicando que o noso alumnado pode ter dificultades para asistir se se fai en días lectivos, nun espazo alonxado da nosa facultade, e con actividades presenciais. Dende a Área de Orientación Laboral argumentaron que este curso decidiron facer as xornadas en días lectivos para aumentar a asistencia, e incluír actividades presenciais porque así llo solicitou algún alumnado e profesorado. Solicitouse que no sucesivo se envíe información de interese desta Área directamente á responsable de calidade do noso centro, para garantir que esta se difunde entre o noso alumnado cunha marxe razoable de tempo.

Malia que a participación neste tipo de actividades adoita ser baixa, tendo en conta as características das xornadas e o momento do curso no que se fan (antes o alumnado adoitaba estar preparando exames e defensas de TFG, e agora farase en horario lectivo), é conveniente seguir publicitando este tipo de iniciativas e facelas extensivas ao alumnado de todos os cursos, xa que contribúen á súa orientación polo que respecta a saídas profesionais e á busca de traballo.

### 2.3. INFORMACIÓN SOBRE SAÍDAS LABORAIS: SESIÓN INFORMATIVA SOBRE AS OPOSICIÓN (ÚLTIMOS CURSOS DAS TITULACIÓNS)

Continuando coa actividade realizada no curso 20-21 en resposta a unha solicitude que fixo chegar ao Decanato o alumnado de quinto curso do Dobre Grao, fixéronse as xestións oportunas a través do Decanato da Facultade para organizar unha xornada informativa sobre as oposicións, destinada especialmente ao alumnado dos últimos cursos de Primaria, Infantil e Dobre Grao. Dese xeito, no mes de novembro, o alumnado dos Graos e o Dobre Grao foi informado por medio do foro de novas das coordinacións de título da celebración, o día 4 de decembro en horario de mañá, das **I Xornadas "Falando de ensino coas organizacións sindicais"**, nas que catro organizacións sindicais (UXT, CSIF, CCOO e STEG) trataron diversos aspectos sobre a función docente e o acceso a ela (é dicir, as oposicións), recoñecendo a asistencia cunha certificación emitida pola Facultade. Entre as cuestións desenvolvidas atopábase o tema do acceso ao ensino privado/concertado, ao público, a normativa, temarios, o propio proceso de oposición, a formación e os méritos vinculados a ela, as listas de agarda, etc.

A actividade foi anunciada na Facultade e na USC, así como en diferentes xornais, e contou cunha boa cifra de participación, inscribíndose 135 estudantes.

USC

<https://www.usc.gal/gl/xornal/eventos/xornadas-falando-ensino-organizacions-sindicais>

LUGOXA

<https://galiciaxa.com/2023/12/lxa/zonas-lxa/lugo-lxa/242290/>

Figura 1. Anuncio da xornada "Falando de ensino coas organizacións sindicais"



Este tipo de sesións informativas considérase unha iniciativa de interese para o futuro profesional do alumnado, polo que se recomenda a súa continuidade.

### LIÑA 3: ACTIVIDADES

#### 3.1. RELATORIOS CON PROFESIONAIS EXTERNOS, PRÁCTICAS DE CAMPO, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE-SERVIZO, OUTRAS ACTIVIDADES TRANSVERSAIS OU ESPECÍFICAS (TODOS OS CURSOS)

##### Primeiro de Primaria:

- Entre o 28 de setembro e o 26 de outubro de 2023 tivo lugar, dentro da materia “Teoría e historia da educación escolar”, unha actividade transversal co título **“Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica”**. Esta actividade detállase no apartado destinado ás actividades de primeiro curso de infantil, xa que se desenvolveu nos dous Graos.
- Entre o 11 de setembro e o 22 de decembro de 2023 desenvolveuse un proxecto de Aprendizaxe-Servizo vencellado ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación” denominada **“Aprendizaxe-Servizo con entidades socioeducativas para a formación de futur@s mestr@s”**. Durante o primeiro semestre o alumnado tivo a oportunidade de participar nun proxecto interdisciplinario no que se combinan as metodoloxías de ApS e ABPx. A finalidade do proxecto en relación co alumnado é a adquisición e a mellora de competencias profesionais propias da profesión, a través de experiencias de participación social. Os estudantes valoraron o proxecto de maneira moi positiva.
- O 17 de outubro de 2023 desenvolveuse unha actividade con profesionais externos tamén vencellada ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, titulada **“A aprendizaxe por proxectos no CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña)”**. Nesa data acudiron á Facultade dúas mestras do CPI Plurilingüe Virxe da Cela (Monfero, A Coruña) e o seu alumnado co obxectivo de presentar os proxectos que os nenos/as estaban a realizar. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
- Entre o 25 de outubro e o 8 de novembro de 2023 desenvóléronse dúas **sesións formativas sobre ciberseguridade e acoso escolar** vencelladas ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, similares ás organizadas en primeiro curso de infantil e cos mesmos responsables, Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo e responsables do Plan Director). Na sesión do 25 de outubro abordáronse contidos relacionados coa ciberseguridade no ámbito educativo. Na sesión do 8 de novembro abordouse a temática do acoso escolar e delitos de odio. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva. Na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
- Entre o 20 de novembro de 2023 e o 31 de xaneiro de 2024, como actividade transversal vencellada á materia “Teoría e historia da educación escolar”, o alumnado da materia organizou e desenvolveu diferentes **actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra as Mulleres**



- O 22 de novembro desenvolveuse outra actividade transversal vencellada ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, denominada “**Taller de prensa – Down Lugo**”. O 22 de novembro a asociación Down Lugo presentou (no salón de actos) o taller de prensa que levou a cabo na Facultade de Formación do Profesorado. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario (PI) ao ser Down Lugo unha entidade colaboradora no PI. A atención e participación activa do alumnado na sesión foi igualmente positiva, e na enquisa proporcionada, o alumnado sinalou que os contidos abordados tamén eran pertinentes e a actividade favoreceu a adquisición de aprendizaxes útiles para o seu futuro profesional.
- O 24 de novembro tivo lugar unha actividade transversal formativa vencellada ás materias “Didáctica e Tarefas Docentes” e “Socioloxía da Educación”, titulada “**Situación educativa do alumnado xitano**”. que foi levada a cabo pola Fundación Secretariado Xitano. Esta actividade realizouse no marco do Proxecto Interdisciplinario e contou asimismo cunha activa participación do alumnado e con valoracións positivas.
- **Toromelos en clave lingüístico-literaria (xaneiro-marzo 2024)**: a proposta “Toromelos en clave lingüístico-literaria” consiste na realización e publicación de recursos en galego, concebidos como infografías e pílulas lingüístico-literarias en diversos formatos (videopodcast, podcast, kahoot e semellantes). Esta proposta artéllase ao redor destas seis palabras chave referidas á lingua galega (lexislación lingüística, planificación lingüística, instrumentos de planificación lingüística escolar, Marco Europeo Común de Referencia, Portfolio Europeos das Linguas e Tratamento Integrado das Linguas) e a representacións artístico-literarias (viñetas, textos literarios e álbumes) en lingua galega. Por unha banda, realízanse pílulas lingüístico-literarias en diversos formatos (videopodcast, podcast, kahoot e semellantes) e, por outra, infografías que conteñen definicións exemplificadas con representacións artístico-literarias de conceptos vinculados ás necesidades actuais do galego en clave de normalización e de planificación lingüística, para que resulten comprensibles, asimilables e próximos á cidadanía en xeral. A docente da materia guiará e corraxirá os *toromelos* que realizará o seu alumnado, entre o 29 de xaneiro e o 17 de marzo de 2024, como traballo práctico no marco da materia “Ensin e Aprendizaxe de linguas en contextos Multilingües”, A versión final revisada destes toromelos lingüístico-literarios ofrecerase como recursos en acceso aberto a través dunha páxina en liña creada para esta proposta (Wix ou semellantes) e como infografías que se presentarán impresas en lonas de rolo plegable. As infografías presentaranse impresas como lonas en rolo plegable (*RollUp con estrutura metálica*, sirvan de exemplo estes: [https://www.todorollup.com/roll-up/80x200/?utm\\_campaign=18263750604&utm\\_source=google&utm\\_medium=cpc&utm\\_content=&utm\\_term=&adgroupid=&gad\\_source=1&gclid=CjwKCAiAhJWsBhAaEiwAmrNyq9ZAkvfkuazm2SGf1boAk2m\\_YV4r0DpULm6m2udsThRO9wm2N-wgXBoCQ60QAvD\\_BwE](https://www.todorollup.com/roll-up/80x200/?utm_campaign=18263750604&utm_source=google&utm_medium=cpc&utm_content=&utm_term=&adgroupid=&gad_source=1&gclid=CjwKCAiAhJWsBhAaEiwAmrNyq9ZAkvfkuazm2SGf1boAk2m_YV4r0DpULm6m2udsThRO9wm2N-wgXBoCQ60QAvD_BwE)) pois poden transportarse e expoñerse con facilidade nos distintos centros da Universidade de Santiago de Compostela, nos dous campus universitarios.
- Na sesión expositiva da materia de TIC do Grao impartíuse un **seminario** o día 12 de marzo co título “**Teenager Internet Addiction: Protecting Young Minds (6-12 Years Old)**”. Esta actividade estivo a cargo dunha docente invitada (a Dra Monica Turtorean, da Universidade Stefan cel Mare en Romanía) dentro do programa de mobilidade Erasmus+.
- Do 7 de febreiro ao 6 de marzo de 2023 tivo lugar unha nova edición de “**Educación en feminino: un paseo pola historia**”, exposición dos pósters sobre educadoras da historia, realizados polo alumnado da materia “Teoría e Historia da Educación Escolar” como proxecto de Aprendizaxe-Servizo. A VII colección foi elaborada polo alumnado do curso 2023-24, e

despois do mes de presenza na Facultade, a colección de pósters estivo exposta en IES de Vilalba, Foz e As Pontes, con inauguración e actividades realizadas por alumnas da materia. Para o alumnado implicado, é unha actividade moi importante para a materia en cuestión. Para a sociedade tamén, pois pon en valor o labor, moitas veces minorizado ou directamente ocultado, das mulleres educadoras ao longo da historia, e en calquera contexto xeográfico ou cultural. O éxito da iniciativa, que celebrou este curso a súa séptima edición, e o interese que desperta fóra da Facultade, apuntan á conveniencia de continuar promovendo o seu desenvolvemento.

- O 30 de abril desenvolveuse unha charla con profesionais expertos vencellada á materia “Psicoloxía do desenvolvemento 6-12”, titulada “**Diversidade sexual e de xénero na educación: a realidade LGBTIQ+ nas aulas de Educación Primaria**”. Esta actividade leva o formato de charla de expertas, contando coa participación de Lara Boubeta e Ana Ojea, representantes da Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ e profesoras na etapa de Educación Primaria e Secundaria. Abordouse a diversidade sexual e de xénero no alumnado de Educación Primaria; os tipos, características e consecuencias da LGBTIfobia nos centros educativos; déronse pautas para promover unha educación inclusiva; abordouse a normativa educativa e lexislación sobre a educación en diversidade sexual, de xénero e familiar; e presentouse o libro infantil Xe (Boubeta, 2023) sobre intersexe sexualidade. A posta en marcha da actividade valórase como positiva. A asistencia foi elevada, acudindo alumnado doutros cursos e tamén profesorado da Facultade. O alumnado da materia valorou favorablemente esta actividade a través dun documento resumo que se lles solicitou, indicando que constituiu unha formación necesaria con implicacións prácticas para o seu futuro labor docente.

### Segundo de Primaria

- “**Camiñando xuntxs**” (2 abril 2024). **Actividade de campo interdisciplinar**, vencellada ás materias “Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética”, “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I”, e “Ensinanza e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I”. Realizouse un tramo do Camiño Francés (Barbadelo-Portomarín). O interese da actividade radica na súa intención de amosar a potencialidade da contorna próxima para desenvolver aprendizaxes en contexto de maneira interdisciplinaria. Preparouse e abordouse o percorrido dende unha óptica matemática facendo paradas en lugares distinguidos para interpretalos en clave socio-científica. Na actividade participou practicamente todo o alumnado de 2º curso. Considérase de interese formativo como modelo para promover a importancia de integrar este tipo de actividades, que destacan como motivadoras polo seu carácter lúdico e recreativo, e permiten pór en marcha tanto a actividade física como a actividade mental, xa que as tarefas que se poidan propoñer requiren movemento e traballo fóra da aula, ademais de coñecementos das áreas específicas que se queiran integrar. O alumnado manifesta interese nesta actividade, aínda que nalgún caso só sexa polo seu carácter diferencial e lúdico. Non se realizaron enquisas de satisfacción; porén, nas conclusións de traballos académicos relacionados coa análise e deseño de propostas docentes que se encargan nas materias de Didácticas Aplicadas, conséntase que é recorrente a demanda deste tipo de actividades interdisciplinarias en contexto.

### Terceiro de Primaria

- “**Saída ao parque Rosalía de Castro (Lugo)**” (19-20 setembro 2023). **Actividade de campo** vencellada á materia “Ensinanza e aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”. Saída para observación de especies vexetais, recollida de mostras e determinación das mesmas, que serán procesadas posteriormente para elaborar material didáctico para a aula. Tamén se solicita ao alumnado que faga unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar

tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.

Esta saída serve para observar a contorna inmediata, recoller mostras e determinalas e elaborar material didáctico para a aula. O alumnado tamén fai unha reflexión sobre as saídas de campo como recurso didáctico para realizar a conexión entre o coñecemento da aula e o da realidade, para deseñar tarefas contextualizadas, para desenvolver o traballo cooperativo e o papel activo do alumnado na aprendizaxe.

A actividade ten vinculación con outras tarefas da materia polo que a participación foi moi elevada: aproximadamente 89 alumnos e alumnas dun total de 92 estudantes matriculados. Non se realizaron enquisas de satisfacción, pero tanto na valoración oral da materia, na derradeira sesión de clase, como nas reflexións do portafolio da materia, o alumnado fai fincapé da necesidade deste tipo de actividades prácticas para repensar a súa actividade como futuros docentes. Ademais, as actividades ao aire libre sempre favorecen o interese e a motivación do alumnado por participar nelas.

- O 27 de setembro de 2023 realizouse unha **saída de campo** vencellada ás materias “Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Sociais II” e “Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II”, que consistiu nunha visita á **ARMH (Campus Ponferrada. Universidade de León) e a Las Médulas**. Trátase dunha actividade interdisciplinaria, centrada en traballar distintos aspectos didácticos da paisaxe. Atenderase á dimensión subxectiva, caso da relación paisaxe-memoria-procesos educativos de apropiación patrimonial, e tamén á dimensión obxectiva, traballando a integración de distintos elementos da paisaxe para dende á cognición pasar á emoción e, polo tanto á subxectividade. Con este obxectivo, traballárase ás singulares paisaxes das foxas herdadas da barbarie institucionalizada co golpe de 1936 e a Guerra Civil, o que permitirá ao alumnado pasar do coñecemento e valoración do espazo ao das prácticas no laboratorio, nos que se traballa, dende diferentes disciplinas no tratamento dos corpos de persoas “desaparecidas”. Nesta práctica o racional e o emocional configuran un todo configurando un potente e necesario instrumento didáctico. Debido ás posibilidades do entorno onde se desenvolve esta primeira práctica, nunha segunda sesión abórdase unha práctica centrada na evolución da paisaxe, mediante un itinerario percorrido a pe, tendo en conta a dimensión natural e a socio-histórica, debendo detectar en contacto co medio os elementos que indican os cambios na paisaxe a distintas escalas temporais, analizados dende as ciencias naturais, a xeografía física e a historia.

Con estas actividades, enfocadas ao ensino-aprendizaxe no medio para a formación docente, búscase unha nova sensibilización, a través da cognición e a emoción, e un claro entendemento mediante a praxe, da educación interdisciplinaria. Á saída acudiu case a práctica totalidade do alumnado matriculado, mostra da interese por participar en experiencias didácticas que rompan as rutinas cotiás da aula. Levouse a cabo segundo o programado.

A valoración posterior feita polo alumnado foi moi positiva. Oralmente, na aula, sinalaron aqueles aspectos que lles chamaron máis a atención e reflexionaron en torno ás dúas partes da visita. En relación á ARMH, puxeron o foco no valor de acceder a contidos "pouco visibilizados nas aulas", vencellados á memoria e o pasado, pero fortemente unidos ao presente. Nesa liña, moitos estudantes expresaron o seu desexo de, no momento de exercer coma docentes, levar ese tipo de contidos á aula, como unha forma de achegar, desde a emoción, temáticas socialmente relevantes a alumnado de Primaria. En relación á visita ás Médulas, fixeron fincapé no excepcional do espazo, descoñecido para moitas delas, e a interese de traballar *in situ* aspectos relacionados coa natureza e a evolución dun espazo ao longo dos séculos.

Á finalización da materia o alumnado deberá entregar unha reflexión crítica sobre a mesma onde explique, máis de vagar, que aspectos do visto lles pareceron interesantes, que valor didáctico teñen a futuro, así coma na súa formación coma mestres e mestras.

- O 7 de febreiro de 2023 impartíuse a conferencia a cargo da misioneira mercedaria María José López Cabeazón, titulada “**Campaña Mans Unidas 2024: "O efecto ser humano"**”, vencellada á materia Teoloxía católica e a súa pedagogía”. A actividade foi proposta á Facultade e a todo o alumnado da materia optativa de Teoloxía católica durante unha das sesións interactivas-seminario desa semana, de 17:30 a 19:00 h. A participación foi moi numerosa, e ademais do testemuño de María José López Cabeazón, a ONG Mans Unidas Lugo presentou algunhas das actividades, incluíndo unha proposta de voluntariado ao alumnado da Facultade. A valoración é moi positiva, tanto dende o punto de vista dos contidos como dende o punto de vista do alumnado, e no resto de sesións interactivas desa semana retomáronse cos non presentes na actividade (por incompatibilidades horarias) os temas e os contidos presentados.

#### Cuarto de Primaria

- **Actividade de campo** vencellada á materia “Educación en Contextos Rurais”, realizada o 22 de setembro de 2023. Saída de campo co alumnado para observar e reflexionar directamente sobre o terreo como se materializan algúns dos contidos máis relevantes que van facer parte da materia “Educación en Contextos Rurais”. Fíxose polos arredores da cidade de Lugo (**sistema hidrográfico dos regatos Rato e Chanca**) un día que ás dúas partes nos ía ben, e no mes de setembro, aproveitando que o tempo aínda é bo, xa que toda a sesión desenvólvese ao aire libre e o alumnado precisa ir apuntando sobre o que iamos observando no medio rural e natural, con especial atención a aspectos paisaxísticos, ecolóxicos, botánicos, fenolóxicos, zoolóxicos, históricos e antropolóxicos que poden potencialmente configurar contidos a traballar na Educación Infantil e na Educación Primaria na liña da cultura da sustentabilidade e da posta en valor do medio. O descubrimento in situ das funcións que desempeñan as árbores, a identificación de numerosas especies arbóreas, o seu aproveitamento didáctico, e o aumento da cultura sobre as árbores, son tamén obxectivos importantes da actividade. Polo que concirne á valoración, e unha das actividades máis valoradas polo alumnado, e cumpre obxectivos previstos polo profesor para a materia.
- **Actividade de campo** vencellada ás materias “Deseño e elaboración de materiais didácticos” e “Identidade de xénero e educación”, realizada o 29 de setembro de 2023. A práctica de campo consistiu nunha **visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA**, complementada nas aulas cunha actividade de preparación da visita e unha actividade de peche. A través da mirada retrospectiva, o obxectivo foi a reflexión crítica sobre as implicacións do emprego de materiais didácticos en materia de roles de xénero. Trátase dunha actividade de interese para o alumnado que cursou as dúas materias ao permitirlle achegarse ás exposicións do MUPEGA e á reflexión sobre xénero e materiais didácticos.
- Actividade transversal celebrada o 25 e o 26 de outubro de 2023 a cargo da docente Anastasiia Ogneva. Tivo lugar a **xornada denominada “Como facer un TFG/TFM en educación”**, centrada na elaboración dun TFG/TFM. Incluía cinco charlas, dous obradoiros e unha mesa redonda. A actividade, que se publicitou a alumnado de cuarto dos dous Graos e do MPES, detállase na sección 4.2.
- **Actividade con profesionais externos** vencellada á materia “Educación Vocal para Docentes”, realizada o 6 de novembro de 2023. Desenvolveuse **unha charla titulada “Patoloxías vocais na docencia”**. Invitouse un profesional do ámbito de Logopedia, David Posada Fernández, que impartiu un seminario sobre as patoloxías relacionadas coa voz nos docentes. Na mesma abordouse dende unha perspectiva da Logopedia como funciona o aparello fonador, cales son

as patoloxías que se poden dar na voz no eido educativo así como a hixiene vocal para intentar prever estas patoloxías. Ademais douse a coñecer como é a intervención dende a logopedia cando un docente acude a consulta por disfonía. Trátase dunha actividade de interese, tanto para o alumnado da materia como para todo o alumnado dos Graos en xeral, por ofrecerlles unha visión actualizada das patoloxías da voz e como se traballan cos profesionais da logopedia.

### Primeiro de Infantil

- Do 19 de setembro ao 11 de outubro desenvolveuse, dentro da materia “Infancia, Familia e Escola” un curso denominado “**Curso de competencias en comunicación oral e escrita para alumnado universitario. Elaboración de documentos escritos con calidade académica**”, na que se traballaron os seguintes contidos:
  - A corrección de textos e os criterios de calidade na comunicación escrita.
  - Recursos e materiais dixitais de apoio para a elaboración de documentos escritos e de presentacións dixitais de calidade.
  - Resolución de dúbidas gramaticais frecuentes e problemas lingüísticos nos documentos escritos. Exemplos para practicar.
  - Bibliografía, citación e referenciación de fontes bibliográficas.
  - Os traballos académicos: apartados constituíntes e condicións formais de presentación en formato físico ou dixital.
  - Pautas para o aforro e a eficiencia dos recursos empregados na elaboración de traballos escritos.
  - Criterios de calidade na comunicación oral diante dun público.
  - Preparación de intervencións orais.O docente responsable valorou esta actividade transversal de xeito positivo. Por experiencia doutros anos, enténdese que unha mínima formación e esixencia docente nestes aspectos repercute positivamente nas producións escritas e nas exposicións orais que o alumnado presenta a posteriori. Trátase dunha actividade obrigatoria na materia, polo que participa nela todo o alumnado asistente habitual.
- O 11 de outubro, de 10 h. a 11 h. no Salón de Actos da Facultade, tivo lugar unha **sesión informativa sobre actividades de voluntariado no Campus de Lugo**. Trátase dunha sesión aberta para alumnas e alumnos que tiñan interese en coñecer as actividades de voluntariado no Campus, cales son as vantaxes da aprendizaxe a través da experiencia, e toda a información relativa a proxectos educativos nos que poder participar tanto con opción de recoñecemento académico coma de recoñecemento curricular. A sesión foi impartida por Fátima Teixeira (SEPIU). Os estudantes valoraron a actividade de maneira moi positiva. Trátase dunha actividade transversal vencellada ás materias “Didáctica e Profesión Docente” e “Socioloxía da Educación”.
- Vencellada ás materias anteriores, desenvolveuse o 23 de outubro unha actividade con profesionais externos denominada “**Nenea, medrar creando. Educando nos bosques de Lugo**”. Algúns dos obxectivos da actividade foron os seguintes:
  - Que lo alumnado de infantil, futuros mestres/as, coñezan outros modelos educativos e outras formas de entender a educación e a relación educativa.
  - Que o alumnado sexa consciente das posibilidades educativas que ofreceo entorno e a estreita relación mutua que existe entre a escola e o entorno próximo.Na tarefa posterior que se solicitou ao alumnado reflectiuse o alto nivel de interese que suscitou esta charla.



- O 30 de outubro, novamente vencelladas ás materias “Didáctica e Profesión Docente” e “Socioloxía da Educación” tiveron lugar, no salón de actos, dúas **sesión formativas** (dunha hora e media cada una) a cargo de Ramón Peña e Héctor Méndez (Gardas Cívís da Comandancia de Lugo e responsables do Plan Director). Na primeira sesión abordáronse contidos relacionados coa **ciberseguridade no ámbito educativo** e, na segunda, abordouse a temática do **acoso escolar**, a convivencia, etc. O alumnado valorou a actividade de maneira moi positiva.
- O 20 de novembro de 2023 desenvolveuse unha actividade con profesionais externos vencellada tamén ás materias “Didáctica e Profesión Docente” e “Socioloxía da Educación”. David Pernas acudiu á Facultade para impartir a **charla "Os contos que contamos e como os contamos"**. Algúns dos obxectivos desta actividade eran os seguintes:
  - Achegar ao alumnado de EI a importancia, como futuras mestras e mestres, de crear ou consolidar hábitos de lectura nos nenos/as de E.I.
  - Coñecer contos para contar na etapa de infantil e ser conscientes da importancia de saber contar un conto a través do exemplo dun profesional que se dedica a esta tarefa na rede de bibliotecas da Coruña dende hai máis de 30 anos.
  - Que o alumnado de maxisterio coñeza a importancia de determinados espazos escolares (como as bibliotecas de centro e/ou de aula) como espazos educativos e tamén dende unha perspectiva sociolóxica, como lugares de compensación das desigualdades sociais; dito de outra maneira, como espazos de compensación das desigualdades que veñen da súa contorna máis próxima, fundamentalmente no caso das familias máis vulnerables.Valoración da actividade: A atención e participación activa do alumnado na sesión foi extraordinariamente positiva, polo que sería de interese repetila no próximo curso.

- Entre o 29 de xaneiro e o 13 de maio de 2024 desenvolveuse un **proxecto ApS** vencellado á materia “Psicoloxía da Educación”, titulado “**Trabajando la inclusión**”. Os obxectivos do proxecto de ApS realizado coa delegación provincial da ONCE en Lugo poden resumirse en tres:
  - Estimular a reflexión sobre a inclusión.
  - Aprender a elaborar materiais desde a mirada inclusiva, desenvolvendo a imaxinación e a creatividade.
  - Iniciarse na aprendizaxe da lectura e a escritura utilizando o código Braille.

Os materiais deseñados polo alumnado universitario, tras recibir a formación das mestras especialistas en discapacidade sensorial da Xunta de Galicia e da ONCE, atópanse distribuídos polos centros educativos da provincia de Lugo e, mesmo, son recibidos en préstamo noutras provincias galegas. Entre eses materiais, que presentan un carácter lúdico-educativo, poden citarse, entre outros, contos de personaxes infantís clásicos e actuais, quebracabezas, xogos de parellas, de diferenciación de tamaños, formas, xogos de tres en raia, dameros, etc. Polo que concirne á valoración da actividade, por tratarse dun proxecto moi consolidado, dado que hai máis de 10 anos que se realizou por primeira vez, pode afirmarse que os obxectivos perseguidos son unha realidade. O alumnado universitario responde con entusiasmo ante a oferta de poder realizar materiais que serán utilizados polos nenos e nenas que están nas aulas, utilizados por todos, sen distincións porque están pensados para todos, non só para nenos con discapacidade visual ou cegueira. Valoran a experiencia como unha oportunidade de aprender facendo algo que terá un uso máis aló de servir para recibir unha cualificación.

- Entre o 3 de febreiro e o 30 de maio de 2024 desenvolveuse asimesmo un **proxecto de ApS** de carácter transversal, vencellado a materias de primeiro curso, pero tamén doutros cursos (“Procesos de mellora e uso das TIC”; “Escola Inclusiva e Necesidades Educativas Especiais”; “Organización e Xestión do Centro Escolar”; “Traballo Fin de Grao”). O título do proxecto é

“**Desenvolvemento da educación emocional na infancia a través da creación de contos interactivos e audiovisuais**”. Cómpre salientar que os contos son unha excelente ferramenta educativa para a transmisión de saberes e valores, configurándose tamén como un importante recurso mediante o cal traballar cos mais cativos aspectos que atinxen á intelixencia emocional. Diversos estudos (Fernández Berrocal, 2021) evidencian a necesidade de inculcar dende a primeira infancia conceptos clave relacionados coa convivencia, a empatía, o respecto cara os demais, etc. Neste senso, a promoción dunha educación emocional temperá resulta esencial no desenvolvemento e socialización dos nenos e nenas, xa que os capacita para recoñecer os seus propios sentimentos e os alleos, e posibilita que sexan competentes na xestión das súas propias emocións nun clima de relacións humanas positivas. Polo tanto, cómpre deseñar accións educativas e materiais (adaptados á realidade tecnolóxica actual) que permitan o desenvolvemento dunha educación emocional entre os menores, e tamén contribuír a que o profesorado de infantil teña a oportunidade de autorreflexionar sobre a súa práctica educativa, analizando as súas propias concepcións, prácticas e emocións, de cara ao desenvolvemento dos procesos de mellora docente. Neste contexto xurde este proxecto de Aprendizaxe-Servizo, onde coa colaboración de diferentes centros educativos, o alumnado do Grao de Mestre/a de Educación Infantil elabora contos interactivos que teñen como obxectivo traballar as emocións entre os mais cativos. A valoración da actividade, tras realizar unha enquisa aos estudantes en diferentes dimensións, pódese dicir que foi altamente positiva.

- Na sesión expositiva da materia de TIC do Grao impartiuse un seminario o día 13 de marzo co título “**Building Young Minds: Exploring ICT in Early Childhood Education**”. Esta actividade estivo a cargo dunha docente invitada (a Dra Monica Turturean, da Universidade Stefan cel Mare en Romanía) dentro do programa de mobilidade Erasmus+.

### Segundo de Infantil

- En segundo curso tivo lugar, o 15 de marzo de 2024, a actividade con profesionais externos xa detallada en primeiro de Infantil e de Primaria, vencellada neste caso á materia “Escola inclusiva e necesidades educativas especiais”. Desenvolveuse unha **sesión sobre o acoso escolar** a cargo de Héctor Méndez, garda civil da Comandancia de Lugo e un dos responsables do Plan Director. A actividade foi valorada positivamente polo alumnado.

### Terceiro de Infantil

- Dentro da materia “Literatura Infantil e dramatización” tivo lugar o 1 de abril de 2024 unha **conferencia-coloquio** a cargo de Doris Paz (Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy”) co título “**Contos, libros e cantos. A mediación lectora na Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy**”. A actividade pretende que o estudantado da materia “Literatura Infantil e dramatización” (obrigatoria do Grao de Educación Infantil e do Dobre Grao en Educación Infantil e Primaria) poda achegarse á posta en práctica dos contidos traballados nas sesións expositivas e interactivas a partir dunha experiencia real en Educación infantil por parte dunha educadora experimentada. Algunhas das cuestións que pretenden ser tratadas son: como introducen a lectura de obras literarias nas súas aulas; que lugar teñen os libros no deseño do espazo; cales son os seus recursos á hora de ler/contar; como fan a selección de obras; que obras son as que máis recomentan, etc. Máis información: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/normalizacion-linguistica/eventos/conferencia-contos-libros-cantos>. A actividade abriuse a todo o alumnado da Facultade e intégrase nas iniciativas desenvolvidas na sección 4.3.

- Dentro da mesma materia desenvolveuse o 22 de abril outra **conferencia-coloquio** a cargo dunha persoa integrante da compañía de teatro infantil e familiar Caramuxo Teatro (<https://www.caramuxoteatro.com/>) e que ten un amplo catálogo de espectáculos para bebés e primeira infancia. O título da conferencia foi “**O teatro para a primeira infancia: a experiencia de Caramuxo Teatro**”. Tendo en conta a natureza da materia “Literatura Infantil e dramatización” (obrigatoria do Grao de Educación Infantil e do Dobre Grao en Educación Infantil e Primaria) e o feito de que o teatro para a infancia continúa a ser un grande descoñecido, esta acción pretende que o estudantado poda coñecer as características e recursos do teatro destinado a idades temperás. Isto é especialmente relevante para futuros docentes da etapa de infantil, dado o teatro constituír unha expresión artística globalizadora e altamente atractiva para as crianzas mais que simultaneamente é pouco traballada desde os títulos universitarios para a formación de mestras/es. Mediante esta actividade poderán coñecer diferentes técnicas teatrais, así como aproveitar a experiencia dunha persoa profesional deste ámbito.
- Neste curso desenvolveuse asimesmo a **conferencia “Campaña Mans Unidas 2024: o efecto ser humano”**, vencellada á materia de “Teoloxía católica e a súa pedagogía” e xa detallada nas actividades de terceiro curso de Primaria, ao tratarse dunha materia común aos dous Graos.

#### Cuarto de Infantil

- O 3 de novembro desenvolveuse unha actividade con profesionais externos vencellada á materia “Xogo infantil” (común a Infantil e Primaria), consistente nunha **conferencia titulada “O xogo popular galego”** impartida por Paco Veiga, autor de diversas obras relacionadas co xogo popular galego e integrante da Asociación do Xogo Popular e Tradicional (AGXPT). Nesta conferencia trasladou o valor do xogo popular galego como axente transmisor de cultura, á vez que presentou recursos para que o alumnado -futuras mestras e mestres- sexa quen de ensinar xogos populares nas aulas de educación infantil e educación primaria. Esta actividade levouse a cabo tamén co alumnado de cuarto de Primaria matriculado na materia, ao tratarse, como xa se mencionou, dunha materia optativa común aos dous Graos.
- Por outra banda, no cuarto curso de Infantil desenvolvéronse tamén a **actividade de campo** vencellada á materia “Educación en Contextos Rurais”, realizada o 22 de setembro de 2023, e a **charla con profesional externo sobre patoloxías vocais** do 6 de novembro vencellada á materia “Educación vocal para docentes”, ámbalas dúas xa detalladas na sección de cuarto de Primaria, en tanto que se trata de materias optativas xerais, e por tanto comúns aos Graos de Primaria e Infantil. Do mesmo xeito, o 29 de setembro levouse a cabo a **actividade de campo** vencellada ás materias “Deseño e elaboración de materiais didácticos” e “Identidade de xénero e educación”, tamén detallada xa nas actividades de cuarto de Primaria, que consistiu nunha **visita comentada pola exposición temporal «Educación, Xénero e Lectura» que acolleu o MUPEGA**
- Asimesmo, o alumnado deste curso tivo a oportunidade de participar na actividade transversal celebrada o 25 e 26 de outubro de 2023 a cargo da docente Anastasiia Ogneva, a **xornada denominada “Como facer un TFG/TFM en educación”**, centrada na elaboración dun TFG/TFM, con cinco charlas, dous obradoiros e unha mesa redonda. A actividade, que se publicitou a alumnado de cuarto dos dous Graos e do MPES, detállase na sección 4.2.



## Todos os cursos das titulacións

Na Facultade desenvolvéronse durante o curso 2023-2024 outros eventos transversais de interese para a formación do alumnado. Cómpre destacar os seguintes:

- **FORINNOVA LITE**

O 16 de outubro desenvolvéronse na Facultade, en horario de 8:45 a 19:35h, as [As I Xornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa \(Forinnova Lite\)](#), unha iniciativa gratuita promovida pola Facultade de Formación do Profesorado, así como polos Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da Universidade de Santiago de Compostela. Contouse co apoio organizativo de diversas institucións colaboradoras nacionais e internacionais, entre as que destacan como co-organizadoras a Universidad Nacional (Costa Rica) e a Escola Superior de Educaçao Paula Frassinetti (Portugal), que desenvolveron accións de consultoría e difusión do evento.

As Xornadas, que pretenderon ter un carácter eminentemente práctico, concebíronse como un espazo para a creación de ideas, o establecemento de sinerxías, o intercambio construtivo de opinións e, por suposto, como un foro para adquirir, mellorar e/ou ampliar competencias a través do coñecemento dos proxectos socioeducativos eTwinning baseados en metodoloxías activas, inclusivas e colaborativas. O detalle do programa con todas as actividades realizadas (mesas redondas, sesión de boas prácticas, obradoiros...) pode visualizarse dende a seguinte web: <https://forinnova-lite.grupomestura.net/programa/>.

As Xornadas Forinnova Lite estiveron en plena consonancia co entorno social e orientación do Campus Terra, así como aliñados co cuarto Obxectivo de Desenvolvemento Sostible, centrado nunha educación de calidade (aprobado pola ONU na Axenda 2030). Máis especificamente, contouse cun total de 14 relatores e especialistas (<https://forinnova-lite.grupomestura.net/relatores>) de máximo nivel, todos eles expertos e expertas en proxectos eTwinning, pertencentes a centros educativos con selos de calidade, embaixadores eTwinning, responsables de servizos de formación e innovación autonómicos e nacionais, e con gran experiencia; que afondaron nas mencionadas xornadas (con carácter práctico, formativo e investigador), en diversos aspectos como: que é eTwinning, cales son as características e oportunidades vinculadas a este proxecto europeo, de que xeito se pode crear un proxecto ou participar como socio, que requisitos supón a participación en eTwinning, que tipo de metodoloxías activas se desenvolven e como levalas a cabo, que exemplos de boas prácticas existen (ESPECIALMENTE NO QUE ATINXE AS VANTAXES PARA O DESENVOLVEMENTO DOS CENTROS EDUCATIVOS RURAIS) e cal foi o seu impacto a nivel educativo e social, en que medida eTwinning contribúe ao desenvolvemento da competencia profesional docente, cal é o poder transformador do programa no sistema educativo e na realidade do alumnado participante, como establecer sinerxias entre a Universidade e os centros educativos para desenvolver proxectos eTwinning con impacto positivo para a sociedade e a comunidade, etc.

Polo que respecta á participación, o número de inscritos PRESENCIAIS foi dun total de 142 persoas (cifra moi superior ás 100 persoas iniciais estimadas). Asemade, a estas 142 persoas hai que sumar 7 estudantes colaboradores que tamén asistiron ás xornadas, e tamén hai que contemplar a aquelas persoas do Comité Organizador, do Comité Científico e invitados que asistiron presencialmente. En total, estímase unha asistencia PRESENCIAL arredor de **170 persoas**. Por outra banda, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de 34 persoas de diferentes zonas de España e doutros países como Portugal, Colombia, etc.

O perfil dos asistentes (presenciais e virtuais) foi o esperado, a saber:

- Alumnado do Grao de Mestre/a en Educación Infantil

- Alumnado de Grao de Mestre/a en Educación Primaria
- Alumnado de Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria
- Alumnado de programas de Doutoramento en Educación
- Profesorado universitario de formación do profesorado e ciencias da educación
- Profesorado de etapas educativas non universitarias

#### • CHARLA SOBRE PATOLOXÍAS VOCAIS NA DOCENCIA

Como xa se mencionou anteriormente, o día 6 de novembro desenvolveuse a charla “Patoloxías vocais na docencia”, impartida polo logopeda David Posada, especialmente dirixida ao alumnado da materia “Educación vocal para docentes” (cuarto curso), pero que se publicitou a todo o alumnado dos Graos de Educación Infantil e Primaria, e na que se fixo un achegamento ás patoloxías da voz e á hixiene vocal.

#### • SEMINARIOS E CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR PROFESORADO INVITADO NO PROGRAMA ERASMUS+

Durante este curso académico celebráronse **seminarios e conferencias impartidas por docentes invitados dentro do programa de mobilidade Erasmus+**. Dese xeito, o profesor Francisco José Rodrigues Sousa, da Facultade de Ciéncias Sociais e Humanas da Universidade das Ações (Portugal) visitou a nosa facultade entre o 27 de novembro e o 1 de decembro, impartindo seminarios sobre deseño de ambientes virtuais de aprendizaxe, política curricular (con especial incidencia en cuestións de relevancia do currículo), e política curricular nunha perspectiva internacional. Asimesmo, a Dra Monica Turturean, da Universidade Stefan cel Mare (Romanía) estivo na facultade entre o 11 e o 15 de marzo impartindo seminarios sobre psicoloxía da educación, adicións a internet e ciberacoso nos dous Graos e no MPES. Nalgúns casos as actividades tiveron lugar en materias concretas do Grao de Primaria ou Infantil, e noutros invitouse a participar a alumnado e profesorado de toda a Facultade, como na conferencia sobre ciberacoso prevista para o 14 de marzo a cargo da Dra Monica Turturean.

#### • SEMINARIO “HISTORICAL CONSCIOUSNESS”

O 25 de abril tivo lugar un **seminario a cargo do profesor Nick Mead, da Oxford Brookes University**, no salón de Actos da Facultade e dirixida a todo o alumnado e profesorado, co título *Historical consciousness and the development of a values-based Gramscian dialectic within current neo-liberal narratives of teacher education*/A conciencia histórica e o desenvolvemento dunha dialéctica Gramsciana baseada en valores dentro das narrativas neoliberais actuais na formación docente.

A valoración xeral das actividades desenvolvidas dentro da Liña 3 é positiva. Trátase de actividades útiles, que contan no seu conxunto cun alto grao de implicación do alumnado e que complementan a formación recibida na aula. Por outra banda, o propio alumnado manifesta a necesidade deste tipo de actividades, que despertan o seu interese, os motivan e promoven a reflexión sobre a práctica docente. Resulta, polo tanto, moi aconsellable continuar fomentando iniciativas nesta liña, mantendo e, de ser posible, ampliando as actividades que se realizan.

**LIÑA 4: ACTIVIDADES****4.1. CURSO DE COMPETENCIAS INFORMACIONAIS (NIVEL BÁSICO: PRIMEIRO CURSO; NIVEL AVANZADO: CUARTO CURSO)**

A Biblioteca da Facultade organiza e imparte dous cursos de competencias en información, un de nivel básico para o alumnado de primeiro de Primaria, Infantil e Dobre Grao, e outro de nivel avanzado para o alumnado de cuarto de Primaria, Infantil e Dobre Grao. Estes cursos contribúen ao desenvolvemento de competencias transversais do alumnado polo que respecta á busca e citación de información e á realización de traballos académicos, e son especialmente útiles para a realización do TFG. Entre os seus obxectivos destacan:

- Recoñecer a importancia das competencias dixitais e xestionar o tempo de estudo.
- Coñecer os recursos de información e servizos da BUSC e recursos TIC da USC.
- Coñecer, buscar e avaliar fontes de información e recursos.
- Axudar na realización dun TFG mediante o uso de metodoloxía científica e o uso ético da información.
- Comprender a propiedade intelectual.

A información sobre a posta en marcha dos cursos publicitouse por medio do Campus Virtual, e docentes de primeiro curso cederon uns minutos das súas sesións para que o Director da Biblioteca fixese unha presentación dos mesmos nas aulas. O curso básico de primeiro desenvolveuse no primeiro semestre (outubro 2023) e contou con datos de matrícula similares aos do curso anterior:

**Táboa 1. Comparativa de matrícula e aptos no curso básico de competencias informacionais nos cursos 22-23 e 23-24**

	<b>MATRÍCULA 22-23</b>	<b>APTOS 22-23</b>	<b>MATRÍCULA 23-24</b>	<b>APTOS 23-24</b>
INFANTIL	53	41	45	36
PRIMARIA	76	51	75	62
DOBRE GRAO	19	15	16	16
<b>TOTAIS</b>	<b>148</b>	<b>107</b>	<b>136</b>	<b>114</b>

O curso avanzado desenvolveuse tamén no primeiro semestre (novembro 2023) pero, do mesmo xeito que no curso anterior, cunha cifra xeral máis baixa de matriculados e aptos que no curso básico, malia que a matrícula aumentou considerablemente no Dobre Grao:

**Táboa 2. Comparativa de matrícula e aptos no curso avanzado de competencias informacionais nos cursos 22-23 e 23-24**

	<b>MATRÍCULA 22-23</b>	<b>APTOS 22-23</b>	<b>MATRÍCULA 23-24</b>	<b>APTOS 23-24</b>
INFANTIL	29	9	20	12
PRIMARIA	16	9	18	4
DOBRE GRAO	6	4	16	9
<b>TOTAIS</b>	<b>51</b>	<b>22</b>	<b>54</b>	<b>25</b>

Con respecto á diferenza nos datos de matrícula entre os cursos, cómpre ter en conta que o alumnado xa recibe unha formación básica importante no curso que ten lugar en primeiro, e ademais conta co asesoramento do profesorado titor do TFG e tamén coa información e recursos complementarios que proporcionan outros servizos da universidade, tales como a Biblioteca Universitaria ou o Servizo de Normalización Lingüística.

Tendo en conta a súa importancia para orientar e formar ao alumnado na realización de traballos académicos, e polo tanto para a súa formación en competencias transversais, propónse manter estas accións formativas.

#### **4.2. XORNADA FORMATIVA: “COMO FACER UN TFG /TFM EN EDUCACIÓN” (CUARTO CURSO)**

No mes de outubro de 2023 publicitouse ao alumnado de cuarto curso dos Graos a xornada formativa “Como facer un TFG/TFM en Educación”, celebrada na FFP os días 25 e 26 de outubro, co programa de actividades que se detalla na seguinte imaxe:

Figura 2. Cartel informativo da actividade “Como facer un TFG /TFM en educación”

## COMO FACER UN TFG/TFM EN EDUCACIÓN

Nestas xornadas terás a oportunidade de coñecer aspectos a ter en conta na realización dun TFG/TFM da man de docentes, persoal investigador e antigos alumnos e alumnas de ciencias da educación.



### PROGRAMA FORMATIVO

**25** mércores  
outubro

**10:30-11:30** **Relatorio:** O TFG/TFM e a investigación educativa. Que é e por que importa aos mestres e mestras?  
Relatoría: Carolina Rodríguez-Llorente (USC)

**12:00-13:00** **Relatorio:** Elabora o teu TFG/TFM a partir dunha revisión sistemática da literatura.  
Relatoría: Anastasia Góñez (USC)

**16:00-17:15** **Obradoiro:** Conoce os TFG/TFM das tuas compañeiras.  
Relatorías: Cristina Carballa Gómez, Carla Fernández Rubio, Gloria Quisán Fernández, Verónica Pardo Ladeira e Alba Puertas Barriada

**17:30-18:30** **Mesa redonda:** Intercambio de experiencias, crenzas e inquedanzas sobre a realización do TFG/TFM.  
Relatorías: Cristina Carballa Gómez, Carla Fernández Rubio, Gloria Quisán Fernández, Verónica Pardo Ladeira e Alba Puertas Barriada

**26** xoves  
outubro

**10:30-11:30** **Relatorio:** O TFG/TFM e as metodoloxías de investigación.  
Relatoría: Carolina Rodríguez-Llorente (USC)

**12:00-13:00** **Obradoiro:** As situacións de aprendizaxe no marco do TFG: guía para o seu desenvolvemento.  
Relatoría: Rozalía García Pedreira (USC)

**16:00-17:15** **Relatorio:** Como redactar o teu TFG/TFM. A redacción académica.  
Relatoría: Ana Varela Suárez (UVigo)

**17:30-18:30** **Relatorio:** A presentación do TFG/TFM. Consellos prácticos.  
Relatoría: M<sup>a</sup> Helena Agrafojo Nieto (USC)

**LUGAR DE CELEBRACIÓN**  
Facultade de Formación do Profesorado  
Avda. de Ramón Ferreiro, s/n. 27002 Lugo  
\*Notifícase a localización exacta aos participantes por correo electrónico

**ORIENTADO A:**  
Alumnado de grao e mástrado da Facultade de Formación do Profesorado

**CERTIFICADO:**  
Emitirase de ter asistido a un mínimo de tres actividades

**INSCRIPCIÓN:**  
De balde  
Antes do 20 de outubro de 2023



**MÁIS INFORMACIÓN:**  
[formacion@formacion.usc.es](mailto:formacion@formacion.usc.es)  
[formacion.usc@formacion.usc.es](mailto:formacion.usc@formacion.usc.es)

Esta actividade foi realizada coa axuda para a realización de actividades de verán 2023 da USC dende o Campus de Lugo (financiada pola Deputación Provincial de Lugo ao amparo do Convenio canalizador da subvención directa nominativa para a realización da actividade, Convenio interadministrativo, anualidade 2023).



Despois de levar a cabo a xornada, pasouse unha enquisa de satisfacción ao alumnado. A valoración xeral foi positiva. Antes da xornada, o alumnado valoraba os seus coñecementos sobre a realización do TFG cun 3,6 sobre 10, mentres que despois da xornada a valoración aumentou até un 7,3 sobre 10. A actividade considérase de interese para alumnado de Graos e Mestrados, e valórase positivamente a súa continuidade.

#### 4.3. PROXECTO COMPETENTES (TODOS OS CURSOS)

No curso 2019-20 púxose en marcha este proxecto trala súa pilotaxe no curso 2016-17. O Proxecto CompetenteS persegue promover o bilingüismo nos Graos e Mestre/a de Educación Infantil e Primaria, desenvolvendo e avaliando as competencias lingüísticas do alumnado en lingua galega e castelá nas diferenes materias adscritas ao programa. Trátase polo tanto dunha iniciativa interdisciplinar que contribúe á formación do alumnado en canto a competencias transversais. O proxecto continúa a ter unha boa acollida e implicación por parte do profesorado, mellorando as cifras do curso anterior e contando no curso 2023-24 con 93 materias participantes (84 no curso 22-23). Dese xeito, participaron 25 materias en Infantil, 27 en Primaria e 41 no Dobre Grao). A distribución de materias en función do perfil lingüístico foi a seguinte: 74 en galego (21+20+33; 79,5% do total de materias de CompetenteS; en 5 destas materias só hai participación parcial, isto é, faíno unha/un dos docentes da materia, pero non o resto), 13 en castelán (3+4+6; 14% do total de materias de CompetenteS), e 6 mixtas galego-castelán (1+3+2; 6,5% do total de materias de CompetenteS).

Co fin de obter datos concretos sobre o desenvolvemento das competencias lingüísticas en galego e en castelán por parte do alumnado ao longo dos catro anos da súa formación na Facultade, durante os días 15 e 16 de maio do curso 22-23 puxéronse en marcha unha batería de probas en galego e castelán dirixidas ao alumnado dos últimos cursos dos Graos, que foron publicitadas mediante o foro de novas do Campus Virtual e para as cales se solicitou a colaboración do alumnado. Participou aproximadamente a metade do alumnado convocado, e os resultados das probas estanse a analizar.

A iniciativa e a súa continuidade están plenamente xustificadas tendo en conta as actuais competencias lingüísticas do noso alumnado cando ingresa na Facultade (escoita comprensiva, lectura comprensiva, escrita e oralidade): en xeral, tanto a nivel oral e escrito, pode considerarse moi mellorable a expresión tanto en galego como en castelán, pero nos últimos cursos vense detectando por parte do profesorado unha merma moi significativa da competencia de expresión oral en galego, que se pon de manifesto cunha porcentaxe cada ano máis alta de alumnado que non é capaz verdadeiramente de comunicarse oralmente en galego con fluidez. Na Comisión de Normalización Lingüística abordouse o tema deste descenso na competencia do galego falado, que ademais corroboran os informes, estremadamente preocupantes, que tanto a RAG como o Consello da Cultura Galega publicaron no 2021 sobre a lingua galega e a mocidade galega da actualidade.

#### 4.4. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (CNL) DA FACULTADE (TODOS OS CURSOS)

A Comisión de Normalización Lingüística da facultade, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística, organizou no curso 2021-22, o 29 de marzo e o 5 de abril, o "Obradoiro de apoderamento lingüístico" co obxectivo principal de promover a responsabilidade na normalización social do galego como parte do ámbito competencial dos mestres e mestras.

(<https://www.usc.gal/gl/servizos/snl/dinamizacion/apoderamento.html>). No curso 22-23 o obradoiro non se levou a cabo por motivos económicos, e no curso 23-24 a CNL presentou outros **tres proxectos para optar ás axudas que ofrece o Servizo de Normalización Lingüística, e que foron aceptados e financiados**, concretamente dúas conferencias desenvolvidas en terceiro curso de Infantil e a actividade “Toromelos” realizada en primeiro curso de Primaria, todas elas detalladas na liña 3. No mes de abril enviouse asimesmo información a través das aulas virtuais de coordinación da convocatoria da segunda edición do **concurso “Vémolo Nós”**, un concurso de vídeos aberto toda a comunidade da USC, que reparte máis de 5.000 euros en premios, e que busca promover o emprego do vídeo curto (ata 5 minutos) como ferramenta divulgativa, tanto do coñecemento científico como da propia Universidade, así como o emprego do galego como a lingua de uso neste tipo de ferramentas. As tres categorías do concurso ("Divulgación do coñecemento", "Descubrinto a USC" e "Protagonista: o galego") permiten un abano moi amplo de enfoques e perspectivas.

Estas actividades considéranse unha iniciativa de interese, na medida en que fornecen competencias centrais e tamén transversais dos títulos, especialmente de carácter lingüístico, polo que se recomenda a súa continuidade se as circunstancias o permiten.

#### 4.4. CURSO DE HABILIDADES COMUNICATIVAS (CUARTO CURSO /TODOS OS CURSOS)

Ao inicio dos dous semestres do curso, o Servizo de Normalización Lingüística abre a convocatoria desta actividade formativa que está estruturada en tres módulos, os cales abordan a redacción científica, falar en público e como desenvolver presentacións dixitais eficientes (a primeira convocatoria desenvólvese no primeiro semestre, nos meses de setembro a novembro, e a segunda entre febreiro e abril).

Os módulos poden cursarse de xeito independente. Cada un deles consta de 25 horas e será recoñecido con 1 ECTS por competencias transversais (lingua) para todas as titulacións. No curso 2023-24 impartíronse por medio de teledocencia na plataforma corporativa Teams. As coordinacións de título informaron ao alumnado de todos os cursos desta iniciativa, dado o interese destes módulos para a formación do alumnado na defensa de traballos académicos, especialmente no seu derradeiro curso.

A publicidade deste tipo de iniciativas desenvolvidas por distintos servizos da USC considérase importante para animar ao alumnado a perfeccionar as súas competencias transversais, polo que se recomenda a súa continuidade.

#### 4.5. CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUAS: CLM E OUTROS

Ao inicio do curso 23-24, o alumnado foi informado dende as coordinacións de título a través do foro de novas do Campus Virtual dos prazos para a inscrición nas probas oficiais para a obtención dos certificados Celga 2, 3 e 4 de lingua galega. Asimesmo, remitiuse información das actividades desenvolvidas polo Centro de Linguas Modernas da USC, que organiza cursos de linguas e exames de certificación de nivel, ambos útiles, entre outras cuestións, para mellorar o perfil profesional do alumnado, desenvolver competencias transversais (coñecemento de linguas estranxeiras) e ter acceso a programas de mobilidade participando en estadias Erasmus en centros que teñen convenios coa Facultade.

#### 4.6. OUTRAS ACTIVIDADES

No mes de maio informouse ao alumnado dos Graos mediante as aulas virtuais de coordinación da apertura da convocatoria dos **premios á Calidade Lingüística da USC**, dirixidos tanto a TFG como a traballos académicos das materias dos cursos elaborados en idioma galego.

Tendo en conta a utilidade das actividades desenvolvidas na Liña 4 para a formación transversal do alumnado, considérase oportuno continuar proporcionando información e publicitando este tipo de iniciativas.



### 3. SECCIÓN 2: MESTRADOS

#### Liñas de actuación:

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras.
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, as destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

#### LIÑA 1: ACTIVIDADES

##### 1.1. MPES e MDAEN: Xornadas de benvida

Ao comezo do curso 23-24 desenvóléronse nos dous Mestrados cadansúas xornadas de benvida para o alumnado. No caso do MPES, o xoves día 14 de setembro ás 16:00 horas tivo lugar, no salón de actos da Facultade o acto de inauguración do Mestrado, presidido pola Decana da Facultade, e no que participou cunha charla magistral o profesor Xoan Carlos Rodríguez García, Xefe de Estudos, Coordinador “Erasmus+” e Coordinador STEMBach no IES LUCUS AGUSTI . No MDAEN, a acollida dos estudantes faise mediante unha sesión de presentación o primeiro día, nun acto oficial no que se presenta o centro e as súas instalacións, así como os obxectivos do Mestrado e a tipoloxía de actividades que se van desenvolver. Nunha segunda parte un dos profesores do Mestrado imparte unha conferencia e logo todos os estudantes se reúnen co coordinador e unha parte do profesorado que quere asistir para facer as presentacións e darlles informacións sobre as características e desenvolvemento do título. Esta sesión no curso 2022-23 tivo lugar o 16 de setembro de 2022. Nese acto de presentación tivo lugar unha conferencia a cargo da docente Beatriz Fernández Herrero, titular da “Elas me ensinaron”.

#### LIÑA 2: ACTIVIDADES

Do mesmo xeito que nos graos, no mes de febreiro anunciouse ao alumnado dos dous Mestrados a apertura da **convocatoria de bolsas da USC para a iniciación á investigación**, e enviouse información sobre a celebración, o 3 de maio, do **acto de investidura como Honoris Causa do profesor Francesco Tonucci**. Publicitáronse asimismo ao longo do curso as seguintes actividades:

## MPES

### *Xornada Hackathon Lugo*

No mes de novembro enviouse información ao alumnado sobre unha actividade celebrada o 23 de novembro e recoñecida cun crédito ECTS. [Senior Innovation Lab](#) é unha experiencia educativa que se leva desenvolvendo os tres últimos cursos na Universidade de Santiago de Compostela para promocionar as capacidades de [#emprendemento](#) e [#innovacion](#) arredor da [#lonxevidade](#) da nosa poboación, xerando novas ideas que dan resposta aos retos deste sector, incluíndo as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías: IA, ML, robótica, Blockchain, etc.

## MPES

### *Invitación á participación no proxecto ALL WE are STEAM*

No mes de marzo o alumnado foi informado sobre o proxecto **All WE are STEAM**. Trátase dun proxecto que busca contribuír á igualdade entre home e mulleres a través de experiencias de aprendizaxe que eliminen estereotipos na aula no ámbito científico. Os obxectivos deste proxecto son:

- Xerar recursos coeducativos que faciliten o proceso de aprendizaxe cooperativa respectando a diversidade e a igualdade, especialmente a de xénero.
- Visibilizar o talento feminino no ámbito amplo das ciencias, propoñendo desafíos STEAM que sensibilicen á comunidade educativa na necesidade de desenvolver a competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Aumentar as vocacións científicas e tecnolóxicas, a través da participación en actividades que busquen a aplicación do coñecemento científico á vida cotiá.

A actividade á que o alumnado foi convidado a participar é o II Certame de RETOS WE. Os RETOS WE son desafíos que pretenden desenvolver as competencias STEAM e abarcan diferentes temas relacionados coa vida diaria do alumnado de diferentes niveis educativos, vendo a utilidade dos contidos traballados de maneira contextualizada en situacións da vida real. Cada reto conta cunha guía docente con orientacións metodolóxicas e unha ficha con toda a información necesaria para desenvolvelo. Pódese participar nun ou en varios retos. Ligazóns con información sobre o proxecto e o II Certame de RETOS WE:

<https://ingenieraszamora.usal.es/all-we-are-steam-retos-2024/>

<https://ingenieraszamora.usal.es/all-we-are-steam-retos-2024/retos-we-2024/>

## MDAEN

### *Retorna ao Rural con Campus Terra*

No mes de febreiro enviouse convocatoria para realización de prácticas extracurriculares remuneradas (Retorna ao Rural con Campus Terra).

## MPES e MDAEN

Finalmente, do mesmo xeito que nos Graos, informouse nos dous Mestrados da celebración, os martes 23 e 30 de abril (de 10 h. a 12 h.) e os luns 6 e 13 de maio (de 16 h. a 18 h.), do **OBRADOIRO DE PERCUSIÓN TRADICIONAL** na FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO, impartido por Ana Belén Fernández García (máis información na sección 2.1 dos Graos).

## LIÑA 3: ACTIVIDADES

## MPES

### *Conferencia con profesional externo: "Intelixencia Artificial e Educación"*

O 2 de outubro de 2023 tivo lugar unha charla con profesional externo organizada polas Facultades de Formación do Profesorado (Lugo) e Ciencias da Educación(Santiago), dirixida ao

alumnado do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, á que asistiron ao redor de 30 persoas:

Programa:

1. Definición de IA e conceptos relacionados.
2. Historia e aplicacións da IA.
3. Aplicacións basadas na IA para a práctica docente: que esperan os docentes da IA? que ofrece na actualidade a IA no ámbito docente? retos e desafíos da IA para acadar os ODS.
4. Aspectos éticos na aplicación da IA.
5. Obradoiro práctico (30').

Ponente: Prof. Sonia Valladares Rodríguez, profesora no Grao en Robótica da Universidade de Santiago de Compostela.

Data: 2 de outubro de 2023

Hora: 10:00h

Duración: 2h.

Destinatarios: alumnado e profesorado do Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

Modalidade: Online MS Teams.

Ligazón da charla: [https://teams.microsoft.com/l/meetup-join/19%3ameeting\\_MjgzNTRlNDgtYzNiZi00NWRkLTk1NjQtNDQ1NTBiZDU3MGVi%40thread.v2/0?context=%7b%22Tid%22%3a%228f0d452c-b7a4-4964-b810-8c397374477b%22%2c%22Oid%22%3a%2221baa7a1-eb1d-411b-b59e-443c28a9b5c8%22%7d](https://teams.microsoft.com/l/meetup-join/19%3ameeting_MjgzNTRlNDgtYzNiZi00NWRkLTk1NjQtNDQ1NTBiZDU3MGVi%40thread.v2/0?context=%7b%22Tid%22%3a%228f0d452c-b7a4-4964-b810-8c397374477b%22%2c%22Oid%22%3a%2221baa7a1-eb1d-411b-b59e-443c28a9b5c8%22%7d)

## MPES

### *Seminario sobre adiccións a internet*

Dentro das actividades desenvolvidas pola docente invitada no Programa Erasmus+ (Dra Monica Turtorean) inclúese un seminario impartido o día 13 de marzo ao alumnado do Mestrado da especialidade de FP, co título “Internet Addiction in Adolescents and Young Adults: Implications for Vocational Training and Educational Practices”

## MPES e MDAEN

### *Conferencia plenaria sobre ciberacoso*

No mes de marzo informouse ao alumnado dos Mestrados da celebración da conferencia plenaria sobre o ciberacoso xa comentada no apartado dos Graos, a cargo dunha docente invitada dentro do programa Erasmus+ (a Doutora Monica Turtorean, da Universidade Stefan cel Mare en Suceava, Romanía).

## MPES e MDAEN

### *Seminario “Historical Consciousness”*

Do mesmo xeito que nos graos, informouse ao alumnado da celebración, o 25 de abril, do seminario a cargo do profesor Nick Mead, da Oxford Brookes University, co título *Historical consciousness and the development of a values-based Gramscian dialectic within current neo-liberal narratives of teacher education*/A conciencia histórica e o desenvolvemento dunha dialéctica Gramsciana baseada en valores dentro das narrativas neoliberais actuais na formación docente.

## MDAEN

### *Saídas formativas (prácticas de campo)*

No MDAEN desenvóléronse as seguintes prácticas de campo:

Táboa 3. MDAEN: Prácticas de campo 23-24

DESTINO	DOCENTE/S RESPONSABLE/S	DATA DE REALIZACIÓN
Lugo-Cangas do Morrazo-Donón-Lugo	Miguel Cons	29/09/2023
Lugo-Barbanza- Lugo	Miguel Cons	20/10/2023
Lugo-Lago das Pontes-Castelo San Felipe (Ferrol)-Cabo Prior-Club Náutico de Ares- Lugo	Miguel Cons	27/10/2023
Lugo-Ponte Vilar-Rábade- Penas de Rodas- Lugo	Laura García Docampo	16/10/2023
Lugo-Quindós(Cervantes)- Lugo	Laura García Docampo	29/11/2023
Lugo- Pantón (Casa da Fonte)- Belesar- Lugo	Laura García Docampo	09/11/2023
Lugo-Castro de Rei- Cospeito-Lugo	Ana Cabana	07/11/2023
Lugo-Ribeira-P.N. Corrubedo-Castro de Baroña- Noia-Lugo	Pablo Ramil/F. Lestegás	09/10/2023
Lugo-Mazo de Santa Comba- Lugo	M.A.R Guitián	23/09/2023
Lugo-Rábade-Cospeito-Castro de Rei- Lugo	M.A.R Guitián	24/09/2023
Lugo-O Cebreiro- Alto de San Roque - Lugo	M.A.R Guitián	25/09/2023
Lugo- A Pontenova-Viavélez- Lugo	A. Merino/F. Lestegás	31/10/2023
Lugo- Guitiriz	Salvador Cidrás /Vicente Blanco	22/11/2023
Lugo – A Fonsagrada	Laura García Docampo	do 15/02/2024 ao 17/02/2024
Lugo – Mondoñedo	Laura García Docampo	29/02/2024
Lugo - Serra do Xistral	Oscar Chao Penabad	02/02/2024
Lugo - Parque Eólico de Sotavento (Xermade) - Lugo	Virginia Aznar	08/02/2024
Lugo - Terras do Mandeo (Área Natural de Chelo) e Betanzos	Miguel Cons / Virginia Aznar	01/03/2024

**MDAEN***Conferencias con profesionais externos*

No MDAEN desenvóléronse as seguintes conferencias a cargo de profesionais externos:

Título: "Introdución ao Coaching Ontolóxico"

Ponente: Juan Manuel Tejeda Alonso

Data: 11 de outubro de 2023

Título: "As asociacións de custodia do territorio"

Ponente: Asociación Galega de Custodia do Territorio

Data: 16 de outubro de 2023

Título: "Natureza e ruínas industriais"

Ponente: Asociación Illa dos Ratos

Data: 20 de outubro de 2023

Título: "A natureza educadora"

Ponente: Bibiana Marful Castañal

Data: 3 de novembro de 2023

Título: "O fenómeno da colonización na Terra Chá"

Ponente: Zaida Villanueva García.

Data: 7 de novembro de 2023

Título: “Pintar a natureza”  
Ponente: Mariana Roura Sánchez.  
Data: 22 de novembro de 2023

Asimesmo, na visita á comarca de Ferrol Terra, Lago das Pontes, Castelo de San Felipe (Ares) do alumnado do Mestrado DAEN, impartíuse a Conferencia “Las Instalaciones náutico-deportivas en los pueblos costeros”, a cargo, igualmente, dun profesional externo.

#### LIÑA 4: ACTIVIDADES

##### MPES

###### *Xornada formativa “Como facer o TFG e o TFM en Educación”*

No mes de outubro publicitouse tamén ao alumnado dos Mestrados a xornada formativa “Como facer o TFG e o TFM en Educación”, celebrada na FFP os días 25 e 26 de outubro. Os detalles sobre esta actividade proporciónanse na liña 4 da sección dedicada aos Graos.

##### MPES

###### *Curso de competencias en información na contorna dixital (orientación e apoio para a elaboración de TFM)*

No mes de febreiro, o alumnado foi informado da realización dunha acción formativa sobre **XESTIÓN DA INFORMACIÓN CARA A ELABORACIÓN DO TFM. BUSCA E CITACIÓN**, que tería lugar o día 20 de febreiro de 2024, en horario de 10:00 a 12:00 horas. Dita acción foi impartida por César Gómez, Director da biblioteca da Facultade de Formación de Profesorado de Lugo, e destinada ao alumnado do Mestrado de Secundaria do Campus de Lugo e ao do Campus de Santiago.

###### CONTIDOS:

1. Fontes de información científica:
  - 1.1 Catálogos de Biblioteca: Iacobus (USC)
  - 1.2 Bases de datos: xeneralistas (Dialnet, WOS, Scopus) e especializadas (Redined, ERIC)
  - 1.3 Portais de revistas científicas (Wiley..)
  - 1.4 Buscadores académicos (Google Scholar / Académico)
2. Citación bibliográfica en APA (7ª ED.):
  - 2.1 Cando debemos citar.
  - 2.2 Aclarando conceptos: cita, referencia bibliográfica e bibliografía.
  - 2.3 Normas APA (7ª ED.).
  - 2.4 Xestores bibliográficos.

##### MPES e MDAEN

###### *Premios á calidade lingüística*

Do mesmo xeito que nos Graos, nos dous Mestrados informouse ao alumnado no mes de maio da convocatoria de **premios á calidade lingüística da USC**, posto que tamén se aplica a TFM elaborados en galego.

No caso dos Mestrados, e de xeito xeral, considérase que as iniciativas desenvolvidas nas diferentes liñas son adecuadas para a formación do alumnado, polo que se recomenda continuar e, de ser posible, incrementar este tipo de actividades.

O presente informe, elaborado polos responsables académicos dos títulos cos datos aportados por membros das súas respectivas Comisións de Título, e coa colaboración da Responsable de Calidade da Facultade, será obxecto de análise por parte da Comisión de Calidade, que revisará e valorará a eficacia do Plan e concretará, de habelas, as accións de mellora pertinentes, as cales figurarán no Plan de Melloras da Memoria de Calidade do curso 2023-2024. Para a proposta de accións deberanse ter en conta as incidencias presentadas polos diferentes grupos de interese a través do proceso *PS-05 Xestión de incidencias (SQR)*, os resultados das enquisas de satisfacción que recollan cuestións relativas a este proceso, e as recomendacións emanadas do ciclo VSMA das titulacións (verificación, seguimento, modificación, acreditación) que teñan que ver con este eido.

Lugo, 9 de xullo de 2024



**Alba María Souto Seijo**  
Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Infantil



**María Campos Magdaleno**  
Coordinadora do Título de Grao en Mestre/a de Ed. Primaria



**Carmen Sarceda Gorgoso**  
Coordinadora do Título de Mestrado en Dirección de Actividades Educativas na Natureza



**Carlos Dosil Díaz**  
Coordinador do Título de Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas



**Paula López Rúa**  
Responsable de Calidade do Centro

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/02/2025 17:35:47.

**Asinante/Firmante/Signer:** VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/02/2025 11:40:46.

**CSV:** 5E3E-FEC2-4C5C-8D63